

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION ORDINARIA DO 30 DE OUTUBRO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e doce minutos do día trinta de outubro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez (con retraso), Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. No asiste o Sr. Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (183).-ACTA ANTERIOR (S. ORDINARIA 27.07.06)

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27 de xullo de 2006

2.- (184).-PROPOSTA DE CAMBIO DE REPRESENTANTE VECIÑAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Mediante escritos de data 10 de outubro de 2006, o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, propón as seguintes substitucións no Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios:

Vocais corporativos: dona Lucía Molares Pérez e don José Manuel Iglesias Carrera substituiranse por don Carlos Comesaña Abalde e dona María Soledad Polo Lima.

Vocais veciños: dona Marina Tomé Lorenzo substitúese por don Claudio Cebreiro Fernández.

(No momento da votación non estaba presente o señor Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Substituir a dona Lucía Molares Pérez e don José Manuel Iglesias Carrera como vocais na Xunta Rectora do Organismo Autónomo Municipal Escola de Artes e Oficios por don Carlos Comesaña Abalde e dona María Soledad Polo Lima.

Segundo.- Substituir a dona Marina Tomé Lorenzo como vocal veciño na Xunta Rectora do Organismo Autónomo Municipal Escola de Artes e Oficios, por don Claudio Cebreiro Fernández con DNI 35.877.788-L.

3.-(185).- PROPOSTA DE CAMBIO DE REPRESENTANTES VECIÑAIS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE NATURAL DAS CIENCIAS VIGOZOO.

ANTECEDENTES.- Mediante escritos de data 10 de outubro de 2006, o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, propón as seguintes substitucións no Organismo Autónomo Municipal Parque Natural das Ciencias vigozoo:

Vocais corporativos: Don José Manuel Iglesias Carrera substituirase por don Carlos Comesaña Abalde.

Vocal veciñal: Dona Marina Tomé Lorenzo e dona Pilar Fernández Cid-Ramos substitúense por don Javier González Sagarra, con DNI 02.892.582.X e don Abdón Comesaña Rodríguez, con DNI 35.927.365-P.

(No momento da votación non estaba presente o señor Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Substituir a don José Manuel Iglesias Carrera como vocal no consello de administración do Organismo Autónomo Municipal Parque Natural das Ciencias Vigozoo, por don Carlos Comesaña Abalde.

Segundo.- Substituir a dona Marina Tomé Lorenzo e dona Pilar Fernández Cid-Ramos como vocais veciñais no Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque Natural das Ciencias Vigozoo, por don Javier González Sagarra, con DNI 02.892.582-X e don Abdón Comesaña Rodríguez, con DNI 35.927.365-P.

4.-(186).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 23 DE OUTUBRO DE 2006 DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 23 de outubro de 2006, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

“De conformidade co sinalados nos artigos 124.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Pola miña delegación ós distintos Concelleiros Delegados na resolución desta Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2004 exercerán as seguintes atribucións:

A sinatura de calquera documento de trámite, solicitudes, informes, comunicacións, xustificacións, propostas de resolución ou outros de natureza similar referidos ós expedientes que se instrúan nas respectivas áreas incluíndo a orde e o visto e prace das certificacións que se dirixan a autoridades, organismos públicos ou cidadáns nas materias das respectivas áreas e inclusive os documentos que requiran a representación legal do concello.

Segundo.- Sen prexuízo da anterior delegación e co obxecto de concretar determinadas funcións, deléganse no primeiro tenente de Alcalde as seguintes atribucións:

- Orde e visto e prace das certificacións dos acordos adoptados polo Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Calquera resolución que deba adoptarse en virtude da superior dirección do persoal ó servizo da Administración municipal que non foran delegadas ó Concelleiro da Área na miña resolución do 2 de xaneiro de 2004, tales como a sinatura da toma de posesión, sinatura de contratos, recoñecemento de antigüidade, gratificacións, autorización da realización de horas extras e outras de carácter similar.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todos os Concelleiros afectados.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que se quede enterado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal."

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Moitas gracias por esta quenda de palabra na que queremos deixar clara a posición do Grupo municipal Socialista sobre a decisión da que se nos dá conta.

En primeiro lugar porque esa decisión demostra que as críticas vertidas polo noso grupo á decisión de trasladar a Alcaldía ó antigo edificio do Rectorado do Areal estaban máis que xustificadas. É evidente que vostede non pode simultanear ou atender axeitadamente o traballo como presidenta da

S.Ordinaria 30.10.06

Corporación, co traballo de representación institucional que parece que é ó que se vai reducir a nova sede que está na rúa Areal.

Non queremos unha alcaldesa ornamental, Sra. Porro, non queremos un lugar pensado só para protocolo. Ser alcaldesa significa xestionar, levar as rendas do Goberno e tamén do funcionariado municipal.

Baixo o noso punto de vista o gasto excesivo que ata o de agora se ten adicado a esta nova sede só para a Alcaldía, máis de dous millóns de euros, e a falla de correspondencia co que se ten adicado a mellorar as instalacións nas que traballan case mil funcionarios, parécenos un desaxuste absolutamente inxustificado.

Logo das reiteradas solicitudes de máis atención para seguridade na cidade, gustariame que tamén nos explicase o que supón en materia de seguridade a dedicación de persoal da Policía Municipal para o custodio e seguridade desta nova sede.

Queremos lembrarlle que podería ter sido unha decisión máis madurada, máis pensada, que non deixáramos a sinatura tan importante da presidenta da Corporación de xeito delegado para sempre e en todo caso o anuncio de sinatura electrónica que hoxe miramos nos xornais, sabemos e cóstanos que tardará case que un mes en ser efectiva. Polo tanto hai un período de tempo no que vai haber dificultades para a xestión ordinaria e dende logo hai unha decisión que se queda máis no puramente ornamental que buscar en realidade a mellora do funcionamento para os cidadáns e para os funcionarios.

SR. FIGUEROA VILA: Demóstrase unha vez máis a cortedade na toma de decisións nesta cidade, non nos estraña que durante moitísimos anos sofrise un atraso importante na súa xestión e nos obxectivos acadados porque cando un grupo como o do Partido Socialista, un dos maioritarios desta Corporación e con vocación de goberno, pode facer un discurso tan demagóxico, a resposta dende o Goberno ten que ser contundente.

En canto á xustificación dun gasto de dous millóns de euros, esa cantidade foi o retorno do edificio dunha mala decisión que tomou o Partido Socialista no seu día, en vez de quedar ese edificio no propio Concello con custo cero.

O gasto corrente que se vai utilizar nese edificio, custo cero para as arcas municipais porque coido que se fixo unha magnífica xestión. A maiores hai outra institución da que sempre se reclamou a súa presenza na cidade e

que vai ter tamén unha sede institucional en Vigo como cidade máis importante da provincia de Pontevedra.

Con respecto ó seu terceiro argumento da falla de xestión, non vai haber ningún problema, o Concello estase modernizando, actualizando e poñendo ó día en canto a todo tipo de xestións que se poidan facer. A sinatura dixitalizada ou electrónica penso que está á orde do día non só nesta administración, na que xa debería estar, senón que en todas as administracións do Estado Español.

Se considera que o Concello de Vigo non ten que ter unha representación digna e unha sede onde se poida salientar as xestións e a representación que poida ter, nós consideramos que debe ser así, que se debe facer dese xeito e por tanto non imos entrar en máis tipos de polémicas porque cremos que é unha decisión coherente, responsable e non so iso, senón que se este Goberno renova a partir de maio como pensamos que vai ser, faranse máis descentralización de servizos municipais noutras partes da cidade como coido que procede.

Penso que un dos obxectivos que presenta a Lei de Grandes Cidade é a descentralización dos servizos para que as demandas que presenten todos os cidadáns poidan ser mellor respostadas e con mellor servizo.

Iso é o que estamos a facer e coido que o obxectivo que se propuxo o Goberno dende o primeiro momento foi dar o mellor servizo ós cidadáns e pensamos que esta é a maneira do facer.

Con respecto a sedes emblemáticas, só lle pediría que fixese un repaso a todas as cidades onde gobernan vostedes e onde non en Galicia; os exemplos están pretos para que todos poidamos ver que esta cidade necesita un lugar onde se poida representar dignamente e coido que este Concello non ten as mellores condicións para poder facelo.

É certo e así o anunciou a Sra. Alcaldesa que se vai preparar un estudo de remodelación de todo o edificio do Concello para nos poñer ó día non só en canto a temas de xestión, senón tamén a resituacións, espazos e deseño deste edificio que consideramos que non está nas condicións óptimas para desempeñar os traballos acordados co que nos piden os cidadáns.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, Sres. do Goberno, Sra. Alcaldesa, entraron vostedes nun tema e tomaron unha decisión en contra dunha amplísima maioría da Corporación e polo tanto en contra da vontade e da opinión dunha amplísima representación dos vigueses. Tomaron esa decisión sabendo que o tempo neste intre histórico corre ó seu favor porque fallan uns cantos

meses para as eleccións municipais e queren un cataclismo político que pode ocorrer en función dunha decisión tan malfadada coma esa, na miña opinión, e por diferentes razóns.

En primeiro lugar porque constitúe un dilapide económico nun Concello que ten demasiadas necesidades empezando por esta casa, hai que saber poñer os cimentos antes que os tellados e vostedes empezaron polos tellados, polos floreiros, só que este é moi caro, Sra. Alcaldesa, esta maceta cústalle moitos cartos ós vigueses e viguesas. Adicarse a floreiros e tellados cando nesta casa hai goteiras, cando na segunda planta enteira ou boa parte dela nin siquiera ten dobre teito; invito ós medios de comunicación a que ó remateren este Pleno suban á segunda planta e verán que hai unha chapa translúcida no ceo e debaixo nada máis.

Cando as condicións de traballo neste Concello son esas, vostedes adícanse a sedes suntuarias, a investimentos innecesarios e xa que logo improcedentes. A súa miopía política vai por onde vai, Sr. Figueroa e Sra. Alcaldesa. Por iso cando eu dicía hai un certo tempo que aquí hai un fracaso de xestión por terra, mar e ar, dicíao porque todos os temas fundamentais desta cidade están mal xestionados, mesmo que moi mal.

Dígoo porque se vostedes cuestionan a estas alturas que unha Corporación concreta de Vigo conseguise que Vigo tivese Universidade e que parte desa xestión fose darlle unha sede, é que vostedes non se enteran. Con vostedes nunca habería Universidade en Vigo como non hai acrecentamento do Aeroporto, nin hai nova estrada con Porriño, nin hai ningunha obra importante. Non se enteran das obras importantes e adícanse a gastar cartos en temas coma iste cun encarecemento da xestión municipal notable.

Fago miña toda a intervención da Sra. Porteiro e ía agora mesmo falar do tema da Policía Municipal e máis, pero dirán vostedes que mentres veñen as eleccións e o que van facer nese edificio son fotos, e xa sabemos todos que felizmente xa estamos na era da telemática entroutras cousas pero a min gustariame saber e algún día saberémolo e dirémolo ós vigueses, canto custa obxectivamente o traslado da administración da Alcaldía alí; cantos funcionarios teñen que ir cada día a despachar coa Sra. Alcaldesa a ese edificio, cantos expedientes se teñen que mover entre este edificio e aquel, qué custo real teñen. Digan vostedes se é que o teñen qué previsión de gasto teñen.

Unha de dúas, ou teñen esa previsión e a ver se a coñecemos todos, ou non a teñen e entón a imprevisión sería escandalosa. Tamén pode ser que os teñan e os ocultan. Pídolle formalmente que me digan a súa previsión de gastos

non só polo investimento do acondicionamento dese edificio, que tamén, senón polo que vai supoñer o cambio da xestión municipal coa súa decisión. Por último déixeme dicir que éme moi fácil contrapoñer, Sr. Figueroa. Que o Concello de Vigo proporcionase ese edificio á Universidade para instaurar unha boa Universidade, felizmente como a que temos por certo porque temos unha estupenda Universidade cousa da que nos debemos folgar todos, porque hoxe é de todos pero traela foi dalgúns, non de todos. Vostedes qué traen? Á Deputación? Convirten un edificio municipal nunha sede da Deputación? É que a Deputación Provincial non ten cartos se é que quere vir a Vigo logo de tanto tempo? Por certo que non me parece mal, pero ten o Concello de Vigo que subvencionar á Deputación para que veña a Vigo? Ise é o seu logro político con ese edificio?

Nefastaa decisión se mire por onde se mire.

SR. TOBA GIRON: Estabamos dispostos a dármonos conta da resolución da delegación de funcións sen máis, na que practicamente delega todo o delegable e máis no Sr. Figueroa. Delegación que en todo caso nos fixo reflexionar sobre o papel que queda para a alcaldesa pero sempre quedará algunha función por cubrir que supoño que será de carácter protocolario.

En todo caso iso é o que xulgabamos e o que viamos era un desentendemento xa completo da alcaldesa sobre os temas da xestión administrativa e da xestión do Concello, colocando ó primeiro tenente de alcalde e polo tanto liberándose para a campaña electoral que xa iniciou reinaugurando e mesmo anunciando en páxinas de publicidade asuntos que levan varados tres anos e que agora se di que se desbloquean. Digoo pola páxina de publicidade que lin esta fin de semana.

Iso é o que previamos. Entendemos a intervención da Sra. Porteira pero, Sr. Figueroa, vostede ten unha certa capacidade para se meter en problemas con asuntos nos que as responsabilidades políticas están claras. A decisión de trasladar a Alcaldía foi de seu, nin siquiera quixeron discutila, máis aínda, houbo unha moción aprobada neste Pleno coido que do Grupo municipal Socialista que foi desatendida sistematicamente polo Grupo do Partido Popular. Esa é a responsabilidade política en primeira instancia.

Coincido tamén co Sr. Soto en que vostedes chegan a un acordo para lle ceder un local á Deputación Provincial sen informar á Xunta de Voceiros. Isto saltou nunha recente Xunta de Voceiros na que eu preguntei polo famoso convenio coa Deputación Provincial. Iso fala da pésima xestión política da Sra. Alcaldesa, pero tamén da pésima xestión do presidente da Deputación

porque o propio presidente debeu ter requirido acordo formal da Corporación.

Máis aínda, cando polo módico prezo de 240.000 euros, que é a cantidade que aparece no convenio, a Deputación Provincial consegue unha situación aledaña á Alcaldía da que nos costou unha certa cantidade, a que sexa, compensar á Universidade, compensación que vostedes saben que, sen estar informados dos seus acordos, apoiamos neste Pleno todos e todas ata o extremo de que as cantidades para sufragar ese acordo saíron dunha modificación de crédito que se acordou aquí.

Sr. Figueroa ademais coido que vostede ten un trato inxusto coas Corporacións anteriores aproveitándose da febleza da memoria. Houbo un acordo dunha Corporación co Ministerio de Defensa que permitiu que ese inmovible pasara a disposición, que non a propiedade, da Corporación xunto co polvorín, asinado no momento en que o Sr. Soto era alcalde. Ese acordo que insisto que non era de adquisición senón de cesión, como ben di o Sr. Soto permitiu que o Rectorado da Universidade tivera un lugar dende onde traballar e construír o proxecto que agora está en Marcosende. Parabéns para aquela Corporación e particularmente para o Sr. Soto porque foi unha decisión de fondo, estratéxica, con vista.

Posteriormente lembrarán que no ano 99 aquí refrendamos un convenio de adquisición non só dese inmovible, senón que de Barreiro, etc., acordo que me tocou xestionar a min pero que votamos todos e todas unanimemente e permitía resolver un problema.

A diferenza de vostedes é que os dous acordos foron sometidos a Plenos da Corporación e foron discutidos nel. Vostedes fan entrar á Deputación Provincial pola porta de atrás, de costas á Xunta de Voceiros e ó Pleno da Corporación. Ese é o seu papelón, Sr. Figueroa.

Nós sinxelamente estabamos dispostos a darnos conta de que vostede se fai cargo de toda a delegación de competencias e de que a Sra. Alcaldesa salta de toda a xestión municipal para se adicar exclusivamente a inaugurar páxinas de publicidade, pero vostede ten a inveterada virtude de se meter nunha lea, ante a sinxela reclamación da Sra. Porteiro e da maioría da Corporación porque vostedes burlaron acordos desa maioría sistematicamente. O dano xa está feito pero voulles dicir cal dano. O dano non son os 240.000 euros, é a creba absoluta de confianza por un asunto no que eu estou seguro de que convenientemente debatido poderíamos ter pechado un acordo entre os catro grupos e que polo tanto podería termos permitido avanzar en determinados temas de mutuo acordo, cousa que é absolutamente necesaria

cando se está a falar do réxime de funcionamento da Corporación e da Alcaldía, Alcaldía que agora ocupa a Sra. Porro pero que dentro duns meses ocupará outra persoa.

O lóxico é buscar un acordo nesas liñas de traballo e vostedes non o quixeron, non intentaron ese acordo en ningún momento e ademais ó edificio do Rectorado que xa recuperamos, metéronlle bicho dentro, con perdón, porque a Deputación Provincial por 240.000 euros pode permanecer nese lugar todo o tempo que queira. Se len vostedes o convenio, non hai prazos. A Deputación Provincial seguramente debería ter unha sede no Concello de Vigo, sede mercada por ela e dende logo o noso grupo estaría disposto a botar unha man.

O que vostedes fan é que un edificio que foi recuperado, que no seu momento se puxo ó servizo da Universidade que era un proxecto de Vigo, que noutro momento xa se consegue en propiedade co acordo de todos os grupos, agora, pola porta de atrás e coa complicidade do Sr. Louzán, presidente da Deputación, méteno dentro dun edificio do que non vai poder ser desaloxado porque o convenio non especifica ningún período de ocupación. Por 240.000 euros son "okupas".

Parece mentira que vostedes non buscaran ese acordo da Xunta de Voceiros e que o presidente da Deputación non llo esixira.

Dito o demais, dámonos conta do depósito de competencias e nada máis.

SR. FIGUEROA VILA: É sorprendente que ás veces os grupos políticos, dependendo de quen governe nas institucións, fagan unha ou outra crítica.

Gustariame dicirlle ós cidadáns que o edificio Cambón dábase ás Illas Atlánticas a cambio de nada, nin de 240.000 euros. É un edificio que tiña o Concello a cesión da Xunta de Galicia tamén "sine die" e se ían facer as melloras; pois se colle o mesmo exemplo. Ocorre que como vostedes gobernan na Xunta de Galicia se lle pode ceder un edificio do Parque das Illas Atlánticas á Xunta e á Deputación non.

Nesta cidade sempre houbo ánimo de colaboración entre institucións e fixéronse cesións de edificios a outras institucións porque se considera que a mellora dos servizos ó cidadán é o que ten que primar na cidade. O edificio Cambón foi unha moción que presentou o BNG e o Partido Socialista hai aproximadamente un ano e que o Goberno votou en contra porque considerou que era unha mala situación, non porque ese edificio tivese un mal uso porque a nós podía ata parecermonos ben que aí se situase o Parque

das Illas Atlánticas. Fíxose unha cesión idéntica a esta, con custo cero e sine día.

Ese é o exemplo que vostede acaba de poñerme e que lle teño que respostar. Con respecto ó custo que ten o traslado da Alcaldía teño que lle dicir que en canto a melloras do edificio cero pesetas, porque o Concello non ten posibilidades de ter orzamento nesta cidade e non porque non quera o Goberno, senón porque hai tres grupos da oposición que teñen ó Goberno asfixiado tres anos cun só orzamento. Témos que buscar imaxinación e axilidade na xestión para poder levar a cabo todas as propostas que consideramos que son moi positivas para esta cidade e o tempo demostrará que é bo a descentralización de certos servizos e se quere lle poño exemplos claros de onde gobernan vostedes, como Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense. Todas as cidades de España.

A idea que ten este Goberno é que é bo descentralizar servizos e xa adiantamos que no edificio Cambón haberá unha segunda descentralización de servizos, gústelles ou non, porque coidamos que é bo dinamizar certas zonas da cidade. Por iso estamos nesa liña de actuación e como comprenderá vostede, que no século XXI poidan cuestionar que o problema é o da sinatura da alcaldesa, nós pensamos que a alcaldesa non tería que asinar absolutamente nada porque está para outras cousas, como facer xestións importantes para a cidade e non para perder o tempo dúas horas ó día asinando documentos e certificados.

Iso é o que ata o de agora moitos non foron quen de cambiar. Que a única crítica que lle poidan facer a alcaldesa de Vigo é que ten que asinar certificacións ou acordos de Pleno ou de Xunta de Goberno, pensamos que non está para iso, está para traballos moito máis importantes, para xestionar recursos para esta cidade, para tentar facer xestións fóra da cidade, xestións con outras administracións, con colectivos da cidade, etc. Ó mellor outros perderon o tempo ó estar asinando dúas ou tres horas ó día papeis e documentos.

Seguramente o Sr. Caballero logo darame a razón porque hoxe trae unha moción sobre avances tecnolóxicos. Coido que imos nesa liña e que temos que ir nela, non imos seguir sen utilizar a sinatura dixital como xa se utiliza en todas as administracións e mesmo en empresas privadas. Ese é o xeito de modernizar e axilizar a administración pública.

Coido que é unha crítica moi vulgar e mediocre se o único argumento que poden dar vostedes é que por unha banda a alcaldesa non vai asinar as certificacións dos acordos plenarios e documentos de certificacións de

padrón, etc. e por outro lado que a Deputación de Pontevedra poida ter unha situación nun edificio porque coido que ademais é bo que a Deputación e o Concello poidan ter locais próximos para que os cidadáns poidan facer as xestións do día a día se se trasladar á Pontevedra.

Creo que entre administracións ten que haber colaboración e que se está a prestar en moitísimos exemplos como o que vostede dicía de que o Concello de Vigo cedulle no seu día á Universidade, aínda que tamén se puido ter posto a condición de que se a Universidade non utilizaba ese servizo revertise automaticamente ó Concello con custo cero, cousa que vostedes non fixeron. Ninguén dixo que non se cedese ese edificio á Universidade pero cando deixou de prestar ese servizo tivemos que aboar unha cantidade que hai que dicir que non se aboou só pola reversión do edificio, senón porque hai 1.700 metros cadrados máis nun edificio anexo que ten un custo.

Sr. Toba, non todos votaron a favor desta modificación de crédito, só o seu grupo e máis o noso; o Partido Galeguista e o Partido Socialista votaron en contra da adquisición do edificio e por tanto non todos estamos na mesma dirección. Seguramente uns están a impedir que se poidan facer xestións para esta cidade e outros estamos a colaborar na medida das nosas posibilidades para que se leven a cabo proxectos importantes para a cidade de Vigo.

Dicía o Sr. Soto que podemos visitar a segunda planta; a primeira tamén, o soto, a terceira e todas as demais plantas do Concello porque entra auga por todos os lados. Sr. Soto, vostede considera que a representación deste Concello pode estar na situación que estaba ata o de agora? Vostede foi unha persoa experta en temas de márketing e comunicación, coido que é necesario darlle a esta cidade certo realce e certa prestancia.

A nós parécenos que ten que ser así; seguramente vostedes entenderano doutro xeito pero recuperamos un edificio emblemático que é noso, porque esta é unha cuestión de oportunidade; seguramente non se faría o traslado da Alcaldía se non houbera un edificio emblemático nesta cidade onde puidesemos ter unha representación acorde coa cidade máis importante de Galicia. Houbo unha oportunidade como o antigo Rectorado e consideramos que había que aproveitar.

Ademais queremos dicirlles ós cidadáns que o custo é cero, o Concello de Vigo non gastou un só euro no traslado da Alcaldía ó Rectorado.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, vouullo pedir formalmente porque senón fago unha pregunta no próximo Pleno. Como non me dean as contas das previsións

que teñen para ese edificio voulló pedir formalmente, se mo dan por feito aforrámos tempo e imos ver se o custo é cero. Sinxelamente o deixo emprazado a que vexamos as contas, non vou discutir máis ese tema agora mesmo, verémolo cando teñamos os números enriba da mesa.

En segundo lugar vostedes cometeron erros moi graves. Un deles denunciono o Sr. Toba, seguramente é o máis importante de todos aínda que estea no campo da teórica abstracción e ten toda a razón do mundo: a falla de responsabilidade política para chegar a un acordo con tres grupos que non estamos a amolar e vostedes sábeo, alomenos algún e vostede sábeo. Cando diga esas xeralidades faga o favor de concretar porque dixo unha cousa que é falsa.

Acaba de dicir que os tres grupos estamos a asfixialos non axudando cos orzamentos do Concello; iso é radical e absolutamente falso porque este grupo Político nunca lles obstruíu os orzamentos e non precisamente porque nos gustaran, que así sería fácil. Supoño que equivocación ou lapso porque non ía dicir unha mentira tan parva diante dos que estamos aquí, pero unha equivocación que o leva á paranoia de que todos están contra vostede e iso é falso. Con decisións coma estas vostedes mesmos están na súa contra.

Se cre que algúns falamos cara á galería voulle dicir con absoluta responsabilidade que o partido Galeguista non parará ata que bote á Deputación dese edificio. Tomen nota vostedes e o Sr. Presidente da Deputación se é que o segue sendo e senón quen o substitúa, porque é un compromiso tan intemporal como o de seu coa Deputación.

Hai temas que entran nas súas competencias: cómo se fai a xestión ou cómo non se fai. No tema de investimentos e de prioridades está claro que uns teríamos unhas e outros outras. Eu púxenlle o exemplo da segunda planta, recoñezo que ó mellor egoistamente porque o sufro máis, e lembreime da planta once e doutras plantas pero da primeira moito menos. Non coñezo caldeiros na primeira planta, na zona da Alcaldía, para recoller as goteiras como hai noutros lugares, etc. A ver se facemos menos demagogia porque noutros lugares hai de caldeiros. Cando ven calquera xestionar calquera cousa diante dun funcionario, choutando por riba dos caldeiros para recoller as pingueiras. Non arranxan nin as pingueiras a adícanse a estes gastos suntuarios.

Por tanto, unha prioridade de investimentos nefasta e unha nula vontade de participación democrática pola súa banda, e aquí tamén fago absolutamente miñas as palabras do Sr. Toba. Non hai participación democrática, métennos á Deputación pola porta de atrás de mala maneira, non priorizan o gasto en

función das necesidades claras e palmarias que pode haber, e mire que xa falo de edificios porque me sería fácil dicir que están as parroquias abandonadas, etc., pero non quero tocar ese tema. Sinxelamente lles digo que vostedes falan de edificios e de dignificar a presenza municipal.

Pois empecen polo que está realmente indigno que é onde hai caldeiros polas pingueiras cada vez que chove e non lle adicaron nin un peso a iso ou se o fixeron está mal adicado porque segue chovendo por todos lados.

Vou matizar unha parte da miña intervención. A Deputación só ten un xeito de non sair dese edificio se o partido Galeguista como espero é decisivo nas próximas eleccións: que sexa a Deputación da Provincia de Vigo. Se é así, nese tipo de investimentos estaríamos dispostos a colaborar. Na da provincia de Pontevedra igual que entra, sairá, tome nota, amañen vostedes os convenios que queiran pero sairá. Quédelle esa vontade política enriba da mesa, a vostede e ó Sr. presidente da Deputación Provincial.

SR. TOBA GIRÓN: Non vou entrar en toda a perorata do Sr. Figueroa que ten ese estilo de antigo futbolista de facer barullo na área e non é a miña intención desmontar agora con toda esta cantidade de afirmacións, de frases enunciativas que non se soportan entre si mesmas. Só me vou quedar cunha frase, Sra. Presidenta, o resto para min non ten ningún valor.

A frase é "guste ou non lle guste", só me quedo con ista frase de toda a súa perorata inútil.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non podo por menos que lamentar que unha vez máis, a unha intervención coido que bastante medida dos bancos da oposición se resposte cunha actitude tan fanfurriñeira, Sr. Figueroa.

Eu non falei para nada da Deputación pero xa que vostede o sacou direille que penso que é un pagamento de favores políticos que se podería encadrar perfectamente no nepotismo levado a esa área. Tamén me parece que, o que para vostede sexa unha perda de tempo a sinatura de documentos e certificacións, é unha falla de respecto inmensa á garantía e ó traballo dos presidentes de Corporacións.

Ademais tamén penso que vostedes están facendo este traslado progresivo dos servizos municipais ó reves; se tiveran empezado por arranxar ou por dignificar as condicións de traballo dos funcionarios que traballan aínda nesta casa e o remate fose o traslado da Alcaldía, coido que dificilmente ninguén podería criticar esa decisión porque todos e todas somos conscentes de que este edificio necesita un repasiño e todos estamos de acordo niso.

Por qué empezan exactamente ó contrario? Se dende hai dous anos que nós solicitamos esa comisión tantas veces reiterada, puideramos ter tido ocasión de lles dicir todas esta cousas, ó mellor terían cambiado a súa opinión ou ó mellor terían feito simultaneamente o traslado da Alcaldía coa mellora e dignificación das condicións de traballo.

Os funcionarios desta casa sonlle moi tolerantes e bastante bos traballadores porque traballar nas condicións en que hai que traballar na torre no verán é digno de heróes, con temperaturas ata cincuenta graos. Ó mellor me resposta vostede por qué non se levou isto adiante antes; pois hai que o facer nalgún momento pero empecen vostedes polo que é realmente urxente, non quitándolle valor ó traballo dun presidente de Corporación que, por certo, vostede hoxe ten que defender con paixón e con arrebatado porque esta bicefalia que se acaba de instalar no día de hoxe no Concello favorécelle a vostede que é quen ten o mando real, é o que vai asinar esas parvadas de papeliños, esas tonterías que levan moito tempo.

Aquí se está consolidando hoxe unha bicefalia no Goberno local na que hai un alcalde "de facto", que asina os papeliños que non valen para nada, quen toma as decisións importantes, quen se reúne cos funcionarios e coa xente que xestiona a cidade e vai haber unha Alcaldía de oropel e representación e Vigo tamén se merece un edificio digno pero vaíamos por partes. Non me diga vostede que se pode ter a Casa do Concello como se ten, dicir que así está moi ben e que isto é un servizo para os cidadáns porque nin para os funcionarios que son os auténticos servidores ó cidadán que están as súas horas de traballo toda a semana aí, nun posto de traballo que non reúne as condicións axeitadas; nin para ós mesmos funcionarios que cando teñen que entrar nalgunha dependencia coido que se lle cae a alma ós pés.

En prioridade primeiro o básico, o fundamental, o que afecta a mil persoas que traballan nesta casa.

E lamento moitísimo a fafurriñada da súa intervención que roza o desprezo ó traballo que facemos o resto dos corporativos, desprezo ó traballo e á función da Alcaldía, desprezo ás condicións de traballo dos funcionarios. Segue vostede instalado nese desprezo, Sr. Figueroa, porque vostede só se califica.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben que algúns agora se preocupen dos funcionarios, cando gobernaron nesta cidade non sei cantos anos e non lles adicaron nin medio metro cadrado de aire acondicionado. O Partido Socialista gobernou máis de vinte anos e que saibamos, remodelación nesta

casa ningunha, non había nin escaleira de emerxencia que estamos agora a poñela; ninguén se preocupou de que puidese haber un accidente neste edificio. Cando chegamos ó goberno non había nin ascensores, había dous e malos que casi nunca funcionaban e cambiáronse. Os Servizos Sociais cambiáronse enteiros, Intervención tamén, a sala de tráfico tamén.

Paréceme moi ben que agora lle preocupen os funcionarios ó partido Socialista.

Hai unhas semanas que a alcaldesa anunciou xa ó Comité de Persoal de que se vai facer un estudo de remodelación de todo o Concello e, como xa lle dixen antes ó Sr. Soto, os caldeiros tamén os hai na Alcaldía e se queren poden facer un percorrido os periodistas para que miren que nada máis chegar á Alcaldía hai caldeiros en todas as esquinas.

Están facendo un discurso demagóxico e parécenos moi ben porque non saben como atacar á alcaldesa, ese é o seu problema, pero as xestións e os proxectos están aí. Máis de douscentos millóns de euros se acadaron por xestións con outras administracións e tamén están aí. Se queren facemos un día un Pleno monográfico para dicir as xestións que fixo a alcaldesa de Vigo, comprometémonos cando queira porque aí é onde hai que o analizar. Trinta e dous mil millóns das antigas pesetas, con documentos, con acordos con outras consellerías, outras administracións, a través de operacións de modificacións de créditos, a través de remanentes e cun único orzamento. En tres anos dende que estamos a gobernar só tivemos un orzamento e para iso tivemos que pagar débedas anteriores dun importe aproximado do 50% do orzamento de investimentos dese ano.

Esas son xestións reais, que non inventamos e que se poden examinar unha a unha e iso realmente é o que nos ten que importar. É máis fácil o discurso demagóxico de dicir que o traslado da Alcaldía custa dous millóns de euros. Iso é mentira, é unha calumnia e cando un di iso é que rematou o discurso, remataron os argumentos e iso amola.

A nós moléstanos que o Partido Socialista diga que o traslado da Alcaldía custou dous millóns de euros; pois lles digo que é mentira, que están calumniando e difamando. O único argumento que teñen é debilitar algo que todos saben e hai unha percepción xeral que este Goberno está facendo as cousas razoablemente ben.

O traslado da Alcaldía de Vigo a día de hoxe, excepto a reversión do edificio cousa que ía ser igual porque se mañá instalasemos calquera outra cousa relacionada con Cultura ou con Turismo, o seu custo non ía ser menor. Como no seu día non se incluíu ningunha condición, a reversión costou

1.200.000 euros. Pero tamén é certo que custou esa cantidade, e niso coincido co Sr. Toba, porque hai un edificio posterior que construíu a Universidade de 1.700 metros cadrados.

Sra. Porteiro, non se preocupe pola bicefalia porque non existe; hai unha perfecta sintonía coa alcaldesa e non só da persoa que lle fala, senón dos demais membros do Goberno, como ó mellor nunca se produxo nesta cidade. Preocúpese vostede do seu grupo que ó mellor ten máis bicefalías ca nós. O noso grupo de momento está perfectamente unido, cohesionado e en perfecta harmonía e a relación entre a Alcaldesa e quen lles fala é de sintonía total e absoluta.

Repetimos que a alcaldesa da cidade máis importante de Galicia non está para a tramitación administrativa nin para asinar documentos. Non menosprece vostede os documentos, como comprenderá a certificación dunha Xunta de Goberno ou dun acordo plenario, ou dun certificado de padrón, considera vostede que a alcaldesa de Vigo ten que facer as certificacións do padrón desta cidade?

É como se me di que vostede, como voceira do seu grupo, ten que asinar as peticións de calquera documento ou moción que pidan os compeñeiros do seu grupo. Vostede estará para os temas realmente importantes, para coordinar o seu grupo se pode, etc.

Pois a alcaldesa de Vigo ten o grupo perfectamente coordinado, é quen de facer xestións e demostrouno porque aí están 200 millóns de euros acadados en xestións.

Con respecto á Deputación nós consideramos que a coordinación coa Deputación é unha magnífica xestión deste Goberno e vaise demostrar no futuro que a implantación da Deputación na cidade de Vigo é importante para a cidade, como así se fixo con outras administracións porque este Concello sempre colaborou con outras administracións para que puidese haber sedes institucionais na nosa cidade. A Deputación pode investir noutros temas como xa está a facer.

Sr. Soto, é a primeira vez que hai un convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Vigo por máis de 300 millóns das antigas pesetas anuais, á parte das xestións que poida facer a Deputación noutros cometidos e estase demostrando. Iso é o que temos que facer: facilitar o labor á Deputación para que sega investindo na nosa cidade. Que a Deputación teña unha sede institucional digna é importante e bo para que se poida prestar un servizo a todos os cidadáns, é bo para a cidade e é unha vella reivindicación que sempre tivemos na cidade, porque parecía que a

Deputación de Pontevedra só tiña como obxectivo á cidade de Pontevedra. Agora que temos a oportunidade de ter esa sede, tamén a critican?

Nós estamos noutra liña totalmente distinta. Ó mellor é que a nosa liña é a boa. Deannos o beneficio da dúbida de que a nosa liña poida ser a que ten que seguir esta cidade. A cidade ten que estar á altura das circunstancias e non pode ser que veña o presidente da Xunta de Galicia e o teñamos que meter case nas cocheiras do Concello e non hai un sitio onde recibilo. Nesta casa non hai onde recibilo, entra mesturado entre os concelleiros, policía, empregados... polo soto do Concello que é a entrada oficial. Hai mil argumentos.

Custo cero para o Concello de Vigo, gústelles ou non.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Pola miña parte, sempre que haxa unha alusión directa non teño máis remedio que respostar. Sr. Figueroa, comprendo que o uso de ocultismos poida dar lugar a malos entendidos pero lémbrolle que a expresión "bicefalia" o que significa é que hai dúas cabezas. Polo tanto, se vostede está ou non enfrontado coa alcaldesa..., eu non dubido que vostede se leve moi ben coa alcaldesa, de feito ela delega en vostede toda a súa actividade principal. Enténdao como queira.

Tamén me dirá cómo xestionan ó seu grupo porque de súpeto hai cadeiras baleiras e nunca preguntamos por iso, hai respecto ás persoas e nada máis, cousa que vostedes francamente non practican demasiado.

Só por lle lembrar: do edificio orixinal que se construíu hai trinta anos ó que vostedes recolleron, foron tantas e tan extensas as reformas, dende a creación de toda área do servizo de recepcións da Alcaldía, a creación dunha sala de prensa, etc., que non ten nada que ver este edificio co orixinal o que pasa é que o uso do edificio, que dende a miña perspectiva estivo mal construído para un clima húmido coma o noso, require dun mantemento exhaustivo e iso mantemento, Sr. Figueroa, sería prioritario antes de acometer unha obra suntuaria e de ostentación.

Polo tanto, se alguén minte aquí, ó mellor minte quen utiliza información só ó seu favor.

SR. SOTO FERREIRO: Só unha cousa que antes deixei atrás e quedei amolado comigo mesmo. Cando vostede afirmou que o Partido Galeguista e PSOE votamos en contra da adquisición dese edificio, teña un pouquiño de pudor político porque tería que dicir que foi nun marco no que vostedes tiñan un acordo

feito co BNG, na miña opinión, e polo tanto nós non votamos un conxunto de cousas nas que no medio estaba ese edificio.

Vostede nunca me oíu dicir que estivesemos en contra de recuperar ese edificio. Vostede confunde á xente pero os que estamos aquí non nos podemos deixar confundir así.

Tamén sobre o tema da Deputación dicirlle que mentres haxa Deputación de Pontevedra e non da provincia de Vigo, eu tamén son partidario de que a Deputación de Pontevedra estea en Vigo pero repítolle que se é a custa de que paguemos os vigueses a instalación da súa sede paréceme unha especie de colonialismo e vostedes son os vasallos, porque o resto da Corporación non; axeónllanse polo pagamento deses investimentos que fai a Deputación. Os investimentos son bos, pero servir á Deputación de xeonllos de ningún xeito e a ningún prezo.

SR. FIGUEROA VILA: Á Deputación non lle imos ceder o edificio. O gasto corrente dese edificio pagarao a Deputación; paga un aluguer de corenta millóns das antigas pesetas. Sr. Toba, mentres a Deputación queira ter a súa sede na cidade de Vigo, será unha habilidade dos gobernos tentar que invista na nosa cidade.

Da anterior resolución a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando enterado.

5.-(187).- PERI 3 "RAVISO" NÚCLEO 16-04-1. REMATE E ARQUIVO DO
PROCEDIMENTO. EXPTE. 8030/411

ANTECEDENTES.- Con data 23 de agosto de 2006, o técnico de administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión, Sr. Cominges Cáceres, coa conformidade do arquitecto xefe de planeamento e máis do Xerente de Urbanismo, informa do seguinte:

"FEITOS

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93), delimitouse un ámbito de solo urbano de 450.800 m2 de superficie denominado "A-SU-PERI 3 Industrial Raviso". A súa ordenación pormenorizada remitiuse a un PERI de iniciativa pública, cunha edificabilidade máxima de 4 m3/m2, a executar polo sistema de cooperación.

2º.- En data 31/07/2000 adxudicóuselle á arquitecta D^a María A. Leboreiro Amaro un contrato de asistencia técnica convocado por concurso para a redacción do devandito PERI. Contrato que se formalizou no día 18/10/2000.

3º.- No 06/08/2001 a referida arquitecta presentou na Xerencia de Urbanismo o "Avance" do PERI. Informouse polos servizos técnicos municipais no 11/09/2001 e examinouse polo Consello da Xerencia de Urbanismo na súa sesión do 13/09/2001 (expte. 7097/411). A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 211, do 31/10/2001 e no diario Faro de Vigo do 26/10/2001. Durante dito período presentáronse 32 escritos de suxestións.

Asemade, nos días 12/11/2001, 27/11/2001, 27/12/2001, 01/02/2002 e 31/05/2002 o entón xefe da oficina municipal de Patrimonio Histórico, o xefe da unidade de estradas en Pontevedra do Ministerio de Fomento, a delegada provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a oficina municipal de Medio Ambiente e o organismo Augas de Galicia emitiron respectivamente cadanseus informes sobre o citado Avance.

4º.- En data 14/11/2002 o equipo redactor do Plan Especial presentou na Xerencia de Urbanismo 5 exemplares do PERI para a súa aprobación inicial. A continuación solicitouse informe das distintas oficinas municipais e entidades concesionarias de servizos, así como do equipo redactor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Mediante oficio do 03/06/2003 requiríuselle ós redactores do PERI a corrección de certos extremos.

No 28/09/2004 a arquitecta redactora do Plan Especial presentou nesta Administración municipal unha última versión do mesmo. No 28/01/2005 o arquitecto técnico municipal emitíu un informe ó respecto. Nel constátanse, por unha banda, certos extremos que deben ser rectificadas. E, pola outra, a súa incompatibilidade coa ordenación prevista para ese ámbito no novo PXOM, aprobado inicialmente por acordo plenario municipal do 30/12/2004 (expte. 7266/411), especialmente no seguinte:

- Nunha zona do PERI prevese unha altura 11 plantas, mentres que a máxima prevista no novo PXOM non supera as 5 plantas.
- Non coincide a cualificación de solo urbano consolidado e non consolidado dese ámbito.
- A ordenación vese substancialmente alterada pola nova infraestrutura ferroviaria (AVE) que se proxecta sobre esa área no novo PXOM.
- Existen tamén diverxencias de delimitación e superficie.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Tal e como se indicou na relación de antecedentes, a ordenación proxectada no PERI 3 Raviso resulta incompatible coa do PXOM inicialmente aprobado por acordo plenario do 30/12/2004. Neste último a Corporación municipal, no exercizo lexítimo e discrecional da potestade de planeamento decidiu establecer nese ámbito unha nova ordenación, que diverxe substancialmente da prevista no devandito proxecto de PERI e no anterior PXOU-93.

Resulta improcedente polo tanto continuar tramitando este PERI ata a súa aprobación, cando se coñece de antemán, en primeiro termo, que a Corporación municipal desexa outra ordenación distinta para ese ámbito. En

segundo lugar, que aínda no caso hipotético de que fose aprobado non se podería executar, ó resultar afectado pola suspensión automática de licenzas que conlevou esa aprobación inicial do novo Plan Xeral (art. 77.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia -LOUGA-).

Procede en consecuencia dictar a pertinente Resolución que poña fin a este procedemento, consonte co disposto no art. 89 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Unha vez aprobado definitivamente o PXOM, coa nova ordenación desexada, esta Corporación municipal adoptará as medidas necesarias para facilitar a súa execución coa máxima celeridade posible.

Sen prexuízo do contido da proposta que a continuación se formula, unha vez aprobada polo Pleno, a oficina de Servizos Centrais da Xerencia e a autoridade competente deberán acordar a finalización ou modificación do contrato de asistencia técnica suscrito coa arquitecta redactora do PERI, previos os trámites pertinentes.

É competente para adoptar o acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL."

Polo exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 19 de outubro de 2006, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Concluir a tramitación do procedemento de aprobación do Plan Especial de Reforma Interior 3-16-04-Raviso-1, de iniciativa pública, redactado pola arquitecta D^a María A. Leboreiro Amaro, con memoria e planos datados en xullo de 2004, así como o seu arquivo.

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do ámbito, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á arquitecta redactora do PERI, á oficina de "Servizos Centrais" da Xerencia de Urbanismo e ó equipo redactor do novo Plan Xeral.

6.-(188).- RATIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de outubro, o alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive, conforme ó art. 45.2.c), da Lei 1985 LRBRL, do 2 de abril, da traslado de acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive de data 23 de outubro de 2006, para a súa ratificación polo Pleno do Concello.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de outubro, dictamina favorablemente.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Non temos nada en contra deste acordo pero procedimentalmente me parece que non o traen como deberan e por tanto pídolles que retiren o punto da orde do día e que veña con todos os informes preceptivos, por exemplo co do secretario do Pleno. Paréceme que se fallan elementos administrativos como os que lle digo, o expediente non está completo e polo tanto falo de lle dar seguridade xurídica.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Non hai ningún risco de inseguridade xurídica, Sr. Soto. É un acordo que remite a este Concello a Entidade Local Menor de Bembrive; é unha precisión legal que determinados acordos das entidades locais menores, como son os relativos a operacións de crédito e disposición de bens e xustiprezos, teñan que ser ratificados, non polo Pleno, senón polo Concello.

Non sei a qué norma se refire vostede cando di que o secretario debe emitir un informe preceptivo. Igual se refire ó artigo 110 do Regulamento de bens pero logo da Lei 57/2003, que é o que fala de cesións de bens que tiñan que ser acordadas polo Pleno mediante maioría absoluta, enténdese que logo da Lei de Grandes cidades calquera acto de disposición de bens do Concello de Vigo é competencia da Xunta de Goberno Local.

Hai xa moitos meses que non ven a este Pleno ningún acordo deste tipo, non require esta ratificación ningún informe preceptivo desta Secretaría. Polo que mirei o expediente tramitado pola Entidade Local é perfecto.

SR. SOTO FERREIRO: Non teño comigo as notas e lamento un fallo pola miña parte do por qué dos informes do punto lugar desa apoiatura. Dareillo noutro momento e fagan o que queira neste Pleno. Se o manteñen non o votamos a favor.

(Están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatros votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Ratificar o acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive, da sesión extraordinaria e urxente realizada o día 7 de setembro de 2006, aprobando a prórroga da ocupación do MUP núm. 562 "San Ciprián, Aradas e Outros", pola ACD Xestas conforme ó recollido na cláusula novena das condicións aprobadas pola Xunta Veciñal en data 30 de decembro de 1982, por un período de vintecinco anos e a partir da data do presente acordo, seguindo vixentes na súa totalidade as condicións aprobadas na sesión citada.

DEBÁTESE CONXUNTAMENTE A APROBACIÓN INICIAL DAS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS, PUNTOS 7 Ó 31 DA ORDE DO DÍA, AMBOS INCLUÍDOS

Durante o transcurso do debate, sendo as 10 horas e 38 minutos, se incorpora á sesión o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Tal e como está o acordo cos voceiros as ordenanzas fiscais debaterase conxuntamente dende o punto 7 ó 31.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de nada e para baixar un pouco a tensión, teño que saír en defensa do meu compañeiro e amigo, Sr. Figueroa, para dicir que como futbolista non está no barullo das áreas normalmente, senón que era un

centro campista bastante fino e non estaba xamais nos barullos, Sr. Toba, era demasiado lixeiriño. Eu que o sufrín teño que dicir que era bastante bo tocando o balón, podería terse dedicado ó fútbol.

Como outros anos por estas datas teño o orgullo de presentarlles a modificación das Ordenanzas Municipais que regularán os impostos e taxas que van ter que pagar os nosos conveciños no ano 2007.

Dende un punto de vista meramente económico poderíamos pensar que estamos aprobando os ingresos municipais pero eu lles pediría que cando debatamos, teñamos en conta un punto de vista quizais máis microeconómico porque o que lles estamos pedindo ós cidadáns e o que imos debater hoxe é realmente o esforzo que lles imos pedir a cada un deles para que financien as actividades municipais, coido que basicamente temos que asegurarnos e sobre todo asegurarlles que os 370-380 euros que por persoa imos pedir a cada cidadán, estean utilizados do mellor xeito posible. Dende o punto de vista dos ingresos, que é o que nos traeo hoxe a debate, que sexan recadados do xeito máis xusto posible e coa maior eficiencia posible.

Hai xa uns tres anos, cando presentaba por primeira vez as taxas e impostos municipais, dicíalles que iamos centrar a nosa actividade en tres puntos, un era a eficacia na recadación, outro a eficiencia na xestión e o terceiro o mantemento, se non era posible a redución, da presión fiscal sobre os cidadáns. Coido sinceramente que co tempo que transcorriu e con toda a humildade do mundo para que non se me enfaden e logo non me digan que son especialmente optimista, coido que este goberno está cumprindo eses tres principios.

É nese contexto dunha correcta xestión dende o punto de vista dos ingresos e tamén dos gastos, e para iso só teño que recorrer ás liquidacións do ano 2004 e 2005 que van ser mesmo melloradas este ano 2006 cos datos que temos ó día de hoxe, é no que temos que analizar a modificación de taxas que hoxe propoñemos.

As características concretas que lles propoño na modificación de hoxe son as seguintes: En canto á Ordenanza Fiscal Xeral introdúcese un procedemento concreto para asignar unha categoría fiscal a novas rúas que van aparecendo e que non estaban con anterioridade nas ordenanzas. Así mesmo e tal e como se comentou nalgún Pleno desta Corporación, introdúcese unha copia literal de todos os dereitos dos contribuintes remitíndonos á Lei xeral tributaria. Antes todos estes dereitos estaban dispersos polo articulado e agora concréntanse no artigo 19, apartado 5.

Dun xeito xeral o que se propón é un incremento do 3,9% no conxunto de todas as taxas e impostos municipais coas excepcións que logo lles vou comentar. Esta porcentaxe non xurde do ceo, senón que como é tradicional e xa se fixo nos últimos anos, da análise das táboas do Índice de Prezos ó Consumo tomadas entre abril do ano 2005 e abril do 2006. Ese índice acada o 3,9% e é o que propoñemos como subida xeral para todas as taxas. Tamén lles lembro que se tomáramos tal e como se tomou nalgún outro momento a serie de maio a maio, sería máis prexudicial para os cidadáns, porque neste caso sería o 4%.

Non se presentan á modificación das ordenanzas algúns impostos. Como noutros anos o Imposto de Construcciones non se presenta para a súa modificación porque como saben o tipo impositivo vai fixado sobre o presuposto de obra e, como vostedes ben saben se fan algunhas obras, iso supón que a recadación sube por se mesma sen necesidade de subir o tipo. En todo caso e polos cambios que se realizaron hai uns anos xa o tipo impositivo do Imposto de Construccions no Concello de Vigo está nos límites máis altos posibles, estamos no 3,5% e coidamos que non é necesario subilo. Sen embargo a solicitude da Xerencia de Urbanismo propónse unha bonificación do 30% para aquelas instalacións de enerxía solar que non sexan obrigatorias.

Do mesmo xeito e polas mesmas razóns tamén se propón a conxelación do Imposto de Plusvalías, é dicir, a súa non subida.

Así mesmo non sufrirán variación algunhas tarifas que teñen un importe residual e que realmente son moi pouco usadas como contribucións especiais e retirada de postos de venda.

Por outra banda quero salientar que, respondendo a algo que se presentou neste Pleno polo Grupo Socialista e seguindo as indicacións do Pleno, propónse unha exención para as familias numerosas cuxos ingresos per cápita sexan inferiores a 5.000 euros brutos. Esa exención propónse nas seguintes taxas: lixo, expedición de documentos, cemiterios, laboratorio e inspección sanitaria, desinfección, escolas infantís, ensinos especiais de música e teatro, escolas deportivas e Zoo.

A razón da fixazón destes 5.000 euros brutos per cápita, á parte de tratar de dar resposta ó espírito desa moción presentada neste Pleno, xurde pola análise da enquisa de presupostos familiares que nos indica que o gasto medio dunha familia se situaba no ano 2005 en torno a 24.500 euros, polo tanto se vostedes actualizan ó ano 2007 verán que está no entorno dos 25.000 euros que eu estou sinalando.

Por último tamén como noutros anos propónse a conxelación de ordenanzas de carácter moi social como son as do centro de día de menores, axuda no fogar e escolas infantís.

Con estas propostas que estou realizando, máis que nada para a súa información porque xa estamos preparando orzamento do ano que ven, as previsións de ingresos situaríanse do seguinte xeito: No Capítulo I, impostos directos, acadarían 85 millóns de euros e sinxelamente e para que vostedes o lembren e poidan comparar teño que dicir que no ano 2005 esta mesma cantidade era de 83 millóns de euros. Deses 85 millóns de euros a partida máis importante é a do IBI con 47 millóns de euros que significa o 60% de todos os impostos directos que imos recadar.

Outro imposto importante é o de vehículos que segundo as nosas previsións acadará en torno a 13 millóns e medio, subindo algo máis do 4% sobre os case 13 millóns que se tiña previsto recadar no ano 2005.

Por outra banda o Capítulo II, impostos indirectos, acadará 10.800.000 euros e debo salientar que o imposto máis importante deste apartado é o de construcións e que a súa evolución dependerá das posibilidades de dar ou non licenzas, pero en todo caso dun xeito conservador calculamos unha previsión de ingresos de 5 millóns de euros.

De este xeito xeral e para non lles abrumar cos datos teño que dicir que os ingresos de operacións correntes deste Concello no ano 2007 acadarán uns 185 millóns de euros e iso supón aproximadamente un incremento nos ingresos dun 5,63%.

Para todo isto é para o que lles pido a súa aprobación e espero que así sexa.

SR. SOTO FERREIRO: Un argumento polo que nós non podemos apoiar un incremento de taxas xeralizado do 3,9% e non é por dicir si ou non a todo. Hai tempo que vimos dicindo, que por exemplo nos parece que nas tarifas de autotaxi desta cidade son notablemente inferiores ás de calquera outra cidade de Galicia e hai unha discriminación que non nos parece razoable e polo tanto nos gustaría atopar equiparacións en temas coma ese.

Pero logo de lle dicir isto digo que a min 3,9% xeralizado non me parece que se corresponda en principio coa inflación realmente prevista. En qué se traballa? Na inflación que a vostedes lle convén porque collen do mes "x" ó mes "y" e parécelles ben porque lles dá un número que lles vale ou que lles paga a pena, ou en previsión de inflación que é como se instrumentan os orzamentos do Estado e todos os da función pública?

Vostedes van por outro camiño, por un camiño que é realmente insólito en tanto a que non se corresponde nin coa administración da Xunta de Galicia, nin coa do Estado; vostedes marcan ese camiño porque lles convén, porque lles sae unha porcentaxe maior porque está habendo un decrecemento evidente da inflación e cara a fin de ano non vai rematar no 3,9%. Tampouco teño eu ciencias exactas e menos sen facer estudos económicos a ese respecto para saber o que debería ser, pero si que hai economistas neste Concello que poderían facer un estudo prospectivo e deberían dicirnos en canto vai rematar a inflación. Sen ter os estudos económicos xa lle digo eu en que vai rematar nun 3% e non nun 3,9.

Se estamos meténdolle máis-menos un punto máis de impostos a todos os cidadáns vigueses, dígolle cun absoluto descaro persoal que algúns gracias a Dios o podemos pagar pero que outros o pasan moi mal para poder facelo e como me preocupo profundamente por esa xente, eu non lles podo votar a favor dunha modificación de ordenanzas. Por se acaso, que o Sr. Figueroa ultimamente leva unha táctica política cara á galería de dicir que todos estamos en contra deles e fai un victimismo barato que asusta.

Sr. Alcalde en funcións, non vai diso; vai de que se vostedes presentan un aumento da prospectiva que razoablemente se provea nos números económicos o Partido Galeguista vota a favor. Non sei o que van dicir os demais porque non falei con eles pero o Partido Galeguista pensa que se vostedes se axustan á prospectiva de inflación prevista e polo tanto se non se convirten, por certo, en axuda da inflación non só de Vigo, senón que arrastra ademais ó conxunto da provincia de Pontevedra, que é o que vostedes fan cos seus orzamentos, o Partido Galeguista estaría a favor e polo tanto votaría a favor.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Estamos no último ano do seu mandato e polo tanto debera ser un ano onde o esforzo do Partido Popular se aproximara ó que no seu momento prometeu no seu programa electoral porque insistimos que é o último ano.

En primeiro lugar dámoslle a benvida a unha política que a nós parécenos adecuada e necesaria que é a política de educación fiscal e de tratar as subas das taxas e prezos públicos en función dos IPCs e non do discurso que no seu día prometeron de rebaixar os impostos, recurso fácil que cae moitas veces na demagogia. Nese sentido alegrámonos moitísimo porque esa é a política que practicamos dende o BNG. Vivir en sociedade ten o seu custo e se queremos servizos e de boa calidade o custo está máis que xustificado.

En todo caso será a capacidade de xestión tanto política como técnica do grupo gobernante ou do equipo de goberno a que sexa quen de facer máis rendible ou non eses impostos. Niso tamén nos imos deter na exposición. Polo tanto, benvidos a esta política porque non se pode utilizar isto de xeito demagóxico como xa se fixo porque ó final alguén ten que pagar os servizos que a sociedade demanda e sinceramente debemos ser cautos nos incrementos pero o que si é certo é que a cidadanía pide respostas ás súas necesidades.

Esta reflexión ven a conto para nos situar precisamente no último ano no que vostedes podían, ou poden porque aínda están sen aprobar, plasmar aquilo ó que no seu momento se comprometeron.

Hai outro aspecto importante do que vostede falou no Pleno do 27 de setembro do ano 2004: que o Partido Popular se comprometía a manter a presión fiscal para pagar todos os servizos municipais. Foi súa a intervención pero me supoño que faría de voceiro e polo tanto foi de todo o grupo municipal do Partido Popular.

Manifestaba nese sentido que se comprometían de diversos xeitos a que os prezos e impostos públicos que se presentaban serviran para sufragar os servizos que ían prestar á cidadanía. Daquela vostede lle pedía a cada vigués 338 euros. Tres anos logo estamos falando de 370 euros, segundo dicía.

O que si é certo é que nas políticas de bonificacións dende logo vostedes tiñan maior maxe se así o quixeran e dende logo se así o sentiran; remítome á propia lei en que fundamenta precisamente estas taxas, impostos e prezos públicos e sinceramente non fan nada novo.

Vostede di que introducen as bonificacións para familias numerosas pero iso non é certo porque en todo caso o que fai é modificar unha contía máxima en canto ós ingresos por persoa e familia dentro da familia numerosa, pero iso xa existía. O único que vostede cambia é o concepto de ingresos brutos agora polo que estaba antes de ingresos netos, pero en definitiva as bonificacións ás familias e neses conceptos en que se contemplan na proposta que vostede trae xa estaban conteplados. Non descubre nada novo e o único que fai é reducir aínda o número de familias porque só vai beneficiar a 825 familias numerosas, nin máis nin menos.

Pero para facer unha análise entre o que hoxe traen e a súa xestión, que foi o compromiso que adquiriron, ímoslle poñer un exemplo realmente da "boa" xestión que realizaron.

En primeiro lugar e da propia análise da documentación que nos remitiron, vostedes non cumpren a súa promesa e os propios prezos non pagan os servizos. Iso recoñécese nunha imensa maioría dos servizos que ata certo punto, ata poderíamos estar de acordo porque en todo caso haberá que buscar á parte de equilibrio, pero foron vostedes os que se comprometeron sen obriga de ningún tipo a este aspecto: que todos os prezos ían pagar os servizos públicos e non o fan.

A maiores o expediente que traen aquí ven incompleto porque nós notamos en falla algo importante, ó que por certo se comprometeu tamén o Partido Popular sen presión de ningún tipo, e é unha acta notarial da Sra. Alcaldesa onde se comprometía a que no decurso do seu mandato ía eliminar a taxa do lixo. Non aparece por ningures, non sei se está traspapelada, quedou en papel mollado ou sinceramente non cría niso e por iso non o traen. Ese foi un compromiso de seu, ninguén lles apurou ou presionou para que exerceran este compromiso.

Por todo iso dígolles que estamos no seu último ano e polo tanto non son quen de cumprir os seus compromisos como estamos vendo.

A respecto do lixo podemos poñelo como exemplo da súa "boa xestión". En primeiro lugar é importante e hai que ter en conta que non hai unha progresión dos ingresos acorde cos custos e cos dereitos recoñecidos netos; non son nin máis nin menos que produto das subas de IPC, pero non hai nin moito menos un traballo de campo que permita diminuír por un lado os debedores e por outro lado actualizar, cousa que hai que facer todos os anos, o padrón do lixo ou calquera outro.

Vostedes analicen friamente e a única suba que hai de dereitos recoñecidos é produto dos IPCs, nin máis nin menos. Iso non é bo porque os debedores sempre andan por riba dos dous millóns de euros, cantidade nada desprezable se a comparamos co último dato que é a liquidación do 2005 cando se recoñecían uns dereitos de 13 millóns. Boten contas e miren vostedes o que está sen executar.

Pero o que é máis, na documentación que vostedes nos remitiron falan da taxa de cobertura dos ingresos a respecto do custo do servizo. É curioso como dende que vostedes tomaron o poder hai unha progresión incesante en canto á diminución dos ingresos a respecto dos gastos. No lixo no ano 2003 se cubría o 85,62% e no ano 2006 só se cubría o 75,11%. Neses aspectos vostedes non só incumpren o que prometeron senón que ademais levan unha carreira galopante e en tres anos foron quen de diminuír 10,58 puntos da taxa de cobertura a respecto deste servizo.

É máis, para a proposta deste ano seguen no mesmo camiño e cúbrese o 75,4. É dicir, non hai previsión, nin traballo de campo, nin prospectiva para corrixir isto, en todo caso diminuír esta tendencia e aproximala a unha taxa máis razoable que poidera estar como vostedes o colleron no ano 2003. Máxime se temos en conta que aínda por riba, porque os prezos deben ir acompañados coa boa xestión, teoricamente así se comprometeron vostedes, é curioso que cando a Corporación anterior no ano 2000 colleu este servizo estaban en 528 quilos por habitante de lixo xerado e foise diminuindo cunha política de concienciación da cidadanía e nestes momentos, dende que precisamente vostedes colleron o goberno, estase voltando á inversa.

No ano 2000 cada habitante de Vigo xeraba, como lles dicía antes, 528 quilos; no ano 2001, 498; no 2002, 454; no 2003, 427; pero no ano 2004, que podemos dicir que é o ano real de xestión de vostedes, xa se sube a 445 quilos, sube un 4,19% e no ano 2005, que son os datos de referencia reais ós que se pode un remitir, estamos en 452, sube aínda por riba 1,64%.

Non só incumpren a súa promesa de tentar aproximar a recadación dos ingresos a respecto dos custos do servizo, senón que aínda por riba teñen unha pésima xestión en canto ós servizos e nomeadamente naquel no que vostedes se comprometeron sen que ninguén lles pedira absolutamente nada.

É curiosa esta diferenza de ingresos e gastos dende a Corporación anterior á actual, que é como hai que comparar. O ano 2003, que foi o último ano porque vostedes o colleron practicamente a final do ano, había unha diferenza entre custos e ingresos de 1.266.000 euros, é dicir, 210.000 pesetas. Iso é o que nos custaba a maiores a este Concello este servizo no ano 2003. Pois ben, no ano 2005, ano no que vostedes tiveron orzamento e puideron facer tamén outras políticas, a diferenza subiu a 4.476.000 euros. Estamos falando de 744 millóns de pesetas.

Vostedes non só xestionan mal porque hai un incremento de lixo por habitante, senón que aínda por riba e subindo o IPC o que fan é encarecer moitísimo máis ditos servizos. Como ven desa "boa xestión" vostedes poden estar tremendamente orgullosos.

Por certo, cómo se chama o xeito de xestionar cando na proposta do orzamento do ano 2006, proposta de vostedes que non se aprobou, orzamentan uns ingresos no ano 2006 de 13.850.000 euros e agora orzamentan exactamente o mesmo? Menos mal que ten unha suba do 3,6 do IPC. Miren vostedes a "boa" xestión que fan cos ingresos de todos os vigueses e viguesas e sinceiramente vostedes non son quen nin de cumprir as súas promesas, malia

que sexa unha acta notarial nese sentido, senón que á parte o único que están facendo é encarecer aínda máis eses servizos.

Por certo, como lles dixemos no debate da liquidación do ano 2005, no debate das taxas do ano 2006 aínda non aflorou todo pero imos agardar á liquidación do ano 2006 para ver realmente a "boa" xestión que vostedes fixeron a respecto dos servizos e política de ingresos. Tempo ó tempo.

SRA. GRAÑA BARCIA: A través das ordenanzas fiscais establécense e ordenan os tributos locais, así como a fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias, é dicir, a aprobación polo goberno do PP das ordenanzas fiscais que se produciu cada ano permitiu o incremento da recadación de ingresos para o Concello. Por iso pensabamos e esperabamos, porque este goberno xamais se atopou con obstáculos para aprobar as ordenanzas, que este sería o Pleno que solucionaría a histórica inxustiza da taxa da auga que obriga ó pagamento dunha subministración mínima sen ter en conta o consumo consonte prometeu. Pero non foi así, seguimos igual ou peor porque xa transcorreu un ano máis.

Vivimos cada ano, e xa van tres, propostas de incremento dos tributos locais por parte do goberno sen máis xustificación nin explicación que a suba do custo da vida e novamente este ano preséntannos unha proposta de iguais características. Esta proposta non pode ter o noso apoio por varias razóns. En primeiro lugar porque novamente nos atopamos cunha falla de estudos e análises económicas e de rendabilidade social.

O grupo municipal socialista, tanto no debate de aprobación das ordenanzas fiscais para 2005 como de 2006, amosou a súa disconformidade co goberno por carecer as súas propostas de estudos e análises económicas e de rendabilidade social que permitiran xustificar a decisión adoptada. Esta crítica asumíuse e aceptouse polo concelleiro Sr. Guerra, por non mencionar tamén os informes dos servizos técnicos que todos os anos consignan na conta xeral esta recomendación.

No mes de xullo deste ano, a través dunha carta dirixida á Sra. Alcaldesa, lembrámoslle a necesidade e o compromiso de realizar eses estudos e a súa resposta poucos días despois foi que efectivamente o goberno os estaba realizando, pero curiosamente chega este expediente e témonos que preguntar ónde están eses estudos porque dende logo é no expediente que hoxe se presenta non están.

O goberno municipal debe ser coidadoso cos efectos reais do establecemento de cargas tributarias para os cidadáns e iso significa non menoscabar os

criterios de suficiencia e autonomía local e sobre todo primar o principio de solidariedade. É unha tarefa difícil, Sr. Guerra, que só se pode acadar cun traballo serio, de racionacionalización e organización dos servizos. Este traballo non se fixo polo goberno e podemos velo nas taxas, que teñen como finalidade o pagamento da prestación dun servizo; establecece o seu custo, o que cada cidadán debe pagar sobre o que lle custa ó Concello a prestación dese servizo. Sen embargo nestes tres anos este goberno limitouse a fotocopiar os datos existentes de propostas anteriores, non se produciu nin a máis mínima valoración da calidade, por non falar de control, do cumprimento dos servizos que se prestan.

Que lonxe quedan as súas declaracións, Sr. Guerra, naquel Pleno de 2003 onde nos falaba de mellora da eficacia, da eficiencia, da calidade, do establecemento de mecanismos de control. Todo iso quedou recollido naquela acta, Sr. Guerra, e ata hoxe non vimos ren.

Pero non só esta razón, hai unha segunda razón que alude á súa mala xestión e a maior demostración da súa mala xestión foi a non presentación de orzamento para este ano diante do Pleno. Presentaron e aprobaron as ordenanzas fiscais para este ano 2006 e polo tanto o que ían ingresar pero non presentaron orzamento, furtaron do debate orzamentario en qué o ían gastar o que non só representa un acto de covardía, senón tamén unha grave anomalía da súa xestión.

A ausencia de xestión dá como resultado unha mala xestión e demostra tamén, como xa dixemos, que as ordenanzas carezan de estudos económicos e de análises previas de racionalización e mellora dos servizos que se prestan e dos custos dos mesmos, sen esquecer que iso conduce a unha clara inxustiza social.

Hai exemplos significativos de mala xestión dos servizos municipais, dende eternos procesos de contratación, ata o pagamento dunha factura íntegra a unha concesionaria logo de varios días de folga, ou anuncios de expedientes que se inician a empresas que incumpren as condicións contractuais, anuncios neste mesmo Pleno e que logo curiosamente se arquivan.

Esta non é só unha visión que poidamos ter dende os grupos da oposicións, é unha visión cidadá de deficientes servizos na limpeza, na ORA, no abastecemento, no saneamento, nos parques públicos..., é unha deficiente visión que ademais queda demostrada por feitos: nas queixas que os cidadáns presentan cada mes, nun número aproximado de 500, como xa se comentou noutro Pleno, ou no número de reclamacións de responsabilidade patrimonial que tamén se presentan mensualmente neste Concello.

Pero o exemplo máis específico no que hoxe debatemos está no incumprimento do compromiso de modificación da taxa da auga. O seu compromiso acompañou a ordenanza do ano pasado e encheu titulares, entroutros: "O Concello proxecta cobrar a partir de xaneiro só pola auga que se consuma", "O PP busca fórmulas para que se pague só a auga que se consuma". Pero un ano máis e obviando a iniciativa do Valedor do Cidadán, os vigueses continuaremos pagando unha subministración mínima que non se establece en base ó consumo. Unha terceira razón, Sr. Guerra, que alude a determinados anuncios máis pretos da demagoxia que das realidades dende logo.

Pero non só xestionan mal e incumpren os seus compromisos, senón que tratan de tapar tamaña ineficacia con propaganda, situación que por outra banda non estraña dos que se comprometeron electoralmente e ante notario á supresión da taxa do lixo, porque o anuncio de exención a familias numerosas non é máis ca iso: un anuncio.

Nalgúns casos como no Impuesto de bens inmobles, como vostede mesmo demostrou na súa intervención, un dos de maior importancia dentro dos ingresos municipais, xa se atopaba unha exención prevista para familias numerosas. Noutros casos como o lixo ou escolas infantís, xa estaba recollida a exención a familias con baixos ingresos que é como se contempla a exención a familias numerosas. Estase contemplando unha exención para familias con determinados recursos e este suposto, se ben é certo que con outras cantidades, como tal suposto xa existía.

Como novidade si se incorpora a servizos como os de inspección sanitaria ou sanidade preventiva. Falamos de servizos do Laboratorio municipal ou de desratización. É case unha burla, Sr. Guerra, para as familias numerosas que precisamente a vontade política deste goberno se concrete en servizos que elas non utilizan. Aínda non vimos o dato de cantas familias numerosas se van beneficiar dun tratamento fiscal mellor ó que xa tiñan.

Ademais me gustaría que matizara un pouco as súas intervencións pois está a falar de exencións en relación con determinadas taxas ou impostos como se foran exencións que aplicaran á globalidade dos supostos que se contemplan en cada unha delas e vostede sabe perfectamente que non é así. Cando fala dunha exención en expedición de documentos sabe perfectamente que a exención non cubre calquera suposto de exención de documentos, senón exclusivamente un dos supostos dos centos que existen.

Este grupo presentou no seu día unha moción para favorecer ás familias numerosas; pois ben, en ningún caso se pode entender que con esta ridícula

proposta se dera cumprimento á nosa moción, dende logo a nosa pretensión era moito máis ambiciosa que aquilo co que nos atopamos.

Falla de estudos e análises económicas, mala xestión política e demagoxia é a súa carta de presentación destas ordenanzas. Non presentan a modificación da taxa da auga, modificación prometida e de xustiza e búrlanse das familias numerosas con anuncios e sen realidades.

Sr. Guerra, señores do goberno, só foron quen de demostrar a súa incapacidade para cumprir os seus compromisos, fan imposible o noso apoio. Unha vez máis a nosa responsabilidade para evitaren un dano nas contas públicas impídenos votar en contra pero lles aseguro que o facemos con profundo malestar. Se tanto din querer a Vigo deberían demostralo presentando as mellores ordenanzas e non o que se nos presentou. Moitas gracias.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Moitos dos casos do que se dixo, por suposto que é unha crítica que vou tentar rebater. Digo de verdade que me molestou especialmente o tema da burla ás familias numerosas, coido que a verba "burla" en absoluto se debe utilizar neste caso pero o deixo para cando explique o tema das exencións para as familias numerosas.

Vou empezar pola intervención do Sr. Soto que sempre me sorprende. Eu estudo a ver por onde pode vir, por onde me vai catar as pulgas e sempre me pregunta o que non tiña preparado.

Dime que non nos apoia as taxas porque aplicamos o IPC anterior e non o futuro. Sinceramente, Sr. Soto, fíxose sempre absolutamente así, en todos os anos dos que teño consciencia e coñecemento, en toda a documentación que consulte sempre se fixo así na historia recente. Cóllense as series do INE e o IPC pasado, é dicir, o real. Hai un determinado momento que empezaría, non sei cando, este sistema pero agora o que estamos facendo é precisamente aplicar o IPC real que é o IPC pasado, non é ningún tipo de estimación e polo tanto espero que logo desta aclaración nos apoie nas taxas porque esta foi basicamente a súa crítica.

Por outro lado me resulta curioso que primeiro me critica porque aplico o IPC e logo os señores do Bloque me din: benvido á política fiscal de aplicación do IPC. A verdade é que non se vai poder satisfacer a todo o mundo pero neste caso a verdade é que o tentei.

A crítica fundamental que me fai vostede, Sr. Viéitez, é o tema do lixo, tema no que insiste e sinceramente paréceme que é un pouco reiterativo porque preparando todos os Plenos vexo que é a mesma. Eu non vou entrar no

tema de SOGAMA; vostede fai unha serie de afirmacións de cálculos que teñen que ver cunha suba de SOGAMA, non de mala xestión municipal, senón sinxelamente que hai unha cota superior e iso fai que sinxelamente a cobertura sexa menor; é tan sinxelo coma iso.

Ademais fai unha afirmación, se me permite a expresión e con todo o cariño, un pouco maniquea. Dime que se presentamos a proposta do lixo nos "cargamos" a facenda municipal, somos uns irresponsables, etc.; e se non a presentamos nos din por qué non a presentamos, que non cumprimos a nosa palabra, etc. É un círculo vicioso. Pero ó que nós e a señora Alcaldesa nos comprometimos foi a aplicar unha redución paulatina no recibo do lixo.

Non fai falla ser moi listos e coído que os cidadáns entenden perfectamente que se o poideramos aplicar, aplicaríamolo pero se non podemos, e non fai falla seren moi perspicaz para se dar conta que non se pode aplicar con dez votos, non o podo facer; non é que non queramos, é que teño ata as mocións presentadas, na primeira vez que presentei esa iniciativa, nas que vostedes nos "recomendaban" retirar a iniciativa. Polo tanto, qué queren? Que estea continuamente repetindo o mesmo discurso? Pois non podo repetir ese discurso porque sinceramente non temos as posibilidades de poder aplicalo aínda que seguramente nos gustaría moito podelo facer porque eu persoalmente creo na redución da presión fiscal.

Eu coído que o que lles interesa ós cidadáns é a xestión dos recursos. Nós tivemos un orzamento tres anos e demostramos nel como de podían liberar moitos gastos improductivos e como estes gastos permitiron mellorar a xestión de moitísimos servizos. Non teño que recuperar toda a discusión do orzamento pero isto é así.

No ano 2001 vostedes subiron o recibo do lixo un 17%. Iso significou que recadamos máis e polo tanto o equilibrio nese servizo será maior. Pero á vez se poden dar casos como que vostedes duplican os gastos de publicidade, de autoproganda en toda unha lexislatura e ó final o efecto sobre as contas municipais é o mesmo porque o que realmente importa, e vostede sábeo moi ben, é o equilibrio entre todos os ingresos que recibimos e os gastos e iso, como agora lles vou ilustrar, está máis que xustificado en todas as liquidacións de ingresos que realizamos. Voulle adiantar algunhas do ano 2006 porque non sei de onde quere sacar algunha coma unha ameaza.

As liquidacións do ano 2006 son extraordinarias, son mellores cas de anos anteriores. Digo isto sobre o tema do lixo e non sei se dunha vez por todas podemos pechar este debate. Eu tamén teño un montón de datos sobre o tema de SOGAMA, insístolle en que non os quero traer porque isto non ten que ver

cunha decisión relativa a estas taxas municipais senón que é sinxelamente así.

Logo me fala tamén do tema da presión fiscal. É verdade que nos comprometimos ó mantemento da presión fiscal e eu digo algunhas veces que na medida das nosas posibilidades me gustaría reducilas. Ó longo destes anos si se reduciu a presión fiscal en moi pequena medida, pero lles lembro que nas taxas anteriores a estas aprobamos todos, aínda que coido lembrar que vostedes se abstiveron, unha conxelación na parte municipal do IBI. Coido que non se lle deu suficiente importancia pero iso se aprobou e aplicouse e polo tanto iso, nunha pequena medida, significa unha redución fiscal. Se cos mesmos recursos estamos xestionando mellor, é tan evidente coma iso.

Tamén me fala vostede que en xeral os ingresos que recibimos por cada un dos servizos non cubren o gasto. Eu teño por aquí unha serie histórica de todos os anos dende o ano 2000 e de todos e cada un dos servizos. Absolutamente en ningún caso se cubría o importe do servizo.

Polo tanto o que vostedes din concretamente do tema do lixo é absolutamente demagogia porque saben que xamais se cubriu ningún servizo e que a baixada da cobertura no recibo do lixo ten que ver moito máis con SOGAMA que coa propia xestión deste Concello. Ademais no caso específico do lixo non ten por qué ser un criterio desta concellería cubrir toda a prestación do servizo a través do imposto, en absoluto ten que ser; podíamos decidir, como así fixemos, que ese 25% que non ten cobertura se cubra repartíndoo entre todos os propietarios que teñen que pagar o IBI.

A verdade é que isto non o inventamos nós, hai moitas grandes cidades en España como Madrid, Valencia, Valladolid, Palma, non sei se Zaragoza, coido que ata 12 das grandes cidades de España que o recibo do lixo xa está incluído dentro do recibo do IBI e polo tanto non descubrimos ren. Sinxelamente nós, polas circunstancias políticas que se dan neste momento, non o podemos aplicar. Esa é a única razón.

Faloume do tema dos ingresos, de por qué consideramos para o ano que ven un ingreso similar ó anterior. Xa o expliquei varias veces e probablemente por iso a nós cádrannos as contas cada vez mellor e é que na política de ingresos, como en calquera empresa, coido que é recomendable facer previsións conservadoras, previsións á baixa porque así sempre as sorpresas son positivas como se produciu nestes tres anos de xestión municipal.

Voulles dar os datos da liquidación do ano 2006, datos que temos ata agora porque vostede di que tempo ó tempo e a ver que vai pasar.

Impuestos directos: estímase a 31 de decembro que este Capítulo se superará o 105% da recadación presupuestada. Na actualidade o imposto de bens inmobles xa está nun 103,63 e o de vehículos nun 107,5 a día de hoxe.

No Capítulo II levamos a día de hoxe o 90,42% dos dereitos liquidados; a día 31 de decembro esperamos acadar o 100% deste capítulo. No imposto de construcións e só para lles dar un dato: no 2004 tramitáronse 1090 licenzas, no ano 2006, 500. Malia todo o grao de cumprimento deste capítulo, e díxenlles antes que neste capítulo o ICIO é unha parte fundamental do mesmo, vai ser o 100%.

Capítulo III, taxas e outros ingresos. A 24 de outubro está en 92,70% e é moi relevante o comportamento da taxa do lixo de vivenda que por certo é de todas as taxas a que se paga en maior medida en período voluntario, cuxa execución arroxa o 107,08% xa recadado.

Capítulo IV, transferencias correntes 111. Para non me facer pesado, o conxunto do presuposto corrente de ingresos atópase nestes momentos a 102,09% de recadación. Polo tanto en absoluto sei eu por onde vai ese "tempo ó tempo" que vostede quere mencionar e agradeceríalle que mo dixera para ter precaución a ese respecto.

Pero non só de ingresos, vou falar tamén dos gastos e este ano non tivemos orzamento pero houbo algunhas modificacións de crédito que ascenderon a 33,3 millóns de euros. Deses só quedan dispoñibles, é dicir que non están en proceso de adxudicación, 5,5 millóns; dos que 2,6 millóns xa están aprobados os proxectos e os pregos de cláusulas administrativas. Outros 0,6 millóns corresponden a un convenio coa Deputación de Pontevedra relativo a un campo de fútbol sintético que xa está tramitado e o resto, 1,5 son cousas relativamente pequenas que non presentan problemas. Practicamente está todo executado dende o punto de vista dos gastos. Sen ter orzamento non coido que sexa un mal dato.

O tema da auga como vostedes saben é especialmente complicado. Non sei se me parece que dan a entender que nós non propoñemos unha modificación nas tarifas da auga porque temos un afán recadador excesivo e non queremos presentar unha modificación da estrutura das taxas da auga. Saben perfectamente que non é así, saben que da estrutura da concesión que hai neste momento se deriva que ese contrato, esa concesión ten que ter un equilibrio económico financeiro e polo tanto se dalgún sitio se quita nalgún sitio se ten que poñer.

Para enténdermos, é unha ecuación que suma 100 e se uns consumidores se ven beneficiados, outros moitos se ven prexudicados. Nós comprometímonos á

análise e ó estudo da valoración da posible aplicación dunha estrutura de tarifas, pero tiña que ter tres condicións básicas: unha racionalidade económica porque así o esixe o contrato e porque esixe que manteñamos o equilibrio económico-financieiro da concesión. A segunda é unha racionalidade medioambiental, coido que estaremos todos de acordo en que se consuma menos auga e nesa medida motivalo. A terceira era unha racionalidade social, que apliquemos axeitadamente os criterios de capacidade de gasto, de beneficio e de progresividade na aplicación da taxa. Vostedes saben que nos dos criterios, o da racionalidade económica e da racionalidade social, está o problema e é un gran problema, é unha dificultade porque como digo se uns se benefician, outros moitos se teñen que prexudicar.

Efectivamente encargamos estudos detallados para valorar a posible aplicación doutra estrutura tarifaria e como hai que cadrar a conta e ó final a recadación é exactamente a mesma, as solucións son dous ou tres. A primeira subir de xeito moi importante a parte fixa da cota, o que significa o enganche. A segunda posibilidade é subir máis que proporcionalmente a tarifa en determinados tramos de consumo. A terceira é a combinación das dúas: subir parte da parte fixa e a combinación de consumos.

Pero isto é moi complicado e para tomar esa decisión hai que estar absolutamente seguro do que se fai e de que a información da que dispoñemos neste momento é a máis axeitada para lles poder presentar a vostedes unha proposta axeitada e correcta. Nestes momentos esa información, malia que teño algúns estudos, non a teño. Hai factores que coido debemos ter moi en conta como por exemplo o consumo per cápita.

Vostedes estarán de acordo comigo que non é mesmo o consumo de 10 m³ dunha unidade familiar de dúas persoas que o consumo de 10 m³ dunha unidade familiar de catro persoas. Tamén hai datos comparativos doutras cidades porque se fala de que outras cidades teñen menos consumo, pero eses datos non están completamente claros. Hai un dato fundamental que a min me esixe un maior abondamento neste tema e por iso temos todos que o pensar moi ben e é que o dato da estrutura de consumo desta cidade é completamente diferente ó de calquera outra cidade e polo tanto aplicar unha tarifa en función do consumo puro non é tan sinxelo e explico o por qué

Para que se fagan unha idea o consumo dunha unidade familiar nunha casa de Candeán, de Coruxo, de Saiáns é aproximadamente do dobre, 1,6 aproximadamente, que o consumo dunha unidade urbana da mesma unidade

familiar no centro da cidade. Cambiar a estrutura de tarifas como significa que cheguemos ó mesmo equilibrio, significa prexudicar a estas persoas que teñen unha forma de vivir e un hábitat específico. Estou seguro de que nin vostedes nin eu quereremos prexudicar a esas persoas.

Estamos nun proceso de maior análise deste complicado tema e para iso todos temos que ser conscientes que dada a súa dificultade e dada a importancia que ten para todos debería estar un pouquiño á marxe da discusión partidista e por iso solicito a súa comprensión neste sentido. Coido que iso aclara o noso punto sobre a situación da auga.

En canto ó tema das familias numerosas, Sra. Graña, a min paréceme unha contradición. Vostedes nun Pleno fan unha proposta para que fagamos unha bonificación para as familias numerosas e unha vez que a facemos o que nos din é que xa estaba nas taxas. No único imposto que estaba era no IBI e precisamente porque a lei o permite porque no resto dos impostos a lei non o permite e por iso nós temos que aplicar a exención a taxas. Esa é a razón e vostede xa coñece por qué non se pode aplicar a outros impostos, senón que se aplica só a ese porque precisamente a lexislación nolo permite.

En canto ó resto se colleu unha medida de renda media, trátase de beneficiar ó maior número de familias e non en absoluto de nos burlar de ningunha familia numerosa ás que eu lles teño o maior respecto e o meu maior apoio. Polo tanto hai unha contradición: ou facemos caso á moción que vostedes nos presentaron ou presentamos isto, unha de dúas.

Penso que estamos presentando unhas taxas que seguen unha liña de continuidade coas anteriores, como ben dicía o Sr. Viéitez, que garante unha estabilidade á facenda municipal e que cumpre con algúns dos requisitos que nos solicitaron neste Pleno.

SR. SOTO FERREIRO: Á parte de manter os argumentos de que aumentos superiores á inflación prevista provocan inflación e prexudican ás economías máis modestas e por iso nesta contía de aumento nós non lles podemos votar a favor da suba de taxas e impostos, á verdade é que eu este ano aforrábame falarlle de ingresos, Sr. Guerra, pero por unha razón, porque vostedes o que non xestionaron ata agora na medida da mellora dos ingresos non son xa quen de o facer; está claro, xa non teñen tempo e polo tanto renunciei a falar dese tema. Sácamo vostede e doulle a explicación do por qué.

Vostedes nun balance final foron incapaces de mellorar radical e substancialmente os ingresos do Concello de Vigo como é perfectamente

posible. Díxenllo varias veces, ofrecínlle a miña colaboración e polas razóns que sexan vostede nin a quixo ou alomenos non a pediu, nin o soubo facer pola súa conta. Polo tanto paréceme que aí hai un fallo estrutural que prexudica a todos os impositores porque hai agachadas unha serie de persoas que non pagan o que deberan e iso fai que os que pagamos teñamos que pagar a conta dos que non o fan. Supoño que aínda que é un trabalinguas se me entende perfectamente. Polo tanto vostedes están con esa falla de xestión prexudicando gravemente a todos os impositores.

Repítolle que neste tema de impostos infelizmente os que pagan "o pato", os que máis sofren e máis dificultades teñen son as economías máis modestas, os pensionistas e unha serie de xentes que as pasan "canutas" para chegaren ó final do mes. A vostede non lle pasa iso, Sr. Guerra, e a min que teño unha economía moitísimo máis inferior á súa tampouco, pero de verdade créame que hai un grupo de xente que o pasa moi mal para chegaren ó fin do mes.

Estes orzamentos tal e como vostede os presenta e con esta xestión municipal, están prexudicando a esas economías e por iso non votamos isto, non é por máis ou por menos cartos. Dinlle un exemplo antes, dígolle que na nosa opinión, se os taxis na Coruña custan tanto e en Santiago, Lugo ou Ourense non sei canto, por qué en Vigo temos unha tarifa inferior histórica que está prexudicando claramente a un colectivo humano de traballadores que realmente necesitan como ferramenta de traballo o seu taxi para vivir?

Xa ve que non é todos máis nin todos menos pero, por certo, no da taxa do lixo naturalmente fan vostedes ben agora e non antes. O seu anuncio electoral era impresentable, cara á galería, para facer fotos do xeito que fose e agora vostedes con maior realismo achéganse ó que hai que facer: manter o razoable ingreso polo servizo e non permitir que ese servizo se poida prexudicar gravísimamente.

Polo tanto xa ve que non é darlle todo para abaixo nin para enriba, é facer outro tipo de xestión, Sr. Guerra, e o resultado final do que presenta é inflacionista e caro, as dúas cousas.

É certo que vostede se apoia en datos históricos do IPC pero lle volto dicir que non se fixera sempre así porque se se refire ós últimos anos pode ser pero xamais se fixo así e dinlle dous exemplos moi claros: os orzamentos do Estado e os da Xunta de Galicia non se fan con ese criterio, establécense cos criterios que lle digo eu e fano entroutras cousas para controlar a inflación na medida do posible, que xa non está moi ben controlada, por certo, porque é un dos elementos que máis prexudica ó

desenvolvemento económico dun país e dende logo o que máis prexudica ás economías máis febles.

Polo tanto todo o que se faga niso non é unha abstracción porque a inflación significa que lle están poñendo unha suba maior do que vostede vai recibir de ingresos e polo tanto están encarecendo os servizos. A ver se se me entende así, o que vostedes están a facer e poñer máis caros os servizos que a porcentaxe de ingresos que van ter moitos cidadáns e polo tanto están encarecéndolles os servizos proporcional e directamente e iso porque é inxusto, repito, non podemos votar con ese tipo de criterio.

SR. TOBA GIRÓN: Con brevidade pero apuntando no que coidamos necesario.

En primeiro lugar e como xa dixo o meu compañeiro, Sr. Viéitez, efectivamente tráese outra vez unha suba automática vía IPC medido abril/abril, que é unha decisión coma outra calquera e que nós coidamos que é unha boa política impositiva posta en marcha alá polo ano 99 que debe redundar en que a administración funcione mellor de xeito solvente e non voltemos a aqueles tempos dos tremendos buracos agachados baixo bolsas difíciles de identificar. Por ese lado é unha política transparente e clara que xa manifestamos en Plenos de anos pasados que ese é o noso posicionamento, se ben efectivamente, apunta o Sr. Soto, é unha política que se cadra debe ser sometida a debate a partir do ano 2007 e coas expectativas do 2008, pero en todo caso non é este o ano.

En segundo lugar, Sr. Guerra, o Sr. Viéitez non falou da tarifa da auga. Eu si vou falar pero con moita brevidade e prudenza dun tema que é complexo, que o noso grupo entendía que debía ser resolto polo conxunto da Corporación, pero dun tema do que, que nós saibamos, non houbo ningunha reunión para poñer enriba da mesa a resolución dos problemas que teñen que casar varios aspectos e vostede citou algún.

Evidentemente o equilibrio económico-financeiro do Concello sen dúbida ten que estar enriba da mesa, pero indubidablemente hai que casar tamén unha política de aforro da auga e esa política require de decisións políticas, do conxunto da Corporación, sen dúbida. Nós tamén coñecemos os mapas de consumo da nosa cidade, vounos calificar dun xeito distinto a vostede, son absolutamente desiguais e con iso xa o estou expresando con claridade porque cando un consumo é rotundamente desigual e se carga o exceso de consumo dunha parte na outra, estase realizando unha política impositiva desigual e ademais estase favorecendo o aumento dos consumos da auga, polo tanto estase indo contra un deseño de política que sexa sustentable a

respecto dun recurso que é escaso. Pero da súa escaseza discutimos no Pleno desta Corporación e en Xunta de Voceiros en moitas ocasións.

Sr. Guerra, vostede non tivo en conta ese factor e non tivo en conta algo esencial porque se había que discutir un acordo ó redor da tarifa da auga o mellor é buscar un acordo político do conxunto da Corporación. Vostede non o buscou, non se tomou o esforzo neses minutos de ouro que entrega a esta administración por obriga (Lei de bases de réxime local), non reservou algúns minutos de ouro para consorciar convenientemente con toda a Corporación unha política de tarifas da auga sensata, perdurable polo resto da concesión e que permita compatibilizar o réxime económico-financeiro dunha concesión, e polo tanto o seu equilibrio, cunha política de sustentabilidade medioambiental.

Non se tomou vostede esa molestia e mire que estou sendo suave no que estou expresando por pura prudenza nun asunto que seguramente vostede coñece ben e nós tamén o coñecemos, que require de coidado na toma de decisións sobre todo porque non queda xa moita duración da actual concesión administrativa e é conveniente encarar tamén o punto final dese proceso contractual nas mellores condicións para a administración.

Por esa razón silenciámos en parte a nosa liña de crítica a esa tarifa pero si expresamos con claridade unha crítica moi contundente a vostede como responsable da área por non ter sabido, non se ter empregado na busca dese acordo rotundamente necesario. Seguramente se vostede empregara algúns deses minutos que son coma diamantes a esta administración (e xa elevei a categoría dos minutos), neste momento teríamos un tema tan complicado como a tarifa da auga sometido á óptica evidentemente do equilibrio da concesión e, por outra parte, teríamolo tamén sometido a unha revisión derivada dunha política tamén de sustentabilidade ambiental e de control dun recurso que ademais precisamente o debate a respecto desa cuestión deu lugar no seu momento mesmo ó cesamento dun membro do equipo de goberno, o Sr. Iglesias.

Nós, cando chegamos xa a este punto Sr. Guerra, e estamos nas súas últimas ordenanzas, deste mandato quero dicir, temos que ir botando contas do feito e de qué situación herda a nova Corporación. Efectivamente dicía o Sr. Viéitez cun pouco de ironía que fallaba unha acta notarial neste expediente, xa fallou no expediente do ano pasado e no do ano anterior e nós sinceramente entendemos que a ausencia desa acta notarial ten que ver co sinxelo recoñecemento de que a actual Alcaldesa se comprometeu a algo que en rigor non podía realizar, sen máis, non o podía levar a cabo, nin siquera o tentou porque, Sr. Guerra, créame que coñezo o sistema de

Valencia e o que significa é diferir sinxelamente o pagamento do lixo sobre o IBI. Nós entendiamos, aínda que non coñecemos a acta notarial que debería estar no expediente, que se trataba da pura e sinxela extinción e non da súa transformación nun IBI máis grande porque entón calquera votante do Partido Popular, se esa era a expresión, sen dúbida podería poñer unha demanda por fraude electoral porque non era iso.

O feito é que a acta segue fallando, recoñécese por parte do Partido Popular que aquela promesa electoral era sinxelamente unha acta notarial en termos de facenda absolutamente inasumible e irrealizable. Pero non é que botemos xa en falla esa acta notarial, é que empezamos a notar o buraco xerado, empezamos a comprender o buraco que a súa xestión está dando lugar, á parte de deixar fóra a acta notarial.

No ano 2003 o déficit dese servizo era de pouco máis de 200 millóns de pesetas. Claro que houbo unha suba no ano 2001, o Pleno da Corporación adoptou un acordo en relación con aquel contrato e ese acordo comportaba un custo político que había que asumir e aquel goberno asumiu ese custo político que representaba a suba do 16 e pico por cento da taxa do lixo.

Pero é que vostedes que atoparon un servizo con 200 millóns de pesetas de déficit, agora o teñen clavado en case 800 millóns de pesetas de déficit. No ano 99 o déficit deste servizo era de 500 millóns de pesetas, o anterior goberno municipal redúceo a 200 e vostedes non é que o eleven outra vez a 500, xa o elevan a 800; aumentan o déficit un 400%, exactamente un 370%.

Esa é a súa política, a política do Partido Popular, nin cumpren a promesa electoral e desfondan mecanicamente; os números cantan, Sr. Guerra, están enriba da mesa e vostede multiplicou por 4 o déficit dese servizo.

SOGAMA, por suposto pero, qué pasa, Sr. Guerra? O acordo de SOGAMA choveu do ceo? Porque vostede o presenta e preséntallo ós cidadáns como unha especie de maldición bíblica que veu sobre esta cidade e que a vostedes non lles quedou outro remedio que aceptar. Non, Sr. Guerra, vostede votou o acordo de SOGAMA neste Pleno, ten que dar conta dese voto diante da cidadanía porque ese voto significou que o pagamento a SOGAMA pasara no ano 2003 de 36 euros/tonelada a 50 euros/tonelada cun aumento de case o 40%.

Non diga vostede que iso é unha maldición bíblica, non é ningún diluvio, é a consecuencia do seu voto, dos seus votos; si, Sr. Figueroa, dos seus votos, pero do voto do Sr. Guerra que é concelleiro de Facenda e que lle ten que explicar ese aumento do déficit á cidadanía de Vigo: de 200 a 800 millóns de pesetas. Este é o resultado da súa política e por suposto do incumprimento e desaparición desa acta notariala que, por certo, sería

conveniente que asinaran o "copyright" porque teño entendido que está moi reproducida por aí adiante; sementaron vostedes un bo exemplo. En todo caso esta é a realidade.

Cando o Sr. Viéitez di que estaremos moi atentos á liquidación do 2006, non imos estar sobre o cumprimento de ingresos, Sr. Guerra, xa llo anuncio eu porque, cómo imos estar sobre o cumprimento de ingresos se vostede cun aumento do 3,6% este ano pensa ingresar pola taxa do lixo o mesmo que presupostaba hai un ano? Iso non é prudenza, é incapacidade para presupostar. Está vostede presupostando as mesmas cantidades que no orzamento abortado do ano 2006 cun incremento do 3,6. Imposible, os números non saen. Non imos por aí, agardaremos a ver no ano 2006 cal é o gasto consolidado, o gasto en créditos definitivos realmente consumidos e sobre todo imos ir con moito coidado ó equilibrio das bolsas de gasto corrente e de ingreso corrente, Sr. Guerra, porque igual que dispararon o de SOGAMA, así dispararon múltiples contratos practicamente ineficaces para a cidade pero que aumentaron ese gasto. Sobre iso imos ir porque esa é a xestión dun goberno e é a parte da xestión máis difícil, Sr. Guerra, esa que vostede non tivo tempo a facer porque con escasos minutos de ouro ou de diamante é realmente imposible. Esa é a xestión da que vostede se despreocupou e imos ver cántos euros de cada dez quedan retidos en gasto corrente nesta administración coa liquidación do ano 2006.

SRA. GRAÑA BARCIA: En primeiro lugar aproveito que fixo vostede, Sr. Guerra, referencias á liquidación do 2006 anticipando unha serie de datos e que fai vostede esas manifestacións para lle lembrar o incumprimento de presentación trimestral de liquidación ante o Pleno. Espero que este momento sirva non só para lle lembrar ese incumprimento, senón para que a partir de agora subsane esa deficiencia.

En canto á súa intervención sobre o fondo tres pequenas matizacións. Interpreto que respecto ó contido da nosa intervención en canto ó incumprimento do compromiso de falla de estudos e análises, na medida en que vostede non reparou nada calculo que hai unha aceptación, aceptación que ten que ser obvia dado que vostede se comprometeu e non pode acreditar que fixera nada nese sentido.

En relación á taxa da auga, por unha parte nos pide prudenza, que deixemos á marxe este tema dada a súa complexidade, o que nos parecería moi ben se vostedes non foran os que nas ordenanzas do ano pasado presentan o documento onde se recolle a racionalidade económica, medioambiental e

social pero tamén recolle a supresión dos mínimos obrigatorios de consumo bimestral; isto presentáronno vostedes coas ordenanzas e non o Grupo municipal socialista. Foron vostedes os que encheron titulares de prensa respecto a que a modificación se produciría este ano e non foi o Grupo municipal socialista.

Na mesma medida en que nos está pedindo complicidade neste asunto, Sr. Guerra, xamais se lle negou o que pasa é que xamais existiu pola súa banda absolutamente ningún acto, ningún achegamento para que poidera existir nese sentido. É neste momento, cando se lle lembra o incumprimento do seu compromiso, cando fala vostede respecto ó resto dos grupos da taxa da auga, ata este momento única e exclusivamente houbo titulares nos medios.

Por último, respecto ás familias numerosas ningunha contradición, Sr. Guerra, é máis, na moción que presentou este grupo, en concreta a miña compañeira Sra. Sío, foi absolutamente prudente dado o tema do que se estaba falando e pediuse que se realizaran estudos para ver que exencións se podía practicar, en qué medida ou calquera outro tipo de bonificación que mesmo non tiña que ir pola vía tributaria. De súpeto co que nos atopamos foi cun anuncio ós catro ventos de exención respecto ás familias numerosas, non recoñecendo que o que se estaba propoñendo por parte do Goberno era ridículo, pouco ambicioso e que en absoluto cumpría o espírito daquela moción.

Só hai un problema, Sr. Guerra, e é a súa falla de credibilidade ante todos e especialmente eu diría que ante os seus amigos que coido que eran María e Jesús, corríxame se erro no nome, que non sei se serán ou non familia numerosa. Comprométese vostede, Sr. Guerra, e se leva comprometendo dende o ano 2003 e non cumpre ou se queda nun mero exercizo de propaganda. Sentímolo moito, Sr. Guerra, pero esa é a realidade.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Eu xa sabía que o Sr. Soto quería falar da xestión de ingresos e eu tamén, Sr. Soto, por iso lle deixei para que vostede me centrara e eu vou tentar explicarlle catro cousas dun xeito moi resumido porque coido que sinceramente os servizos de ingresos deste Concello son fantásticos, están facendo un bo traballo e por respecto a eles creo que debo dar unha pequena conta de cousas que se están facendo, novidades que se están aplicando e que coido que son moi útiles para a mellora na xestión dos ingresos municipais.

De xeito xeral, dalgunhas cousas que se están facendo a máis importante é o mantemento. Comézase a executar no ano 2004 unha cartografía catastral coa

que se minimizaron ata o 0% as reclamacións por erros catastrais, aumentáronse os índices de recadación do IBI, dotouse á administración tributaria de bases de datos gráficas para a aplicación nos restantes tributos. Esperamos que a finais deste ano o Concello contará coa totalidade da base cartográfica que inclúe datos relevantes de inmobles e dos seus titulares, deste xeito esta información que se está recabando neste momento poderá ser aplicada en todos os departamentos. A verdade é que se pretende revolucionar dalgún xeito a xestión de departamentos como tráfico, para temas de vados, reserva de aparcadoiros, urbanismo, identificación catastral de licenzas urbanísticas, vías e obras e estatística.

Dende comezos do 2005 todas as xanelas que hai na lonxa municipal dispoñen de pantallas de información que visualizan a cartografía catastral e que no mesmo acto permiten a consulta de discrepancias cos contribuintes en relación a feitos impositivos como a superficie da súa vivenda, o acceso, imprimir un plano do contribuínte, etc. Nos próximos meses completaremos esa visualización con documentos como a reografía dos propios edificios e fotografías da fachada.

Dende primeiros do ano 2006 hai instalados tres puntos de información catastral, un no edificio de Asefal, outro no Negociado do Imposto de bens inmobles e outro no Negociado de Base de Datos onde dun xeito gratuito ós titulares catastrais ou ós seus representantes se lles dá unha certificación descritiva e gráfica de todos os inmobles da súa propiedade radicados en toda España. É un servizo moi valioso e que ven ser un primeiro paso no tema da xanela única.

Así mesmo, realizáronse 304 inspeccións do IAE con 285 diferencias a favor do Concello, uns ingresos de 4.491.000 euros. Implementouse informaticamente un sistema para corrixir e sancionar infraccións sinxelas para aquel colectivo de contribuíntes que erraron, que non son situacións fraudulentas. Así mesmo e é moi importante salientar e coido que non se lle dá a importancia precisa, o tema da recadación vía internet que se desenvolveu ata situar este Concello nun dos máis importantes a nivel nacional. Hai unha carpeta do cidadán e xa lles vou dar os datos de cantaxente xa a utiliza, e nesa carpeta se poden realizar pagamentos de recibos, domiciliarios recibos de IBI e IAE, impresión de duplicados, certificados de non ter débedas co Concello, multas de tráfico, etc. Pódense consultar así mesmo todos os recibos municipais, consulta de bens inmobles no municipio,

de vehículos, de IAE, etc, consulta de multas de tráfico, domiciliacións, e isto púxose en marcha dende o ano 2005.

No ano 2004 a través de internet había 177 recibos pagados; no ano 2006, que aínda non rematou, imos por máis de 1.300 recibos pagados a través de internet. É un tema de modernización da administración.

Dende o punto de vista dos ingresos, á parte formulamos os seguintes obxectivos a curto prazo: un novo modelo de xestión da taxa do lixo comercial. Efectivamente o lixo comercial é moi difícil de xestionar porque se producen moitas altas e baixas nos locais e polo tanto imos tentar poñer esa información catastral dixitalizada na rede municipal e así poder controlar ese imposto.

Estamos neste momento nun proceso de revisión de vados e o seu rexistro na cartografía catastral de xeito que informaticamente poidamos saber ó momento onde están eses vados. Estamos procedendo á revisión do ICIO nos últimos catro anos naqueles casos nos que hai grandes discrepancias entre o orzamento real e o declarado. Tamén se lles vai proporcionar a curto prazo ás notarías os ficheiros e aplicativos para realizar a autoliquidación de impostos de plusvalías.

Pero ademais, lembrando moi ben as súas verbas, Sr. Soto, que as teño moi en conta, no servizo vostede nos reclamaba unha maior atención e na próxima oferta pública de emprego para o servizo de ingresos e de inspección, vostede sabe que para facer a inspección necesitamos persoas e a primeira posibilidade que temos para implementar esas persoas é a través da oferta pública, se crearon as seguintes prazas: técnico de admon. xeral licenciado en dereito, dous administrativos e para a inspección de tributos en concreto na que vostede ten especial interese, un inspector titulado superior e un inspector adxunto.

Así mesmo se creou unha praza de economista para a recadación. Digo isto para que se dea conta do interese que temos na parte de inspección de tributos do Concello. Isto contesta a algúns temas sobre que se está facendo na inspección de ingresos.

Sr. Toba, eu agradezo a súa intervención sobre o tema da auga, paréceme moi correcta e estou de acordo efectivamente en que este é un tema especialmente complexo pero tamén estou absolutamente convencido de que é un tema no que temos que estar de acordo porque a todos nos vai no empeño. Para que poidamos facer unha análise detallada, concreta e correcta o primeiro é ter unha boa información. Eu comprométome aquí a que cando teñamos unha información suficiente, correcta, que nos poida permitir ese

cambio de tarifas que nós tamén queremos aplicar, por suposto que inmediatamente entrarei en contacto con todos vostedes para tentar corrixir e poñer unhas novas tarifas, novas taxas para o consumo da auga.

Vostede sabe que esta taxa en particular aínda que se aprobe hoxe cunha determinada suba se pode cambiar, pódese modificar en calquera momento ó longo do ano, non é unha taxa que teña un recorrencia anual. Polo tanto coido que tendo iso en conta, a solicitude de maior información e aplicación desa información ó caso particular que nos ocupa neste momento, voulles propoñer ós grupos da oposición tentar chegar a un acordo neste sentido.

Sobre o recibo do lixo e a acta notarial vólvolles repetir que o que pon aí é que se o poidéramos aplicalo fariámolo pero é que non podemos, é tan sinxelo coma iso. De houber podido nos criticarían por aplicalo, non cabe dúbida, pero o que pon e o compromiso deste goberno era reducir a taxa do recibo de lixo de xeito paulatina ó 25% durante a lexislatura e para iso fai falla ter a maioría absoluta que a Sra. Alcaldesa, no momento que asinou e nós comprometímonos, loxicamente non podía estar segura de que podía suceder. Esa é a realidade das cousas por moitas voltas que vostedes lles queiran dar.

Sobre o tema do déficit do servizo quero clarexar antes de nada que cando eu falaba do tema de Valencia ou Madrid referíame a que non está dito en ningún sitio que o grao de cobertura do custo do servizo teña que ser absolutamente ó 100% polas taxas municipais do lixo., pode ser un criterio chegar ó 25% que é o que eu tentaba dicirlle a vostede antes. É verdade que hai outros impostos que poden corrixir ese déficit e neste caso pode ser por exemplo o do IBI e os equilibrios que se producen son exactamente iguais, porque vostede fala de desequilibrio neste servizo pero á vez podería falar de equilibrios e superávit noutros.

Polo tanto o importante a efectos da facenda municipal, sábeo tan ben coma min aínda que seguramente lle poida dedicar máis tempo que eu a isto, sabe que o que importa é o equilibrio nas finanzas, é dicir, nunhas partes hai beneficios, uns remanentes e noutras déficits e polo tanto se equilibra. Pero ademais lle insisto, insistinlle e púxeno como exemplo que vostedes poden subir o recibo do lixo e o seu argumento é que hai que cubrir o custo do servizo. Pois non señor, porque ó final o que importa son os equilibrios e se vostedes gastan máis noutros temas, noutros servizos, o desequilibrio vólvese producir. Polo tanto ese argumento non é de todo certo e vostede sábeo tan ben coma min.

Por suposto que eu votei o tema de SOGAMA, estou deste lado lóxicamente, pero o que tentei explicar foi que esa desviación non se produce neste momento por estas taxas, prodúcese por un acordo asinado con SOGAMA donde a suba foi entre o ano 2003 e 2006 un 39% en termos unitarios. Pero tamén lle digo que houbo un incremento de usuarios do 4,43 e un incremento de vertidos en toneladas do 4,5%. Iso non é malo en absoluto, pola contra é unha mellor xestión pero por iso se produce unha paulatina redución no grao de cobertura dese servizo. Insisto que en practicamente todos os servizos prodúcese esta discrepancia e teño a serie estatística dende o ano 2000.

Teño por aquí a análise económica que vostede nos solicitaba, Sra. Graña, e para que equilibráramos todas as taxas, porque o mesmo argumento que vostedes utilizan para lixo se podería utilizar para calquera outra taxa porque ningunha das taxas cubre o importe do servizo.

A recollida de lixo: teríamos que incrementar o recibo nun 33,34%. Inspección sanitaria, Laboratorio, 549%. Guindastre municipal, habería que incrementar o custo 71%. Acompañamento a grandes transportes, 186%. Extinción de lumes, 1.900%. Expedición de documentos, 72%. Servizo de desinfección, 1.508%. Servizo de cemiterios, 515%. Licenza de autotaxis, 300%. Axuda a domicilio, 2.036%. Escolas infantís, 699%. E así sucesivamente. Este é un estudo, aquí están os datos, isto é así e foi así dende hai moitos anos e por iso péreceme demagóxico dicir que as finanzas municipais están en risco polo servizo do lixo.

Coido que con estes datos todo isto está suficientemente contestado e voi dar por rematada a resposta porque basicamente o que me importaba era o tema da auga e xa lles contestei que en canto teña a maior información, información dispoñible que necesitamos para tomar esa decisión, non a que temos nestes momentos, senón a que solicitamos para a ampliación eu estarei ó seu dispor para poder tratar estas ansiadas taxas da auga.

7.-(189).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral:

ARTIGO 4.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.- A categoría fiscal das avenidas, rúas e prazas do termo municipal será a determinada no Anexo II da presente Ordenanza fiscal xeral. Se algunha rúa, camiño ou lugar non figurase no citado Anexo II, a súa categoría fiscal será determinada conforme a seguinte escala de valores de repercusión comercial obtidos das correspondentes ponencias de valores catastrais vixentes:

CATEGORIA	V. DE REPERCUSION COMERCIAL
1 ^a	máis de 301,06 €/m ²
2 ^a	de 245,80 €/m ² ata 301,06 €/m ²
3 ^a	de 150,54 €/m ² ata 245,79 €/m ² .
4 ^a	de 82,11 €/m ² ata 150,53 €/m ² .
5 ^a	de 50,31 €/m ² ata 82,10 €/m ² .
6 ^a	ata 50,30 €/m ² .

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES.

5.- Constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, os seguintes:

- a) Dereito a ser informado e asistido pola Administración tributaria sobre o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas tributarias.
- b) Dereito a obter, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria e nesta Ordenanza, as devolucións derivadas da normativa de cada tributo e as devolucións de ingresos indebidos que procedan, con aboamento do xuro de demora previsto no artigo 26 da Lei Xeral Tributaria, sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto.
- c) Dereito a ser reembolsado, na forma fixada na lei, do custo dos avais e outras garantías achegados para suspende-la execución dun acto ou para aprazar ou fracciona-lo pagamento dunha débeda, se o devandito acto ou débeda é declarado total ou parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa firme, con aboamento do xuro legal sen necesidade de efectuar requirimento para o efecto, así como á redución proporcional da garantía achegada nos supostos de estimación parcial do recurso ou da reclamación interposta.
- d) Dereito a utiliza-las linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.
- e) Dereito a coñece-lo estado de tramitación dos procedementos en que sexa parte.
- f) Dereito a coñece-la identidade das autoridades e persoal ó servizo da Administración tributaria baixo a responsabilidade das cales se tramitan as actuacións e procedementos tributarios en que teña a condición de interesado.
- g) Dereito a solicitar certificación e copia das declaracións por el presentadas, así como dereito a obter copia selada dos documentos presentados perante a Administración, sempre que a acheguen xunto ós orixinais para o seu cotexo, e dereito á devolución dos orixinais dos devanditos documentos, no caso de que non deban constar no expediente.
- h) Dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se encontren en poder desta Administración, sempre que o obrigado tributario indique o día e procedemento en que os presentou.
- i) Dereito, nos termos legalmente previstos, ó carácter reservado dos datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria, que só poderán ser utilizados para a aplicación dos tributos ou recursos dos que teña encomendada a xestión e para a imposición de sancións, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás nos supostos previstos nas leis.
- j) Dereito a ser tratado co debido respecto e consideración polo persoal ó servizo da Administración tributaria.
- k) Dereito a que as actuacións da Administración tributaria que requiran a súa intervención se leven a cabo na forma en que lle resulte menos gravosa, sempre que iso non prexudique o cumprimento das súas obrigas tributarias.

l) Dereito a formular alegacións e a achegar documentos que serán tidos en conta polos órganos competentes ó redacta-la correspondente proposta de resolución.

m) Dereito a ser oído no trámite de audiencia, nos termos previstos nesta lei.

n) Dereito a ser informado dos valores dos bens inmobles que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión.

ñ) Dereito a ser informado, ó inicio das actuacións de comprobación ou inspección, sobre a natureza e alcance delas, así como dos seus dereitos e obrigas no curso de tales actuacións e a que estas se desenvolvan nos prazos previstos nesta lei.

o) Dereito ó recoñecemento dos beneficios ou réximes fiscais que resulten aplicables.

p) Dereito a formular queixas e suxestións en relación co funcionamento da Administración tributaria.

q) Dereito a que as manifestacións con relevancia tributaria dos obrigados se recollan nas dilixencias redactadas nos procedementos tributarios.

r) Dereito dos obrigados a presentaren perante a Administración tributaria a documentación que estimen conveniente e que poida ser relevante para a resolución do procedemento tributario que se estea a desenvolver.

s) Dereito a obter copia á súa custa dos documentos que integren o expediente administrativo no trámite de posta de manifesto deste, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

Este dereito poderase exercer en calquera momento no procedemento de constrinximento.

ARTIGO 88.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN.

7.- É competencia da Alcaldía a resolución dos recursos de reposición

ARTIGO 89.- RECLAMACIÓN ECONÓMICA ADMINISTRATIVA.

As reclamacións económico-administrativas contra os actos da Administración Tributaria do Concello rexéranse polo establecido no Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (BOP nº 113 de 15 de xuño de 2004)

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2007 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

8.-(190).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de agosto de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES".

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO
(NON SUFRE MODIFICACIÓNS)

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2.- A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3.- Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4.- Conforme ás normas reguladoras do Catastro inmobiliario, serán inmobles de natureza urbana:

a) O solo clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terrenos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores; o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e que reuna as características contidas no Art. 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoración. Tamén o será aquel no que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes ás anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúanse da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais.

b) Terán a consideración de construcións :

- Os edificios, calesquera que sexan os materiais de que estean construídos e o uso a que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ao solo e con independencia de que se alcen sobre a súa superficie ou estean enclavados no subsolo e de que poidan ser transportados o desmontados.

- As instalacións industriais, comerciais, deportivas, de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose como tales, entre outras, os diques, tanques, cargaderos, muelles, pantalans e invernadeiros, e excluíndose en todo caso a maquinaria e o utillaxe.

- As obras de urbanización e de mellora, tales como as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, como son os recintos destinados a mercados, os depósitos ao aire libre, os campos de práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios aos edificios e instalacións.

- Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que reglamentariamente se determinen, sen prexuízo de que o seu valor deba incorporarse ao do ben inmobles como parte inherente ao valor do solo, nin tinglados ou cobertizos de pequena entidade.

5.- Terán a consideración de bens inmobles de natureza rústica aqueles que non sexan de natureza urbana nin estean integrados nun ben inmovle de características especiais.

Non obstante, conforme á Disposición Transitoria Primeira do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), ata o primeiro procedemento de valoración colectiva de carácter xeral con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, manterase a natureza dos inmobles que lles corresponda de conformidade coa normativa anterior.

6.- Segundo o disposto no artigo 8.1 do RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmovle.

Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- a) Os destinados a produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) A presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
- c) As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
- d) Os aeroportos e portos comerciais.

O conxunto complexo susceptible de calificarse como ben inmovle de características especiais entenderase como un único ben inmovle, con independencia de que poida estar integrado por un ou varios recintos ou parcelas ou da súa configuración territorial, en caso de estar situado en distintos termos municipais.

7.- No caso de que un mesmo inmovle se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO
(NON SUFRE MODIFICACIÓNS)

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas es as Entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmovible, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no Ficheiro de remisión do Padrón Catastral anual.

Sen prexuízo do anterior o suxeito pasivo poderá ser alterado conforme o disposto no Art. 77.7 da RDL 2/2004, de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cando se produza a concorrencia de varios titulares catastrais nun mesmo ben inmovible, a Administración Tributaria do Concello proporcionará a información sobre os dereitos de cada titular e a súa cota de participación, segundo os datos contidos no Ficheiro Informático de remisión do Padrón Catastral.

2.- O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Vigo repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais do Concello.

Así mesmo o substituto do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción os canons que deban satisfacer cada un deles.

3.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoibles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmoibles asociadas ó inmovible que se transmite.

4.- Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.

ENGADIR O SEGUINTE APARTADO NO PUNTO 1).

i)- Os centros sanitarios da titularidade do SERGAS que se creen con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007 e, mentras que continuen afectados a uso sanitario.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

(OS APARTADOS 1 E 2 NON SUFREN MODIFICACIÓNS).

3) Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou tutor- titulares de familia numerosa, relativa a vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:

- Contar con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.000 euros.

Para a determinación dos ingresos brutos anuais, per capita, ós exclusivos efectos desta bonificación, dividiranse os ingresos brutos computables a efectos do IRPF de tódolos membros da familia entre o número daqueles. Nos casos excepcionais -por razón de minusvalía- de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendemento bruto per capita.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a bonificación.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñeráse de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizaráse á Administración de Tributos do Concello para que recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.
(NON SUFRE MODIFICACIONES)

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,739%.

4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,739%.

ARTIGO 9.- DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO
(NON SUFRE MODIFICACIONES)

ARTIGO 10.- XESTIÓN.
(NON SUFRE MODIFICACIONES)

ARTIGO 11.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.
(NON SUFRE MODIFICACIONES).

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

9.-(191).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA".

ARTIGO 6.- COTA

A.	TURISMOS	COTA ANUAL
A.1.	de menos de 8 cabalos fiscais	19,60 €
A.2.	de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	54,40 €
A.3.	de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	116,85 €
A.4.	de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5.	de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B.	AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1.	de menos de 21 prazas	132,10 €
B.2.	de 21 a 50 prazas	191,80 €
B.3.	de máis de 50 prazas	239,80 €
C.	CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1.	de menos de 1000 kg. de carga útil	67,35 €
C.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	132,10 €
C.3.	de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	191,80 €
C.4.	de máis de 9999 kg. de carga útil	239,80 €
D.	TRACTORES	COTA ANUAL
D.1.	de menos de 16 cabalos fiscais	25,55 €
D.2.	de 16 a 25 cabalos fiscais	40,90 €
D.3.	de máis de 25 cabalos fiscais	122,50 €
E.	REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	COTA ANUAL
E.1.	máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	28,00 €
E.2.	de 1000 a 2999 kg. de carga útil	44,05 €
E.3.	máis de 2999 kg. de carga útil	134,60 €
F.	OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1.	Ciclomotores	5,90 €
F.2.	Motocicletas ata 125 cc.	5,90 €
F.3.	Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	11,75 €
F.4.	Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5.	Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6.	Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2007 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

10.-(192).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS".

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS".

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría Fiscal Coeficiente Situación

1 ^a	2,72
2 ^a	2,55
3 ^a	2,39
4 ^a	2,20
5 ^a	2,05
6 ^a	1,87

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

11.-(193).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

S.Ordinaria 30.10.06

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS".

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

8.- Gozarán dunha bonificación do 30% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ó 95%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estrictamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª.- A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2007. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.
€

5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.

- 6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.
- 6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.
- 6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.
- 6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.
- 6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm. 1.099,3888 €
- 6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm. 1.328,3670 €
- 6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm. 1.774.9284 €
- 6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm. 2.260,2856 €
- 6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm. 4.784,0640 €
- 6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm. 5.140,5287 €

7.- INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO.

7.1. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.2. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.3. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.4. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.5. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

7.6. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.

8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm². De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm². De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

€

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm². De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

- 10.1.1. Hora de compresor
- 10.1.2. Hora de camión MAN
- 10.1.3. Hora de camión PEGASO
- 10.1.4. Hora de camión EBRO
- 10.1.5. Hora de retroescavadora TY-45.
- 10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo
- 10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.
- 10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.
- 10.1.9. Hora de tractor grúa.
- 10.1.10. Hora rodete compactador.
- 10.1.11. Hora de bituminadora.
- 10.1.12. Hora de compactadora tipo ra, bandexa
- 10.1.13. Hora cortadora de pavimentos
- 10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.

10.2. MAN DE OBRA

- 10.2.1. Hora de xornal de PEÓN
- 10.2.2. Hora de xornal OFICIAL

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

30.-(212).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS":

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,65 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

b) Ensinanzas e outras actividades complementarias da educación, previo acordo plenario aprobatorio de actividades ou programas de actividades correspondentes: Aplicarase a tarifa que resulte de cubri-lo custo da actividade ou programa, que se xustificará diante da Intervención de Fondos.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:	
- Matrícula	38,15 €
- 10 mensualidades de	15,15 €
Práctica instrumental. Nivel I:	
- Matrícula	53,35 €
- 10 mensualidades de	21,00 €

Práctica instrumental. Nivel II:	
- Matrícula	58,15 €
- 10 mensualidades de	23,20 €
Práctica instrumental. Nivel III:	
- Matrícula	62,90 €
- 10 mensualidades de	25,10 €
Difusión musical (curso 20 horas)	
- Matrícula	28,20 €
Monográfico (curso 20 horas)	
- Matrícula	42,40 €
Especialización musical (curso 30 horas)	
- Matrícula	141,05 €
d) Escola Municipal de Teatro.	
Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)	
- Matrícula	
- 9 mensualidades de	
Cursos monográficos	
20 horas ou fracción.	
40 horas	
60 horas	
80 horas ou máis	
Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)	
- Matrícula	81,05 €
- 9 mensualidades de	72,75 €

e) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música, pertencesen a unidades familiares con ingresos per capita mensuais inferiores a 245,90 €, quedarán eximidos/as de pagamento destes prezos públicos.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.000 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

Para a determinación dos ingresos brutos anuais, per capita, ós exclusivos efectos desta exención, dividiranse os ingresos brutos computables a efectos do IRPF de tódolos membros da familia entre o número daqueles. Nos casos excepcionais -por razón de minusvalía- de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendemento bruto per capita.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizarase á Administración de Tributos do Concello para que recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2007, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

31.-(213).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xullo de 2006 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ó "Instituto Municipal dos Deportes", no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de setembro, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade a proposta de modificación presentada.

O interventor xeral accidental, con data agosto de 2006, presta a súa conformidade á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006, presta a súa aprobación como proxecto ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte "MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES"

CAPITULO V.- EXENCIONS
ARTIGO 6.

b) Os alumnos das Escolas deportivas, pertencentes a unidades familiares que non superen os seis mil douscentos vinte euros con corenta e cinco céntimos como renda anual (6.463 €).

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.000 €

Para a determinación dos ingresos brutos anuais, per capita, ós exclusivos efectos desta exención, dividiranse os ingresos brutos computables a efectos do IRPF de tódolos membros da familia entre o número daqueles. Nos casos excepcionais -por razón de minusvalía- de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendemento bruto per capita.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorizarase á Administración do Concello para que recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A)	ESPECTÁCULOS	
	En tódalas instalacións.	
-	1 día	3.680,00 euros + ive
-	½ día	2.060,00 euros + ive
-	Aluguer escenario	18,40 euros m2 + ive
B)	ACTIVIDADES CULTURAIS.	
-	1 día	515,00 euros + ive
-	½ día	295,00 euros + ive
C)	ESPECIAL	
	Para montar e desmontar.	
	Hora	33,00 euros + ive

ARTIGO 19.-

1.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para tódalas entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1. EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	184,00 €
1ª Categoría (un só equipo)	73,60 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	110,40 €
2ª Categoría	55,20 €

a.2. EQUIPOS NON FEDERADOS 55,20 €

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sin tempo límite)

Instalacións	Sen taquilla	Con taquilla
	€/hora	€/hora
Pavillón Central	44,15	73,60
Outras Instalacións	25,75	44,15

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonman, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla	Con taquilla
	€/hora	€/hora
Categoría especial	58,85	139,85

b) OUTRAS INSTALACIÓN S

Categoría especial	€/hora	55,20
1ª Categoría		25,75
2ª Categoría		12,45

1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL

Categoría especial e 1ª categoría	€/hora	11,00
-----------------------------------	--------	-------

b) OUTRAS INSTALACIÓN S e campos de fútbol.

	Pista entera	Pista compartida
	€/hora	€/hora
Categoría especial e 1ª cat.	6,95	5,15
2ª Categoría	4,75	3,70

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	4,05
2ª Categoría (un equipo)	2,20

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓNS

1.1 Adulto	2,75 €
1.2. Menores	1,85 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	25,00 €
2.2. Menores	16,95 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1. Instalacións Cubertas	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,05 €	36,30 €
b) 4 Xogadores	4,75 €	42,60 €
3.2. Instalacións descubertas	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,75 €	24,70 €
b) 4 Xogadores	4,05 €	36,30 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	1,80
Instalacións descubertas	1,15

4.- XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana	14,05 €
4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana	17,70 €
4.3. Cotas de abonados os Ximnasios.(uso libre).	
4.3.1. Adultos (individual anual)	132,50 €
4.3.2. Menores (individual anual)	81,00 €
4.3.3. Familiar (anual)	191,45 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4. Adultos (individual anual)	110,45 €
4.3.5. Menores (individual anual)	58,85 €
4.3.6. Familiar (anual) 1	62,35 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/
	reservas	
Reserva uso pista (45 minutos)	3,70 €.	33,40 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCION DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes	28,75 €
1.2. Menores/mes	18,40 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumno/mes
2.1. Grupo colexios	6,45 €
2.2. Outros programas	11,85 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:
3.1. Escolas Deportivas
Por alumno-a/curso 36,85 €

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

1. COLEXIOS:
1.1. Instalacións deportivas 7,45 €/hora
2. ACADEMIAS PRIVADAS
2.1. Instalacións deportivas 14,70 €/hora
3. RENOVACIÓN DO CARNE
Renovación de carnet 0,80 €
4. SALA DE REUNIÓNS:
Sala de reunións: 2,20 €/hora

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2007, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

32.--(214).- PROPOSTA PARA NOMEAR TRES VIAIS NA PARROQUIA DE CASTRELOS (CAMIÑO DO CARRO, CAMIÑO DE MANUEL BAZARRA E CAMIÑO DAS TRES CRUCES).

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: En primeiro lugar teño que lles dicir que o expediente non está completo porque non ten o dictame da comisión informativa, hai sinxelamente unha comunicación para dirixir o documento a unha comisión informativa pero non hai dictame.

En segundo lugar, independentemente de que se retire como é preceptivo neste caso, ademais nesa propia comisión informativa produciuse un debate

S.Ordinaria 30.10.06

arredor dun nome dunha desas rúas en relación cun acordo plenario xa anterior. Non quero dicir nada máis do necesario para non implicar ningún nome de ningunha persoa pero o acordo que se deu nesa comisión informativa, ata onde eu sei, era que en todo caso o asunto fora á Xunta de Voceiros. Polo tanto parece obvio, en primeiro lugar que se introduza o dictame da comisión informativa e en segundo lugar, se ten que ir algo á Xunta de Voceiros que vaia.

A PRESIDENCIA: Foi á sesión ordinaria da comisión informativa de Asuntos Sociais do 23 de outubro de 2006 e por erro non se meteu o dictame no expediente

SR. TOBA GIRÓN: Vostede non o sabe, Sra. Presidenta, pero si o sabe a Sra. Porteiro e a Sra. Martíns que estaban nesa comisión informativa e quedou pendente dun nomeamento dunha rúa en concreto que non quero citar porque hai o nome dunha persoa por medio.

A PRESIDENCIA: Non hai problema, retirámolo e levámolo á seguinte Xunta de Voceiros.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

33.-(215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO Á APROBACIÓN ÍNTEGRA DO PLAN DE ACCIÓN VECIÑAL PARA AS PARROQUIAS DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 2 de outubro de 2006, o voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista formula a seguinte moción:

“Vimos de recibir unha carta da Sra. Presidenta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo “Eduardo Chao”, na que lamentan as traves carencias que están a sufrir as parroquias e os barrios da nosa cidade, polo que reclaman a realización do chamado Plan Veciñal para as parroquias de Vigo.

Un plan que contou co noso apoio cando se presentou inicialmente, polo que propuxemos a súa aprobación diante do Pleno da Corporación, aínda que daquela non se aprobou polo pacto que tiñan (agachado) BNG e PP.

Porque compartimos absolutamente as xuntas reivindicacións das parroquias e dos barrios vigueses, voltamos tomar como propias as demandas da Federación Veciñal e a presentarllas de novo diante do Pleno da Corporación. Cousa normal en nós, pois quen queira botar unha ollada cara atrás atopará unha posición constante nas nosas conductas políticas co obxectivo de mellorar as condicións de vida das xentes do rural.

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Que o chamado Plan de Acción Veciñal para as parroquias de Vigo se aprobe integramente.
- 2.- Que, previo escoitar á Federación Veciñal a este respecto, se acorde pola Xunta de Voceiros un calendario obxectivo de prioridades para o materializar.
- 3.- En todo caso a materialización do citado Plan deberá facerse nun período máximo de dous ou tres anos."

Con data 20 de outubro, o voceiro do Grupo municipal do PG presenta o seguinte escrito:

"Logo de presentada a nosa moción, chégannos unhas peticións de ampliacións de distintas obras e servizos na parroquia de Zamáns que a Federación de Veciños Eduardo Chao fai súas e nós tamén. Por iso propoñemos un punto 4 a xeito de adición á nosa moción que diría:

- 4.- Na Parroquia de Zamáns, deberán incluírse as obras e servizos seguintes:
 - 4.1. Limpeza. No Barrio de Cidáns: Contedor que invade a estrada con perigo pra o tráfico. Preparar espazo pra 2 contedores.
 - 4.2. Limpeza. No Barrio de Igrexa: Contedor que invade a estrada con perigo pra o tráfico. Preparar espazo pra 2 contedores.
 - 4.3. Limpeza. No Barrio de Marcosende: Contedor que invade a estrada con perigo pra o tráfico. Preparar espazo pra 2 contedores.
 - 4.4. Limpeza. No Barrio de Vilaverde: Contedor que invade a estrada con perigo pra o tráfico. Preparar espazo pra 2 contedores.
 - 4.5. Vías e obras. No Camiño Viñas Vilaverde: 50 m de camiño revisten perigosidade de caída. Instalación de quitamedos.
 - 4.6. Vías e obras. Na estrada de Vilaverde: Asfaltado en mal estado. Novo asfaltado.
 - 4.7. Vías e obras. Na estrada da Igrexa ata o número 180: Asfaltado en mal estado. Novo asfaltado.
 - 4.8. Vías e obras. Estrada de Cidáns: Asfaltado en mal estado. Novo asfaltado.
 - 4.9. Vías e obras. Na Estrada Marcosende, cruzamento coa Estrada de Zamáns (farmacia) ata a rolda da Universidade (nave Comunitel): Perigo de tránsito pra as persoas. Construcción de beirarrúas e arranxo do trazado, incluíndo unha rotonda baixo a nave de Comunitel que facilitaríaa a circulación.
 - 4.10. Vías e Obras. Na Estrada de Zamáns: Beirarrúas inacabadas. Rematar as beirarrúas dende a saída da Estrada de Marcosende a esta estrada, ata a altura do número 191 da Estrada de Zamáns.
 - 4.11. Vías e Obras. No camiño do cemiterio ata o río: Firme de terra en moi mal estado. Realizar asfaltado en 200 m.

- 4.12. Transporte. No barrio de Paredes: Os veciños deste barrio teñen que percorrer 4 Km. diarios pra coller o bus que para na Igrexa. Ampliación do servizo ata Paredes.
- 4.13. Transporte. Na zona da Igrexa: Os domingos e festivos o bus so fai dous servizos ata Zamáns un pola mañá e outro pola tarde, quedando a última parada a 3 Km da habitual. Solicitamos que se incrementen os servizos domingos e festivos e que cheguen ata a igrexa de Zamáns.
- 4.14. Transporte. No barrio Cidáns: Chapa en mal estado a modo de marquesiña na parada do autobús. Solicitamos a instalación dunha marquesiña que lle dea servizo ós usuarios
- 4.15. Transporte. Na zona da Igrexa: Non existe marquesiña no torreiro da igrexa onde para o autobús. Solicitamos a instalación dunha marquesiña que lle dea servizo ós usuarios.
- 4.16. Transporte. Na zona de Marcosende: Os usuarios teñen que agardar o bus nos dous sentidos á intemperie, na ronda da estrada de acceso a Universidade, á altura de Marcosende. En dirección Vigo, nesta ronda, non hai sinal de parada. Na estrada de Marcosende, á altura do nº 178 non hai marquesiña pra a parada do bus escolar. Solicitamos a instalación de 3 marquesiñas e a sinalización da parada de autobús.
- 4.17. Transporte. No barrio de Vilariño: Os nenos teñen que agardar o autobús escolar a intemperie. Solicitamos a instalación dunha marquesiña.
- 4.18. Transporte. No Centro Cultural de Zamáns: A marquesiña do autobús atópase no cruzamento coa estrada da Igrexa, esta situación reviste gran perigosidade pra o tránsito rodado e de peóns. Adecuouse un espazo en terreos veciñais 10 m. máis abaixo, polo que solicitamos o cambio da situación da actual marquesiña a 10 m. máis abaixo, pra favorecer o tránsito na estrada.
- 4.19. Transporte. En toda a parroquia de Zamáns: na estrada de Zamáns á altura da empresa "Carenaga" non existe parada de autobús pra os veciños do contorno. Solicitamos se faga unha parada e se instale a marquesiña correspondente a cada lado da estrada; existe un espazo suficiente pra a súa colocación.
- 4.20. Seguridade. Na Estrada de Zamáns, parada de Marcosende: Na parada do autobús da Estrada de Zamáns pra o barrio de Marcosende non hai paso de cebra, esta situación reviste un grande perigo diario pra as persoas que utilizan esta parada, por ter que atravesar unha vía de grande tránsito rodado sen ningún tipo de seguridade. Solicítase a construción dun paso de cebra nesta estrada.
- 4.21. Seguridade. Petición entregada no Concello con data 07/12/2005. nº rexistro 50194487. Sinal de tonelaxe 5Tm. excepto bus escolar debido ó incremento do tráfico pesado na estrada de Cidáns, reparar espello de saída.
- 4.22. Seguridade. Petición entregada no Concello con data 04/01/2006. nº rexistro 60000918. Sinalización indicativa do lugar de Vilariño
- 4.23. Seguridade. Petición entregada no Concello con data 07/12/2005. nº rexistro 50194484. Sinal prohibido aparcarse na marxe dereita á saída Estrada Cidáns dirección Alto San Cosme.
- 4.24. Saneamento e Abastecemento. No barrio de Paredes: Os veciños deste barrio quedaron fora da rede de saneamento que se fixo en Zamáns. Solicítase a inclusión desta zona na seguinte fase de ampliación da rede de saneamento de Vigo.
- 4.25. Saneamento e Abastecemento. Depósitos de traídas veciñais: Na actualidade as traídas de augas nos distintos barrios da parroquia son veciñais, polo que en épocas de escaseza de auga poderían quedar sen abastecemento algunha destas traídas. Solicítase que a rede de

abastecemento do Concello de Vigo chegue ata estes depósitos veciñais, pra que no caso de necesidade non se vexa interrompido o abastecemento nalgún barrio.

- 4.26. Saneamento e Abastecemento. Acometida do Cemiterio parroquial: A comunidade de Augas de Igrexa ten unha toma que abastece ó cemiterio, os veciños que cederon o paso pra esta traída quéixanse do superficial da mesma. Solicítase ó Concello a adecuación desta acometida pra salvagardar o subministro, aterrándoa a unha fondura prudencial.
- 4.27. Outros (equipamentos, infraestructuras...). No edificio do Centro Cultural de Zamáns: Na actualidade existen carezas de espazo pra desenvolver as actividades no Centro Cultural, e dotacións de oficinas pra as distintas asociacións parroquiais. Solicítase a ampliación do Centro Cultural segundo o anteproxecto xa realizado pola Asociación de veciños de Zamáns.
- 4.28.- Outros (equipamentos, infraestructuras...). No campo de fútbol (alto de San Cosme): Na actualidade existe un campo de fútbol no alto de San Cosme que presenta graves deficiencias tanto no terreo de xogo como nos vestiarios, ambos en situación lamentable. Solicítase a adecuación do terreo de xogo e dos vestiarios.
- 4.29. Outros (equipamentos, infraestructuras...). Petición entregada no Concello con data 27/03/2006 nº de rexistro 60032370. Solicítase a instalación dun reemisor dixital pra arranxar este problema. No ano 2010 desaparece o sinal analóxica e quedaría a parroquia sen recibir o novo sinal dixital."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 23 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción así como da emenda transcrita.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: A este concelleiro que ten experiencias evidentemente no tratamento dos temas veciñais, parécelle que seguramente consonte coa mellora de cualificación do conxunto da sociedade viguesa houbo unha mellora de cualificación nos traballos do movemento veciñal en Vigo realmente importantes. A capacidade demostrada polo movemento veciñal vigués na presentación dun plan coas análises dos problemas das parroquias e dos barrios de Vigo é un feito absolutamente salientable e que a quen fala, permanente preocupado dos problemas veciñais en xeral e dende logo moi en particular das parroquias e dos barrios vigueses, non lle podía pasar desapercibido e quen queira que vaia á historia.

Tentamos no seu día que este tema fora adiante logo de que pasara o que pasou pero o que pasou non fondo foi que o goberno municipal elixiu un pacto co Bloque Nacionalista Galego antes que apoiar un plan que teoricamente estaban comprometidos a facelo; teoricamente porque na práctica non o fixeron.

Recentemente a Federación de Asociacións Veciñais "Eduardo Chao" remítenos un escrito a todos os grupos políticos no que se volven interesar polo cumprimento do chamado plan de parroquias ou plan de acción veciñal.

Sempre un plan é discutible nalgo, nalgunha esquiña, se lle pode poñer 3 ou 7 puntos para perfeccionar algún aspecto do mesmo, como non, pero paréceme que é un plan perfectamente razoable e polo tanto realizable, mesmo eu engadín unha emenda final que trasladou tamén a propia Federación porque na parroquia de Zamáns faise un reestudo e consecuentemente unha reelaboración do plan que tiñan presentado nós sometímolo como emenda cando xa tiñamos presentado o plan que vostedes teñen diante.

Hai temas nos que cada quen pode ter distintas sensibilidades, a todos gústannos moitos temas pero xamais con igual fondura, algúns temos unhas vocacións para tratar temas políticos máis ca outros temas sen que por iso sexa malo ou bo, é así. Recoñezo que persoalmente eu teño unha vocación permanente de sentirme a prol deste tipo de traballos que poden axudar a mellorar as parroquias e barrios de Vigo.

Consonte co dito, se estimo que o traballo feito polo movemento veciñal vigués é en xeral ben correcto, é polo que lles presentamos esta moción que ademais garda dous tipos de prudenza en todo caso na súa formulación, é dicir, os datos son os transcritos pola Federación de asociacións de veciños no nome de todas as entidades veciñais, pero nós poñemos dous aspectos de prudenza que convén naturalmente deixar ó conxunto da Corporación.

Un aspecto é que pedimos que por consenso se establezan as prioridades unha vez escoitada á Federación que por suposto terá opinións neste tema pero que sexa a Corporación como non pode ser doutro xeito quen tome as determinacións finais de qué calendario de prioridades se debera establecer entre todas as obras presentadas.

Hai un segundo aspecto que é o prazo. Tamén sería fácil poñérmonos a aprobar isto e logo que sexa o que sexa, pero non, tamén establecemos prazos de prudenza para que sexa perfectamente realizable como as propostas que un tenta facer ó longo da súa vida política. Polo tanto establecer un prazo de 2/3 anos para a realización, na opinión do Partido Galeguista e na miña propia, é perfectamente realizable, posible sen producir ningún tipo de desequilibrio financeiro nas arcas municipais.

Por todo isto propoñemos este plan.

SR. FIGUEROA VILA: Non se pode deixar pasar esta oportunidade porque, Sr. Soto, benvido ó plan parroquias que vostede votou en contra, téño que dicir así de claro porque coido que a memoria é moi fráxil.

O 24 de abril víu a este Pleno un plan parroquias consensuado coa Federación de veciños que vostedes criticaron ata buscar ese consenso que dixeron que era dun xeito unilateral. Neste cidade está pasando algo curioso: hai un goberno que vostedes non queren que governe e cando toma decisións e chega a acordos con colectivos din que non porque está a oposición que é toda a Corporación.

O goberno é quen ten que tomar as iniciativas, ter a capacidade de liderar un proxecto de cidade e naquel momento se presentou un plan parroquias por un importe de 18 millóns de euros que vostede e o Partido Socialista votaron en contra. Fixeron unha contraproposta e emendaron ese plan parroquias co argumento de que dun xeito unilateral o goberno consensuara este proxecto coa Federación de veciños.

O goberno o que fixo dende primeiros de ano foi primeiro ter reunións cos veciños, mirar as posibilidades que tiñamos de remanentes e que o Concello tivese un equilibrio económico financeiro razoable. Fíxose esa proposta e tívose unha reunión coa Federación veciñal quen se comprometeu a reunir a todas as asociacións veciñais e facer unha proposta alternativa. Así foi, tivemos unha primeira proposta inicial que despois se correxiu e consensuou coa Federación veciñal a través das propostas que os veciños con cada un dos colectivos puxeron enriba da mesa.

Aquí o día 24 de abril se fixo unha proposta de 18.145.480 euros para ese plan parroquias que estaba consensuado cos veciños. Pero á oposición pareceulle francamente mal que o goberno poidera chegar a un acordo cunha entidade importante, como vostede acaba de dicir aquí.

A Federación veciñal fixo o seu traballo e o goberno tamén. A oposición, se consideraba razoable, coherente e sería esa proposta, o que agora se demostra porque ó final se están demostrando moitas cousas co paso do tempo nas que o goberno tiña razón.

Agora vostede nos trae esta moción e quere recuperar esa proposta; pois benvido e ímoslle votar a favor. Pero hai que dicir que vostede en concreto dentro da votación desa proposta consensuada coa Federación veciñal Eduardo Chao en votos en contra aparece o Sr. Soto Ferreiro. A partir daí, como o goberno non ten votos, evidentemente hai outra proposta alternativa e lexítima dun partido ó que vostede critica e que vostedes dixeron: pacto BNG-Partido Popular. Mentira, se tiveramos 14 votos para votar a nosa

proposta non teríamos que esperar á proposta alternativa do BNG. O Bloque Nacionalista Galego presentou unha alternativa de 17 millóns de euros que inclúe outra serie de temas e esa é a que se vota cos votos que tiñamos naquel momento.

Vostedes fan un discurso demagóxico do saneamento, das parroquias ou de non sei qué porque non querían votar esta proposta, sabían que era magnífica para esta cidade e cómo ían vostedes permitir que o goberno do Partido Popular en minoría fora quen de consensuar coa Federación veciñal "Eduardo Chao". Agora lles vou demostrar máis datos que vostedes non foron quen de aplicar xamais, mesmo de poñer en marcha vivendas de protección coa Federación veciñal "Eduardo Chao". Non tiveron exemplo ningún nesta cidade, déronllo a outros colectivos pero en canto á Federación fálase moito, échese a boca dicindo que a Federación son os interlocutores valedeiros desta cidade pero cando chega a hora de verdade ren.

Benvido con esta nova proposta que vostede presenta pero nós tivemos que votar a proposta alternativa do BNG e agora mesmo esa é o plan parroquias que está en marcha. Tivémolo que facer porque non tiñamos votos; se vostedes e o Partido Socialista se sumaran a esa primeira proposta inicial seguramente agora teríamos o plan parroquias case executado. Como está esta segunda alternativa que non é o que nós coidabamos óptimo pero tamén é razoable e bo, non é un mal plan de parroquias para a cidade de Vigo. Agora está en marcha, en execución ou licitación case o 99% de todo este proxecto.

Vostedes moitas veces din nos medios de comunicación que nós non estamos atendendo ós barrios e ás parroquias. Gustaríame que algún grupo me dixera a cantidade de investimentos que hai nos barrios e parroquias da cidade en dous anos e medio. Voulle dicir só algúns, os máis importantes e significativos.

Urbanización de Barreiro: está consignado, executado e posto en marcha. En Barreiro imos investir case 8 millóns e pico de euros e non lles estou enganando: 100 vivendas sociais, dous millóns e pico de euros. A urbanización, dous millóns e medio de euros. Un campo de herba sintética que está conveniado coa Xunta de Galicia e pono a Dirección Xeral de Deportes, 600.000 euros e unha piscina, que estamos contestando as alegacións e que se porá en marcha, aproximadamente outros dous millóns e pico de euros. Miren vostedes, Barreiro: 8 millóns de euros, na historia desta cidade xamais se fixo un investimento nunha parroquia deste tamaño.

Vou dar máis: Valladares, nestes momentos estamos cunha piscina climatizada, un campo de herba sintética arranxando viais e outras cuestións. Estes tamén son investimentos importantes.

Unha piscina na Miño. Cinco campos de herba sintética, máis un sexto que xa fixemos e o de Barreiro son sete: Valladares, Candeán, Sárdoma, Comesaña e Cabral. A reforma de todo o acceso ó Aeroporto está aí adxudicado e máis o primeiro cinto; son obras que están xestionadas, que xa se fixo a cesión que é certo que se comezaron as negociacións cun goberno anterior, pero se asinaron as negociacións coa propia Alcaldesa.

Máis temas: Pedro Alvarado estase executando, tampoco había cartos suficientes para o facer, era un convenio que viña de atrás e estase executando a día de hoxe.

Todo iso máis os 18 millóns que sacando o pazo de congresos e algunhas cuestións máis, estamos falando duns 12 millóns de euros para o plan de barrios e parroquias. Poderíame seguir estendendo con todo tipo de investimentos ata 200 millóns de euros.

Todo o mundo falaba de Zamáns pero o único que se acordou de Zamáns foi este goberno, o saneamento de Zamáns está case completo. Valladares: había uns cartos de fondos europeos que estiveron a punto de perderse, tívose que xestionar a última hora porque aquí houbo un goberno que durou seis meses que non sabía nin que existían eses fondos europeos xestionados por un goberno anterior. Pola campá salváronse os cartos e tivo que ir un funcionario a Bruxelas para recuperar tres millóns de euros para a parroquia de Valladares onde coido que se está rematando na súa totalidade o saneamento con algunha matización que hai agora e que xa se está facendo. Bembrive e Beade igual. Só entre Beade, Valladares, Zamáns e Bembrive estamos falando aproximadamente duns quince millóns de euros en saneamento e podía seguir.

Polo tanto, Sr. Soto, benvido con esta súa proposta á que nós lle imos votar a favor. Ademais ten unha oportunidade que se vai presentar proximamente no orzamento.

En plan parroquias no orzamento de investimentos do que lle remitimos unha copia estamos falando de 12 millóns de euros. É para recuperar iso que vostedes non quixeron aprobar, agora se inclue neste ano. Non fan falla nin dous, nin tres, nin catro anos porque co que aprobamos, máis estes 12 millóns de euros que agora temos incluídos nos orzamentos para o ano 2007, xa está executado ese plan parroquias que vostede pon en marcha, porque está todo, a parte que quedaba que vostedes non nos deixaron aprobar. Están

todas as parroquias: Beade, Bembrive, Castrelos, Comesaña, Freixeiro, Matamá, Sárdoma, Valladares, Zamáns, Alcabre, Balaídos, Bouzas, Coia, Coruxo, Navia, San Miguel de Oia, Saiáns, Travesas, Cabral, Candeán, Lavadores, San Xoán Poullo, Sampaio, Teis e ata hai partidas para o Calvario. Se vostedes queren aprobar o orzamento non fai falla esperar tres anos.

Sr. Soto, a verdade é que con esta moción, vostede que ten unha experiencia política tremenda deixouse levar porque é un erro de tal enorme que vostede reclame algo que xa se puido ter en marcha e que agora ten a oportunidade de completar, non fai falla tanto tempo, se vostede aproba os orzamentos será a execución a máis do 100% do que presentaba a Federación de veciños "Eduardo Chao".

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, falar barato é un bo argumento porque debaixo diso colle calquera cousa.

Eu demasiadas veces seguramente para o que me gustaría, erro e niso é nunha das cousas en que me diferencio de vostede que é perfecto, xamais erra en nada, todo o fai ben e xamais lle escoitei dicir diante dun argumento dos demais que estaba confundido. Non lle vou dicir que errei neste caso pero se me tivese equivocado dende logo que rectificaría.

Entendo que non errei na conducta que tiven, equivocáronme as circunstancias, iso é certo; non me deixaron os demais facer o que queríamos facer, iso é certo, pero a miña liña de conducta é a que levo practicando en toda a Corporación: tentar sacar para Vigo as máis cousas posibles, mesmo algunhas cousas que eu non poría por diante doutras que poñen vostedes e dixen repetidamente que prefiro as de vostedes a ningunhas.

É unha norma de conducta política ademais dende que estou na oposición porque a min me daba noxo a oposición que facía vostede co Partido Popular no seu día, é a única palabra para definir aquela conducta política de tentar afogar, asfixiar e impedir a calquera costa que os demais fixeramos cousas en Vigo.

Cando eu era alcalde de Vigo e escoitabaos eu pensaba que non podería facer esa oposición e que me tería que ver no seu sitio para o saber. Felizmente eu non son coma vostedes nin o vou ser na vida polo que vexo; naturalmente que eu nunca terei esas conductas. Vostede que ten esas conductas falaces, mendaces e inxustas pensa como o ladrón "que todos son da súa condición" e

fai imputacións ós demais porque é a liña de conducta do seu pensamento; pois non lle é a miña, Sr. Figueroa.

Tentei axudar sen fortuna a que houbera un plan de investimentos consensuado por todos se era posible e cando non era posible entre todos, tentei facelo lealmente de xeito que houbera unha maioría de Corporación intervindo naquel tema. Pasou o que pasou e ó final vostedes elixiron pactar co Bloque e non votar o plan de parroquias porque vostede, que chama ó pasado, vaia ver as votacións que houbo. O Partido Socialista abstívose, Sr. Figueroa, se vostedes chegan votar connosco o plan de parroquias estaría aprobado daquela, Sr. Figueroa, ten mala memoria ou erra a mantenta.

Elixiron un pacto co Bloque e eu non teño nada que lles dicir. Podo criticar, estar de acordou ou non, pero vostede teña a gallardía do dicir e non do agochar e negar. Elixírono coa votación.

Non veña agora con esa sarta de historias, poderame contar todo o que queira do que fixeron ou non e algunhas cousas que fixeron por certo que están ben feitas, esa política de todo malo ou todo bo déixolla para vostedes. Alégrome moito das cousas que fan ben porque serán cousas boas para Vigo, pero vostedes levan este goberno con pactos por debaixo da mesa permanentemente e casualmente pactando no Pleno. Teñan a gallardía do dicir.

Pódeme imputar un erro por tentar buscar un pacto maioritario. Acéptollo se iso é un erro político pero xamais houbo a intención de prexudicar en ningún sentido o desenvolvemento. Pero mesmo se vostede pensa que é un erro absoluto, tómeo como unha rectificación absoluta, dame igual.

Vostede non o quixo votar cando era votable e agora imos ver que pasa coa votación de hoxe porque se era votable antes será votable hoxe tamén. Iso ímolo ver votando.

SR. FIGUEROA VILA: Teño que lerlle a acta: "Votación da emenda presentada polos grupos municipais do Partido Galeguista e do Partido Socialista (era a emenda alternativa que vostedes presentaban): 8 votos a favor dos señores e señores Alonso Vázquez, Arias Moreira, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro (vostede votou a favor da súa emenda co Partido Socialista), sete abstencións dos señores e señoras Bermúdez Pérez, Cotobade Tombo, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Viéitez Alonso e dez votos en contra (que foron do Partido Popular) dos señores Coello

Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia".

Logo se voto o fondo do tema. Vostede e máis o Partido Socialista votaron a favor da súa emenda, o Bloque Nacionalista Galego se abstinu e nós votamos en contra. "Votación e acordo: Con dez votos a favor dos señores e señoras Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia (é dicir, o Partido Popular votou a favor da primeira proposta que estaba pactada coa Federación de Veciños) e quince votos en contra (porque estaban ausentes o Sr. Barros Puente e a Sra. Porteiro García) dos señores Arias Moreira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruíz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso." Este é o acordo, Sr. Soto, teño a acta porque eu veño documentado cando o necesito. Claro que votamos co Bloque porque foi a proposta que fixo o Bloque.

SR. SOTO FERREIRO: Se tiveran votado a favor estaría xa aprobado porque se abstinu o Partido Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Nós coidamos que a proposta que presentaban vostedes era limitada e raquítica.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con once votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, e quince votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruíz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, intanto a aprobación íntegra do Plan de acción Veciñal para as parroquias de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

34.-(216).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE UNHA NOVA BIBLIOTECA ESPECIALIZADA EN IDIOMAS ESTRANXEIROS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral con data 20.10.2006 (nº 60109292), o voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"En Vigo temos carencias de moitas cousas, sendo unha ben relevante a falla de bibliotecas públicas. Non só pra consultas bibliográficas, cousa importante, senón tamén como os lugares de estudo axeitados que tanto botan de menos as e os estudantes vigueses.

Pois ben, a Escola Oficial de Idiomas ten unhas instalacións bibliotecarias e unha dotación de libros en distintas linguas que, pola falla de especialistas pra atendelas, non están a ter o aproveitamento que se lles podería tirar, nin sequera polos propios alumnos dese centro docente.

As instalacións miden 246 m² distribuídos en dúas plantas: 134'5 m² na primeira e 111'5 m² na segunda e son capaces pra unhas 75 prazas.

Un acordo entre o Concello de Vigo e a Escola de Idiomas podería poñer a disposición de quen o precise o fondo bibliográfico de idiomas estranxeiros que ten a Escola. E estamos a falar duns dezasete mil volumes, co que pasaríamos a poder beneficiarmonos dunha biblioteca especializada.

Ó mesmo tempo, esas instalacións poderían ser utilizadas por estudantes daquela zona do Calvario e de Lavadores, cousa máis ca necesaria, cando non houberse consultas programadas sobre os volumes estranxeiros.

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Concello estableza un convenio coa Escola Oficial de Idiomas cuxos aspectos esenciais serían que o Concello forneceria o persoal bibliotecario preciso pra que Escola poida abrir as súas instalacións a todas as xentes que o necesiten."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Esta moción xustifícase por si mesma en función dos informes que lle dou.

A Escola de Idiomas ten unhas dotacións de prazas para biblioteca que non pode atender pola falla dun profesional que se poña ó fronte.

A proposta é que o Concello sexa quen forneza ese funcionario especializado de xeito que aí se poidan establecer un mínimo de 75 prazas de biblioteca.

Sería unha biblioteca especializada en idiomas estranxeiros naturalmente, sempre que houberse xente para o facer, a única que habería na cidade con no menos de 17.000 volumes e que en todo caso permitiría o funcionamento da biblioteca in extenso, é dicir, podería ser dentro dese convenio naturalmente que se non hai usos estricto sensu de idiomas estranxeiros, a xente que está alí que a utilicen como lugar de estudo.

Digo isto porque é clamorosa a falla de lugares de estudo na cidade na miña opinión, a falla de bibliotecas públicas e polo tanto eses dous sentires están nesta moción: Por unha banda ter unha biblioteca de volumes estranxeiros ó servizo da cidadanía e por outra banda ter máis prazas de lugares de biblioteca-estudo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con once votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, e quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, instando a establecer un convenio coa Escola Oficial de Idiomas para poder disfrutar dunha nova biblioteca especializada en idiomas estranxeiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón, voceiro do Grupo municipal do BNG:

A nosa abstención deriva de que a moción presenta a necesidade de que o Concello forneza de persoal á biblioteca, cuestión que sinceramente non temos claro ó seren a Escola Oficial de Idiomas un centro dependente doutra administración e que está aberto efectivamente a totalidade do día. Realmente non temos moi claro, primeiro, que o Concello teña que fornecer de persoal a esa instalación e, segundo, coidamos que habería problemas para cubrir a totalidade do horario. É por iso a abstención nada máis.

Explicación de voto do Sr. López-Chaves Castro, do Grupo municipal do PP:

É certo que a Escola Oficial de Idiomas é de titularidade da Xunta de Galicia pero tamén o é que existen outros centros educativos nos que xa estamos a traballar co obxectivo de que a través de convenios poñamos o Concello a dispor deses centros, non só para os estudantes da propia Escola Oficial de Idiomas, senón como bibliotecas de proximidade, como axencia de lectura que sería posible a través dun convenio coa Xunta de Galicia. Estamos a traballar coa Consellería de Educación noutros centros educativos.

Por iso poderíamos, a través de convenios, cubrir esa posibilidade.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, eu estaba facendo explicación de voto con razóns obvias, non quería ir máis aló do necesario. O Sr. concelleiro está buscando o debate? Ben gracias.

35.-(217).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO CONVENIO PARA EVITAR O AVANCE DA ALGA SAGASSUM MITUCUM NA RÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello en data 13 de outubro de 2006 (nº 60106735), o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula ó Pleno da Corporación a seguinte moción:

"No ano 1973 encontrouse nas lagoas de Bembridge nas illas Británicas a alga sargassum muticum. Co paso dos anos esta especie foi avanzando na súa invasión da costa Atlántica, como consta en numerosas citas científicas (Euskadi ano 1985, Galiza (Arousa) ano 1986) e está constatado que a súa invasión chega xa ata Figueira da Foz en Portugal.

Esta alga parda caracterízase por unha rápida expansión e un gran tamaño, que pode alcanzar ata dous metros de altura, o que fai que chegue cubrir case totalmente o substrato dificultando así o desenvolvemento das especies autóctonas de crecemento moito máis lento. Podemos afirmar sen temor a equivocarnos que a invasión da nosa ría por parte desta alga está practicamente laminando o fondo mariño dos nosos areais.

Por ser una pranta pseudoperenne despréndese no verán da parte superior, que de novo rebrota ata o outono, para quedar estéril nos meses de outubro, novembro e decembro. As especiais condicións de protección que nos brindan as Illas Cíes, evitando a oleaxe na costa, facilita o seu crecemento e por isto é urxente recuperar o tempo perdido ata hoxe, no que nada se fixo, e pasar á acción inmediata. Non podemos esperar de novo ata o próximo verán para recoller a nova colleita que nos enviará o mar.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a negociar coa Consellería de Pesca, Universidade de Vigo, Instituto de Investigacións Mariñas, Instituto Oceanográfico e Fundación Cetmar a sinatura dun convenio para iniciar os estudos e traballos necesarios para evitar o avance da alga parda invasora *Sargassum muticum* e outras, e o cumprimento da lexislación vixente de protección das especies autóctonas."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio histórico, na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro quedou enterada do contido da anterior moción).

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Aínda que isto pode parecer algo oportunista non o é. Pódolles asegurar que hai algo terrible e están a pasar os anos sobre algo que se puido evitaren; vinte anos perdidos non é ningunha risa. Dende setembro do 86 hai constancia científica da aparición desta alga na ría de Vilagarcía. Estamos falando dunha ría que non nos corresponde a nós pero que como galegos a sentimos coma propia. Invítolles a que chamen á comunidade de propietarios do edificio da Illa de Toralla, subir ó andar de enriba, boten unha ollada coa marea baixa e verán o que está acontecendo nos nosos areais. Eu non son experto nin o quero ser pero teño a sensibilidade mínima para me preocupar dos temas que realmente afectan á nosa cidade.

Dicialles que non podemos seguir como nos 20 anos perdidos porque non é só esta alga, hai máis, pero esta é a que se enreda nos rodetes dos motores e todos os anos os areais da nosa cidade están invadidos por elas.

Isto é preocupante e coido que os responsables políticos da Corporación de Vigo teñen que afirmar comigo que xa está ben. Hai que poñer ás universidades, ós investigadores, a todos os que nos enchemos a boca de cousas novas pero o máis importante é parar o que non podemos, non queremos ou non sabemos algúns. Pódolles afirmar que no goberno da Xunta anterior este concelleiro si o levou como proposta e teño constancia de que a Universidade de Vigo fixo traballos previos o que pasa é que non os pode facer gratis porque ademais non tiñan nin onde poñer a súa lancha.

Lembro o que pasaron para ter onde se cambiar os investigadores porque tiñan a solución no Museo do Mar pero alguén se encargou de que nin alí poideran traballar e iso que se modificou o proxecto. Claro, para veren estas cousas hai que ir ó mar porque dende logo afírmolles que dende os despachos non se fai.

Coido que abonda o que dixen e non podemos esperar outros vinte anos sen facer nada porque nin teremos ría, nin marisco, nin nada máis.

No acordo hai un lapsus porque onde di: "O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a negociar coa Consellería de Pesca, Universidade de Vigo, Instituto de Investigacións Mariñas e Instituto Oceanográfico e á Fundación Cenmar, á sinatura dun convenio para iniciar os estudos e traballos necesarios para evitar o avance da alga parda invasora *Sargassum Muticum* "e outras"". Hai outras algas que non son tan importantes na súa invasión pero si están aí e poden causar o mesmo dano dentro de vinte anos. É o cumprimento da lexislación vixente de protección das especies autóctonas porque temos a obriga de defender o noso, non só nos montes senón tamén no mar.

Esta alga está desprazando totalmente o hábitat natural que fixo que as nosas rías sexan as máis ricas, importantes e tamén as máis protexidas. Contra esta alga o que se necesita é protección porque está proliferando nas rochas e nos moluscos. Non vale só con recollela nos areas, hai que tomar medidas e por iso presento esta proposta.

(Durante o transcurso da votación estaban ausentes o señor Coello Bufill e o Sr. Toba Girón)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, referente ó avance da alga invasora da ría de Vigo *Sargassum Muticum*, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

36.-(218).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE OCUPACIÓNS DOS POSTOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO.

ANTECEDENTES: Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral o día 18 de outubro de 2006 (nº 60108540), o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, formula ó Pleno a seguinte moción:

"Dende hai varios anos o Concello de Vigo vén posibilitando a ocupación e explotación de servizos nas praias do noso termo municipal por medio dun

concurso denominado "Instalación e explotación de servizos de tempada nas praias do Concello de Vigo" que, baseado nas condicións da Dirección Xeral de Costas, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, permite aos concellos da ribeira marítima prestar diversos servizos ás persoas usuarias das praias cun criterio de mellora da súa potencialidade, pero baixo a premisa da temporalidade e a non incidencia no contorno, ao mesmo tempo que se prima o propio disfrute por riba da prestación do servizo.

Neste sentido, o Concello de Vigo acepta as condicións xerais e mailas particulares propostas polo servizo provincial de Costas de Pontevedra, servizo dependente do Ministerio de Medio Ambiente. A súa vez, estas condicións están recollidas no "Prego de condicións para a instalación e explotación de servizos de tempada nas praias do Concello de Vigo", baixo o que concursan distintos/as ofertantes que aceptan integramente ditas condicións e se comprometen a respectalas. Pois ben, vimos observando como diversos aspectos do prego non se veñen cumprindo e, dentro da transixencia que nos poidamos permitir, hai determinadas concesións que sobrepasan dito límite e, inclusive con maneiras nada correctas e axeitadas, permítense facer uso duns teóricos dereitos que, nalgúns casos, traspasan calquera tipo de flexibilidade e poden ter a consideración de faltas nos seus distintos graos, mesmo podendo incorrir en suposta revocación, ben total ou parcial.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

- 1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar de xeito inmediato unha inspección de todas as ocupacións resultantes do concurso e poña as conclusións en coñecemento deste Pleno, por medio dos voceiros dos grupos municipais.
- 2.- Que se obrigue a respectar as superficies concedidas e os pasos sinalados ou acostumados, eliminando a ocupación superior e recollendo e retirando aqueles elementos tidos a maiores ou non contidos no obxecto da concesión.
- 3.- Que o Goberno Municipal determine en qué condicións están ditas ocupacións e proceda a restituir as recollidas no prego ou, en todo caso, a poñelas en coñecemento da administración competente para que tome as determinacións oportunas."

A comisión informativa de xestión municipal en sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006 quedou enterada do contido desta moción.

INTERVENCIÓN DO SR. VIÉITEZ ALONSO: Traemos esta moción porque coido que todos coincidimos en que o obxecto fundamental da instalación dos quioscos de tempada nas praias de Vigo é ofrecer un servizo cando máis se utilizan os nosos areais e cun criterio de integración no contorno, se é posible unha nula incidencia nese contorno e ó mesmo tempo que se presenten ese tipo de servizos que viñan demandados e que pensamos que se deu un salto cualitativo importante na anterior Corporación cando con gran esforzo, por

unha banda tentamos unificar as instalacións e doutra dotalas de servizos acordos coa actualidade e nese sentido se debera profundizar.

Todos os anos se sacan a concurso as instalacións, algunhas das cales son concesións de carácter plurianual, e o que observamos ó longo deste verán pero sobre todo nos últimos meses, é que están desnaturalizadas as condicións do propio prego e a prestación dos servizos.

Vemos como, coa flexibilidade que queiramos, estase observando unha utilización cando menos non acorde co prego e ás veces mesmo abusiva. Cando por parte de quen coñece ese prego, por parte de quen quere disfrutar dos areas, se tenta que iso se cumpra hai respostas, imos dicir que non acordos coa educación que se debera ter e sobre todo con respecto a unhas condicións que en principio dixeron que ían asumir.

Temos comprobado como hai unha invasión exterior, fóra do propio quiosco, con elementos que non están de acordo do mobiliario e temos observado no caso concreto da estación marítima do Vao, que non só hai un excesivo uso da superficie senón que hai un abuso, xa non da superficie pechada senón tamén da superficie que se puidera ocupar con outro tipo de instalacións.

Por iso traemos esta moción, non xa para que se baixe a garda senón que todo o contrario e pedimos que o Goberno municipal, de xeito inmediato, faga unha inspección de todas as ocupacións que, se ben rematou a concesión o 31 de setembro, é certo que aínda segue habendo ocupacións.

Hai unhas condicións que teñen que cumprir, entre outras a retirada dos propios quioscos, e non se teñen realizado ó completo pero si é certo que hai outros que aínda están prestando a súa actividade e dun xeito tremendamente abusivo.

Por iso propoñemos que o Goberno municipal faga unha inspección de xeito inmediato sobre as ocupacións resultantes do concurso e poña as conclusións desa inspección en coñecemento deste Pleno a través dos voceiros dos Grupos municipais ou calquera outro sistema.

Que se obrigue a respectar as superficies concedidas e os pasos sinalados e acostumados, eliminando a ocupación superior e recollendo e retirando aqueles elementos tidos a maiores ou non contidos no obxecto da concesión.

Un só exemplo: a estación de vela do Vao é de escándalo. De 20 máis 20 metros cadrados que ten concedidos, está ocupando unha superficie aproximada de máis de 2000 metros cadrados, campando ás súas anchas e mesmo con respostas nada acordos coa educación que debe ter un concesionario e co compromiso que no seu momento asumiu respectar.

O número de unidades que debe ter a estación náutica en vela catamarán son dous; a semana pasada eu contei 45. Taboas de wind surf 6, eu contei 24. Piraguas 30 das que 15 no Vao que apenas tiña ningunha, só 2. Á parte lles podemos falar do propio peche do quiosco que a ollo é de 15 x 15, nada ten que ver de 20 máis 20 de almacén.

Nese sentido se debe proceder de xeito inmediato e ó mesmo tempo se deben determinar en qué condicións están esas ocupacións porque puidera ser que solicitaran, non unha prórroga, pero alomenos continuar prestando ese servizo a outra administración e se de nós depende continuar esa prestación, que cumpra as condicións do prego. Non teñen porqué ser uns máis listos que os demais senón que pola contra todos iguais. Se lle compete a outra administración poñer isto no seu coñecemento para que tome as determinacións oportunas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Viéitez Alonso, sobre os postos de tempada nas praias co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

37.-(219).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE ADECENTAMENTO E LIMPEZA DE MONUMENTOS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de outubro de 2006 (núm. 60108546), a concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula ó Pleno a seguinte moción:

"O 15 de xullo do 2000, inaugurouse na praza do mesmo nome, o busto de Francisco Fernández del Riego realizado polo escultor Alvaro de la Vega, en cumprimento dun acordo plenario do ano 93 como homenaxe a esta figura relevante dentro da nosa cidade, así como a todos os anos que adicou en defensa da cultura e da identidade galega. Pois ben, na actualidade calquera que pase por esta praza pode observar o monumento abandonado á súa sorte e cheo de pintadas.

Por outra banda, concretamente en Montero Rios, atopámonos con outro monumento, esta vez adicado ao grande escritor e político cubano José Martí, obra do escultor René Negrín, doado no seu día ao Concello de Vigo pola Unión Nacional de Escritores e Artistas de Cuba. Este monumento está tamén nun estado do máis lamentabel, ennegrecido e cheo de verdín.

Esta situación de deterioro que pon de manifesto o desinterese do Concello no seu mantemento e conservación, incide moi negativamente na imaxe desta cidade.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello para a súa aprobación o seguinte acordo:

Que o Goberno Municipal adopte as medidas necesarias para o adecentamento e a limpeza dos monumentos da cidade, nomeadamente a de Francisco Fernández del Riego e a de José Martí respectivamente."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión ordinaria de 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da moción.

DEBATE.- SR. MARTÍNS VILANOVA: Hai xa seis anos inaugurouse na praza do mesmo nome o busto de Francisco Fernández del Riego realizado polo escultor Alvaro de la Vega, en cumprimento dun acordo plenario do ano 93, como homenaxe a esta figura relevante da nosa cidade, así como a todos os anos que adicou en defensa da cultura e da identidade galega. Pois ben, na actualidade ese monumento está nun estado total de abandono e cheo de pintadas.

Como unha imaxe vale máis que mil palabras e dado que non é cousa de me estender na súa descrición, traio unha fotografía do seu estado actual que non pode ser de maior deterioro, sobre todo dados os anos de existencia que ten.

Noutra zona céntrica da cidade como é Montero Ríos, podemos observar outro monumento, esta vez adicado o grande escritor e político cubano, José Martí, obra do escultor René Negrín que foi doada no seu día ó Concello pola Unión Nacional de Escritores e Artistas de Cuba, inaugurado no ano 99. Este monumento está tamén nun estado do máis lamentabel e tamén traio fotografía onde podemos apreciar mesmo a forma dun charco ó pé da escultura e fíxose antes das chuvias.

Coido que esta situación de deterioro pon de manifesto o desinterese por parte deste Concello no seu mantemento e na súa conservación. Non hai nada que inaugurar, o mantemento non sae na prensa e podemos deixar que se degraden que é o mesmo que degradar o homenaxe que no seu día se lles fixo e optar por un agravio a ese persoaxes e que tamén é o mesmo que degradar os cartos que no seu día se investiron nestes monumentos.

Hai un agravante ademais porque non podemos dicir que non pasamos por alí a pesar de ser zonas céntricas, ou que ninguén dixo nada. Resulta que no caso da escultura de José Martí, está a Asociación de Amigos de Cuba que se

ofreceu voluntariamente a procer á súa limpeza, enviou cartas a este Concello nos anos 2004, 2005 e 2006 e aínda están a esperar a resposta sinxelamente para ser atendidos e formular as súas propostas.

Por iso é que presento esta moción e como pode haber máis casos que os que aquí presento, o que propoño é que o Goberno Municipal adopte as medidas necesarias para o adecentamento e a limpeza dos monumentos da cidade, nomeadamente a de Francisco Fernández del Riego e a de José Martí respectivamente.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O tema de protección e promoción de grupos escultóricos na nosa cidade é certo que é un compromiso deste Goberno porque podemos falar da recuperación dos grupos escultóricos como a do Xeneral Artigas que estaba no parque do Museo Quiñones de León e que agora está rehabilitado e posto nunha zona máis visible da nosa cidade; a farola de Jenaro de la Fuente que é un grupo escultórico importante; a pérgola tamén de Jenaro de la Fuente. Mesmo novas esculturas como pode ser a de Quesada e están actualmente en obras de recuperación as fontes dos tritóns e a que estaba na praza de Juan de Villavicencio, na Pedra, que van ir na Praza de Portugal.

Tamén é certo que as esculturas das que fala, por certo a asociación que citou xa me reunín con eles que falaban de substituír a escultura por un busto de bronce, porque recoñecen que a pedra calcárea ten un mantemento complicado na nosa cidade. Pasouse á empresa contratada o parte para a limpeza destas esculturas e penso que esta semana procederán á súa limpeza. Eles propoñían cubrir a escultura de bronce pero iso xa é un novo investimento e por iso na xuntanza que tivemos con eles quedamos na súa limpeza.

Pasouse xa o informe e estase recuperando como as demais esculturas das que fale antes.

(No momento da votación estaban ausentes os señores Figueroa Vila, Guerra Fernández e Soto Ferreiro e a señora Polo Lima).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, sobre limpeza de monumentos da cidade, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

38.--(220).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REALIZACIÓN DE XESTIÓNS PARA DOTAR DUNHA CONEXIÓN Ó ENLACE DE BALSA ÁS PARROQUIAS DE COMESAÑA E MATAMÁ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de outubro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"A potencialidade da construción e posterior uso do segundo cinto no Concello de Vigo estamos a comprobala dende hai algún tempo, a pesar do curto intervalo que vai dende que se puxo en marcha. A redución dos tempos e traxectos de desprazamento ou a descarga de tráfico, nomeadamente o pesado, de determinadas vías urbanas son os dous dos aspectos máis salientabeis, sen mencionar o indirecto como pode ser a redución na emisión de gases contaminantes á atmosfera.

Da súa virtualidade queda aínda pendente de poñer en marcha outra potencialidade como é a conexión de Balsa coa Zona Franca en Balaídos, fito que completará a actuación, sobre todo tendo en conta o tráfico pesado que xera a actividade industrial deste polígono e a complementaria situada maioritariamente no contorno.

Agora ben, non nos podemos esquecer do seu impacto no medio e no seu contorno, aspectos aos que non debemos ser insensíbeis e poñer medios e esforzos para paliar os efectos causados. Hoxe ninguén discute as vantaxas do segundo cinto pero o que si é certo é que non esta ao seu límite e, como Administración, temos que tomar as determinacións necesarias para facelo máis útil e facilitar o desenvolvemento diario das persoas, tanto próximas como potenciais usuarias.

Neste senso, e sen grandes esforzos, habería que dotar dunha conexión directa, aínda que sexa provisional, ás parroquias de Comesaña e Matamá, agora que se está a construír o enlace de Balsa, cunha serie de redondas próximas ao polígono industrial de Balaídos. Esta actuación permitiría utilizar dun xeito sinxelo e máis curto o segundo cinto a un conxunto de 10.000 persoas como mínimo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propón a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar de xeito inmediato un estudo de conexión dos viais urbanos xa existentes, tanto da parroquia de Comesaña como de Matamá para que se poidan conectar ao enlace de Balsa.

2.- Que se inicien as xestións oportunas coa Zona Franca de Vigo e a COTOP, para que de común acordo coas tres administracións se acade a fórmula e o punto de conexión máis óptimo."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de outubro, que dou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE SR. VIÉITEZ ALONSO: Trátase de aproveitar un potencial que temos como é o segundo cinco de circunvalación e sobre todo a súa conexión en Balsa co Polígono industrial de Balaídos, para dotar dunha conexión directa nomeadamente ás parroquias de Comesaña e Matamá.

Dicimos isto en primeiro lugar porque esa conexión pasa practicamente pola linde das dúas parroquias. En segundo lugar ten que ver con outras mocións que presentamos de tentar mellorar a sinalización do segundo cinto e buscar vías alternativas para que non se produzan tráfico innesarios e en terceiro lugar, xa que están sufrindo ou padecendo as obras do segundo cinto, neste caso esta conexión e sobre todo que vai quedar para o futuro, que tamén se poidan favorecer. Unha de dúas, ou van a Ricardo Mella ou á rotonda que hai un pouco antes de Foxo, no vial de acceso á Universidade. O que se pretende é que de común acordo coas distintas administracións e entes públicos que están participando na construción desta conexión, o Concello se poña de acordo e se lle busque unha conexión a estes veciños, que evidentemente tamén pode ser utilizada por todo o mundo pero nomeadamente serían os máis directamente beneficiados, para así evitaren eses tráfico innesarios.

Por último un terceiro apuntamento que se quedou no tinteiro e é que solicitamos que os terreos resultantes do falso túnel que se vai construír neste enlace, se axardiñen e se poñan ó dispor dos veciños das dúas parroquias para o seu desfrute dun xeito parecido ó que se fixo co parque Lisardo da costa do segundo en Valladares.

SR. COMESAÑA ABALDE: Con respecto á conexión de Matamá e Comesaña efectivamente xa levamos un bo tempo en conversas con Zona Franca e coa COTOPV. Xustamente no mes que andamos tivemos dúas reunións, unha o día 10 na propia obra e outra o 17 na Xerencia de Urbanismos para lle buscar unha solución ó tema, así que imos votar a favor.

Precisión feita polo propoñente, Sr. Viéitez Alonso, durante o curso do debate:

Engadir un terceiro punto á moción no sentido de solicitar que os terreos resultantes do falso túnel que se vai construír neste enlace, se axardiñen e se poñan a disposición dos veciños das dúas parroquias para o seu disfrute.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Proceder a realizar de xeito inmediato un estudo de conexión dos viais urbanos xa existentes, tanto da parroquia de Comesaña como de Matamá para que se poidan conectar ao enlace de Balsa.

Segundo.- Iniciar as xestións oportunas coa Zona Franca de Vigo e a COTOP, para que de común acordo coas tres administracións se acade a fórmula e o punto de conexión máis óptimo.

Terceiro.- Solicitar que os terreos resultantes do falso túnel que se vai construír neste enlace, se axardiñen e se poñan a disposición dos veciños das dúas parroquias para o seu disfrute.

39.--(221).-- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23-10-2006 (nº 60109990), o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, formula ó Pleno a seguinte moción:

"A Escola Oficial de Idiomas de Vigo dispón na actualidade de 40 aulas para atender a preto de 5.000 alumnos e alumnas en horario de 9 da mañá a 10 da noite. A situación da EOI na rúa Martínez Garrido e o grande número de usuarios/as destas instalacións están a xerar graves problemas de aparcadoiro ao mesmo tempo que as queixas polas dificultades de transporte se suceden día a día.

No presente curso 06/07 máis dun milleiro de cidadáns ficaron sen a posibilidade de iniciar os seus estudos na EOI por FALLA DE ESPAZO.

A grande demanda de cursos específicos solicitados por diversos colectivos profesionais (médicos, arquitectos, empresarios...) seguen o mesmo vieiro: non se poden realizar por falla de ESPAZO

Na sociedade moderna e desenvolvida, o incremento da demanda da aprendizaxe de idiomas é unha realidade innegable. A EOI de Vigo experimentou nos últimos anos un substancial aumento de solicitudes. É preciso ampliar a Escola Oficial de Idiomas para atender as necesidades da cidadanía.

É por iso que o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldesa e ao concelleiro de Educación, en colaboración coa consellería de Educación, a estudar e poñer en marcha as actuacións precisas para ampliar as instalacións da EOI, na súa propia situación actual ou en calquera outra, para atender á demanda xa existente e futura."

A comisión informativa de Medio ambiente e Patrimonio Histórico, na sesión ordinaria de 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da presente moción.

DEBATE.- SR. COTOBADE TOMBO: O obxectivo desta moción é que o Goberno municipal, a través da alcaldesa ou do concelleiro de Educación, entre en conversas coa Consellería de Educación para ampliar as instalacións da Escola Oficial de Idiomas.

Como alomenos trato de demostrar na exposición de motivos, existe na actualidade un grande número de solicitudes de cidadáns vigueses e viguesas que non puideron ser atendidos durante este curso 2006-2007.

Na actualidade a Escola Oficial de Idiomas imparte sete idiomas: alemán, francés, inglés, portugués, español, galego e italiano. Atende en corenta aulas a preto de 5.000 cidadáns vigueses e viguesas. A máis destes idiomas que citei, tamén están a dar cursos monográficos de 60 horas, cuatrimestrais, pero que tamén teñen unha titulación oficial, de ruso elemental, árabe en nivel I e II, chinés en nivel I e II, xaponés en nivel I, II e III e mírase que cada vez son máis os vigueses e viguesas que demandan este tipo de ensinanzas.

Non é de estranar, hai un pouco escoiten a uns compañeiros da Corporación falar de que estabamos no século XXI, século da telemática e das comunicacións; as línguas tamén serven para se comunicar entre as persoas. Daí que nunha sociedade moderna e desenvolvida como a que estamos a vivir, como a sociedade viguesa, este tipo de ensinanzas sexan moi demandadas pola cidadanía.

Coidamos que xa é o momento de poñer as bases para que no próximo curso 2007-2008 a Escola de Idiomas, ben no emprazamento actual caso de que fose posible ampliar as aulas, cousa que vexo difícil pero para iso hai técnicos

na casa que poden emitir os correspondentes informes, ou ben buscar outra localización en calquera lugar da cidade, sempre colaborando coa Consellería de Educación como é preceptivo, xa que o profesorado para esta Escola ten que vir dado por esa Consellería.

Sería necesario, pois, poñerse en contacto coa Consellería de Educación e ver cales son as linguas máis demandadas na actualidade para que eles poidan fornecer de profesorado a esta Escola de Idiomas, igual que acontecía cando se falaba do persoal que podería ocuparse da biblioteca deste mesmo centro.

Polo tanto consideramos que é de urxente necesidade, unha demanda que está aí, reflectiuse a principios deste mes en todos os medios de comunicación e cremos que é preferible canto antes facer este estudo e poñerse en colaboración coa Consellería de Educación para lle dar a mellor saída a este grave problema que ten a nosa cidade.

SR. SOTO FERREIRO: Cónfesolle Sr. Cotobade que eu non presentei hoxe esta moción, cousa que pensaba facer, porque como presentei a anterior, non quería presentar dúas mocións sobre a escola de idiomas o mesmo día.

Só para clarexar e con respecto a súa abstención anterior, que aproveito a ocasión porque ven ó caso, tamén me gustaría que fose a Consellería de Educación quen resolvese o tema da biblioteca, non tería o máis mínimo problema, pero a verdade é que ter pérda de prazas dese tipo de bibliotecas en Vigo pola posibilidade de establecer un novo convenio entre Concello e Consellería, non me parece o máis acaído.

Con respecto a este tema só dicirlle un matiz: vostede insinua pero hai que dicir claramente que na miña opinión alí non colle unha ampliación. Hai que pensar noutro edificio para esa Escola e hai unha proposta da directora que tomos temos na cabeza que para nós non é ningunha parvada, se mo permiten dicir así, pode ser unha proposta estimable e que ó mellor pode resolver máis dun conflito.

Sexa onde sexa estou de acordo co substrato da súa intervención que é que hai que buscar outro edificio para instalar a ampliación da Escola porque é absolutamente necesario.

(No momento da votación estaban ausentes o señor Calviño Rodríguez e a señora Graña Barcia)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Cotobad Tombo, sobre as instalacións da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

40.-(222).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

ANTECEDENTES: A voceira do grupo municipal socialista, Sra. Porteiro García, con data 20 de outubro de 2006, formula a seguinte moción.

"Dada a gravidade da situación de depuración das augas residuais no termo municipal de Vigo e o inmovilismo e falla de resposta do Goberno Local ante tan serio problema, logo de se ter producido un intenso traballo político e técnico na comisión creada ao respecto para dilucidar as accións que se deben levar a cabo, presento para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Que o Goberno Local proceda de inmediato a execución do acordo adoptado no Pleno do pasado 27 de Xullo de 2006 que de seguido se reitera:

"Primeiro.-

a) *Dar conta do informe-proposta da Comisión de seguimento da EDAR do Lagares de data 16.05.06, xunto co informe de valoracións estimadas de data 14.07.06 por un importe de 13.166.570 €, IVE excluído, relativas a actuacións a levar a cabo na EDAR do Lagares para solucionar dun xeito definitivo os problemas de cheiros existentes.*

b) *Considerar válida a proposta aportada na Xunta de Voceiros do pasado día 21.07.06 polo representante do BNG, D. Xabier Toba Girón, relativa á inclusión da planta dun sistema de tratamento terciario, ultravioleta ou similar das augas, que foi informada favorablemente polos técnicos da Comisión de Seguimento cun orzamento estimado de 5.000.000 €.*

c) *Ter en conta os tres apartados da emenda de adición do Partido Galeguista de data 21.07.06.*

d) *Quedar enterados da comunicación lida polos representantes veciñais na sesión do día de hoxe.*

e) *Quedar enterados do informe remitido pola Consellería de Medio Ambiente de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2006 que se transcribe literalmente no anexo deste acordo.*

Segundo.- Remitir a totalidade dos estudos realizados e os "Documentos de conclusión" que se citan a seguir á Consellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e complementación ou corrección se é o caso:

- 1.- ASISTENCIA TÉCNICA E CONTROL DA EDAR DO LAGARES (COMISIÓN VECIÑOS AFECTADOS.
- 2.- INFORME XEOLÓXICO-XEOTÉCNICO G. CONTROL.
- 3.- INFORME TÉCNICO AQUALIA.- DOCUMENTO RESUME.
- 4.- RESUME EXECUTIVO DO INFORME DE DENVOLEVEMENTO DA ASISTENCIA. ADANTIA.
- 5.- INFORME VISITA DÍA 5.09.05. ACT.
- 6.- INFORME I+D TRATAMENTO BIOLÓXICOS.
- 7.- ESTUDO TÉCNICO G. CONTROL.
- 8.- AUDITORÍA DA EDAR. NOVOTEC.
- 9.- MEDICIÓNS DE CHEIROS E PROPOSTA DE MEDIDAS CORRECTORAS. INFORME FINAL. INGENIERÍA DE VERTIDOS, S. L.

Terceiro.- Realizar as obras necesarias que permitan a corrección dos defectos da EDAR do Lagares así como a optimización do seu funcionamento de acordo cos informes derivados do traballo da Comisión técnica municipal para asegurar a capacidade de tratamento a augas residuais con que foi concebida, considerando a inclusión dun tratamento terciario dos afluentes e desodorización integral da planta.

Como garantía do cumprimento deste acordo, determinarase a través do servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras a idoneidade das mesmas, tanto en materia de contaminación como de malos cheiros.

Cuarto.- Instar á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de investigación sobre a xestión realizada pola empresa concesionaria depurando as responsabilidades que por deficiencias no mantemento houbera lugar.

A solicitude de financiamento a outras administracións irá acompañada, non seu caso, da depuración de responsabilidades e, se procede, de accións de reclamacións por vicios ocultos.

Quinto.- Incorporar ó expediente e informes relativos á comisión de seguimento, o informe-recomendación do Valedor do Pobo.

Sexto.- Elaborar e presentar á adxudicataria os pregos de prescricións técnicas de mantemento da depuradora. En caso de negativa de aceptación, estudar a rescisión do contrato.

Sétimo.- Regularizar a titularidade dos terreos nos que se localiza a EDAR do Lagares, na actualidade a nome da adxudicataria ó obxecto de que o Concello sexa o titular rexistral dos mesmos e da instalación.

Oitavo.- Instar á Alcaldía-Presidencia a realizar convenios con outras administracións relativos ó programa de obras necesaria para corrixir as deficiencias da EDAR do Lagares coa temporalidade que resulte máis acaída e co financiamento preciso.

Noveno.- Negociar cos veciños afectados que poidan estar interesados no traslado voluntario da súa vivenda por estar dentro do ámbito de afección da EDAR."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da moción.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Son xa tantas as veces que temos traído iniciativas relativas á depuración de augas residuais en Vigo que non quixera facer unha intervención que aburra ós aquí presentes, coido que tivemos debates moi amplos e moi estensos sobre esta cuestión e logo do traballo realizado pola comisión de seguimento que rematou coa dación de contas e en consecuencia a toma de acordos no Pleno do pasado 27 de xullo, coido que está todo practicamente dito.

O motivo desta moción é preguntármonos e saber por qué razón, dende o 27 de xullo en que se toma un acordo plenario por unanimidade, non temos coñecemento de que houbera algunha acción por parte do Goberno para que efectivamente se puidese cumprir.

Sabemos que é unha cuestión complexa, de difícil solución, sempre o dixemos neste sentido. Témonos manifestado absolutamente a prol de dar o noso apoio para que dende o Goberno se puidera resolver este terrible asunto e estamos a falar da vella depuradora do Lagares, concretamente deste antiga e obsoleta estación que aínda non chega ós dez anos de vida e sen embargo parece algo propio do século IXX máis que do século XX.

Sr. Figueroa, non se alporice, non se enfade, dígoo porque ven hoxe como se comese tigre pola mañá; saiba que na miña intervención non lle vou dar pé a unha resposta súa alporizada. Vostede saberá como quere intervir, dígoo porque así o fixen tamén na primeira desta mañá que tiver unha resposta moi desabrida pola súa parte, pero eu teño moi claro que na miña intervención o único que pretendo é impulsar algo que está parado e que logo dun grandísimo esforzo de consenso de todos os grupos desta Corporación segue parado.

O que máis nos preocupa no noso grupo e é o motivo de que o traíamos novamente a un Pleno, é que a mediados de outubro coñecemos que logo do acordo plenario aínda houbera dous requirimentos máis do Valedor do Pobo sobre esta mesma cuestión. Requerimentos que coñecemos non porque nolos trasladase a Alcaldía-Presidencia nin o concelleiro de Medio Ambiente. Nin tan siquiera se lles deu resposta por escrito ó requirimento anterior ó Pleno do mes de xullo, outro no mes de agosto, outro no mes de outubro.

Sr. Figueroa, por favor, qué fai falla para que se poida cumprir este acordo? Por qué se toma este acordo se non é realizable? Déanos alomenos un calendario, fáganos unha previsión temporal e díganos, que probablemente non o fará, que o punto 1 e 2 están realizados ou en vías de se realizar; pero os puntos 3, 4 e 5, que tan de boa gana aprobamos con vostedes, teñen este calendario, ou teñen estas dificultades, ou pensamos que eran viables pero non o son.

Déanos unha explicación, a nós e ós cidades que representamos para que a nosa palabra teña crédito, que o noso traballo neste ámbito sexa crible, que non tomemos acordos en baleiro e para que, mesmo aqueles que están tomados co consenso absoluto de todos os grupos dunha Corporación tan delicada coma esta, vaian adiante.

Acabo de me decatarse de que me estou dirixindo ó Sr. Figueroa e por iso pido disculpas ós voceiros dos outros grupos porque esta proposta loxicamente requirirá a toma de posición de todos os grupos e o voto posterior, pero evidentemente a crítica que nela subxace está dirixida ó Goberno, neste caso ó concelleiro responsable de Medio Ambiente.

En todo caso, compañeiros da Corporación, nós seguimos pedindo que se cumpra o acordo do mes de xullo, sobre todo porque hai puntos que alomenos requiren que se comece a traballar, estamos xa na etapa final dun período municipal que conclue dentro de seis meses e queremos saber, Sr. Figueroa, se vostedes comezaron corrixir, mediante a realización das obras necesarias, os defectos da EDAR do Lagares e a optimizar o seu funcionamento en función dos informes derivados dos traballos da comisión técnica municipal na que participamos.

Reiteramos que isto se faría para asegurar a capacidade de tratamento de augas residuais coa que se concebíu e considerando a inclusión dun tratamento terciario dos afluentes e da desodorización integral da planta. E que como garantía do cumprimento deste acordo se determine a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras a idoneidade das mesmas, tanto en materia de contaminación como de malos cheiros.

É tan razoable a exposición deste acordo, podería ser tan esaxerado pero, realmente estase a traballar por parte dos servizos técnicos das administracións que van intervir no funcionamento das obras sobre se a exposición daquela comisión é a correcta ou non?

Tamén lembrará que no cuarto punto se instaba á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de investigación sobre a xestión realizada pola empresa

concesionaria, depurando as responsabilidades que por deficiencias no mantemento houbera lugar. Isto non custa cartos, é unha cuestión de poñerse e facelo. Tamén no cuarto punto se pedía que a solicitude de financiamento a outras administracións fose acompañada, de ser o caso, da depuración de responsabilidades e se procedese de accións de reclamacións por vicios ocultos. Isto tampouco custa cartos.

O punto quinto era incorporar ó expediente e informes relativos á comisión de seguimento, o informe-recomendación do Valedor do Pobo. Teriamos que dicir xa, informes e recomendacións reiteradas do Valedor do Pobo.

O sexto tampouco custa cartos: elaborar e presentar á adxudicataria os pregos de prescricións técnicas de mantemento da depuradora e, en caso de negativa de aceptación, estudar a rescisión do contrato.

O sétimo pode levar máis tempo: regularizar a titularidade dos terreos nos que se localiza a estación do Lagares, na actualidade a nome da adxudicataria, ó obxecto de que o Concello o titular rexistral dos mesmos e da instalación. Vostede díxonos no seo da comisión da que formamos parte que esta era unha cuestión que levaba moito tempo tentado facerse dende servizos propios do Concello. Nós mesmo lle demos unha fórmula para que vostede fose quen a propuxera, no sentido de encargar a un servizo externo o estudo xurídico ou a viabilidade pertinente para que isto fose así. Non sabemos en qué situación está nin se se comezou ou non.

Oitavo: instar a Alcaldía-Presidencia a realizar convenios con outras administracións relativos ó programa de obras necesarias para corrixir as deficiencias da EDAR do Lagares coa temporalidade, coido que a palabra clave neste debate, que resulte máis acaída e co financiamento preciso.

E noveno, negociar cos veciños afectados que poidan estar interesados no traslado voluntario da súa vivenda por estar dentro do ámbito de afección da EDAR, que é unha cuestión que xa estaba en marcha pero tampouco sabemos cómo está.

Podía traer sinxelamente unha pregunta no sentido de que se me informase do que se está a facer pero coido que é conveniente reforzar o acordo e se este acordo non vale formular outro, aínda estamos a tempo. Se este acordo non é aplicable, non é realizable e o Goberno ten tido dificultades para o levar adiante e ten unha alternativa, preséntese unha emenda ou tráíanos unha proposta nova pero, por favor, a parálise non pode ser a resposta ante esta situación porque, se é así, nós seguiremos denunciándoo, seguiremos tentando axudalos a atopar o camiño axeitado.

Sr. Figueroa, Sr. Soto, Sr. Toba, compañeiros e compañeiras de Corporación, nós solicitamos que novamente debatamos sobre esta cuestión e acordemos ben o que nos traemos aquí ou un acordo mellor se é que o hai.

SR. FIGUEROA VILA: Parece que o único que preocupa nesta Corporación é o ton da miña intervención; terei o ton que considere oportuno en cada momento segundo as circunstancias e o criterio que politicamente o noso grupo poida ter en cada apartado.

Cando me chegou esta moción e tivemos a xuntanza do grupo alguén preguntoume en qué consistía esta moción e por qué se presentaba. Dinlle unha contestación moi clara ó grupo: non vos preocupedes, o luns no Pleno a Sra. Porteiro vains dicir que é o que vai investir a Xunta de Galicia. Son estratexias políticas, vostede ten contacto co seu conselleiro que a nós non nos contesta e seguramente hoxe nos vai dicir que a Xunta de Galicia vai investir tantos cartos. Díxenlles que benvida sexa esta moción porque entón entendereino como unha estratexia política do Grupo Socialista de anunciar que a Xunta de Galicia está disposta a investir na mellora da EDAR do Lagares, o que ata o día de hoxe non se nos contestou. Iso é o criterio político que mantiven en que coido que pode ser así.

Dito isto teño que explicar un pouco os pormenores de toda esta situación porque dende o 27 de xullo pasaron bastantes cousas. En primeiro lugar é a primeira vez na historia desta cidade que se fai un estudo completo, con todas as asistencias técnicas e unha comisión técnica sobre a situación da depuradora do Lagares que ten problemas dende o ano 98.

En segundo lugar fixéronse todas as xestións oportunas e pertinentes, tanto coa Consellería de Medio Ambiente, co Goberno anterior e con este, co Ministerio de Medio Ambiente, tamén do Goberno anterior e deste, para que se tentara levar a cabo os proxectos necesarios, en primeiro lugar para mellorar a EDAR do Lagares e en segundo lugar para que Vigo tivese unha nova situación para unha depuradora.

Hai unha cuestión importante: aínda que se arranxe esta depuradora, o subministro de capacidade que ten a actual depuradora non daría cobertura para todo o caudal que chega a ela. Por iso se falou da posibilidade dunha segunda depuradora.

Logo de chegar a unha serie de conclusións, das que lles teño que dicir claramente que algúns grupos políticos quixeron que déramos conta, sen votación previa senón que só dar conta dunha serie de feitos que se levaron a cabo, ó día seguinte a Sra. Alcaldesa púxose en contacto co Conselleiro

de Medio Ambiente. Foi público que o conselleiro dixo nos primeiros días de agosto que buscaría unhas datas para que a primeiros de setembro se puidera xuntar co alcaldesa. Considerouse oportuno remitirlle toda a documentación, o expediente completo á Consellería de Medio Ambiente e o día 13 de setembro tiveron esa xuntanza. Á parte de falar deste tema concreto, tamén faláron do Plan Xeral.

A partir daí non temos resposta de ningún tipo. Só hai algunha resposta intermedia, convócase ós veciños a petición de seu, considero oportuno que o conselleiro reciba ós veciños, e a través dos medios de comunicación, porque a nós non se nos dixo nada, anúnciase que a Consellería de Medio Ambiente está disposta a financiar o 50% das obras necesarias da EDAR do Lagares.

Non sabemos canto é o 50% nin cáles son as obras necesarias porque comprenderá, neste Pleno houbo un debate longo e quedouse en que sería oportuno remitir todo este expediente á Consellería de Medio Ambiente para que o trasladase a Augas de Galicia e os técnicos de Augas de Galicia, que son os competentes, quen construíron a depuradora, quen tomaron a decisión do proxecto constructivo, quen fixeron o seguimento da depuradora, quen ratifican todas aquelas propostas que fai o Concello de Vigo, porque nin o Concello nin a concesionaria fan unha soa obra sen que Augas de Galicia teña coñecemento e lle dea o visto bo. Ata imos dar por bo ese 50% aínda que nos gustaría que nos concretasen. Sra. Porteiro, estou convencido que vostede logo voino facer.

Indo ó acordo da moción dígolle que nós non perdemos nin un só día con respecto a este tema. Se vostede quere coñecer todo o que fixemos voulle dar unha pequena explicación. En canto o punto primeiro de dar conta do informe-proposta da comisión de seguimento, deuse. Considerar válida a proposta do Sr. Toba no apartado b), tamén se deu. Ter en conta os tres apartados da emenda de adición do Partido Galeguista de data 21.07.06, incluíuse. Quedar enterados da comunicación lida polos representantes veciñais na sesión do día de hoxe, tamén está dada conta. Quedar enterados do informe remitido pola Consellería de Medio Ambiente de data 26 de xullo que se transcribe literalmente no anexo deste acordo, tamén se deu conta.

Segundo, remitir a totalidade do expediente con documentos á Consellería de Medio Ambiente, fíxose dúas veces e mesmo unha terceira que se remitiu un acordo xeral ó Presidente da Xunta de Galicia dicíndolle das necesidades, que xa se remitiran con anterioridade ó Conselleiro de Medio Ambiente para

que tivera conta nos orzamentos do ano 2007, o que non aparece reflectido por ningún lado.

Terceiro, realizar as obras necesarias que permitan a corrección, evidentemente estamos esperando tal como acordamos neste Pleno a que Augas de Galicia nos diga qué obras son necesarias e cales non. Foi un acordo da Xunta de Voceiros e do propio Pleno.

Cuarto, instar á Alcaldía-Presidencia a incoar expediente de investigación sobre a xestión realizada pola empresa concesionaria. En canto ós puntos cuarto e sexto temos reunións semanais coa concesionaria para tratar de facer un protocolo que xa se está a cumprir pero o queremos reflectir nun documento para que poida ter continuidade en anos futuros e chegar a un acordo.

Pero este tema hai unha única vía do levar: polo consenso e polo acordo das dúas partes e repito que a concesionaria está en boa disposición de chegar a un acordo porque tamén lle interesa saber cáles son os traballos que teñen que realizar e cal é as pretensións que ten o Concello.

Estamos negociando e coido que estamos en boa disposición as dúas partes para que proximamente poidamos asinar un protocolo ou chegar a un acordo que xa se debaterá no seu día na Xunta de Voceiro porque coidamos que é un tema de trascendencia.

En canto á investigación do expediente, coido que no expediente aparecen bastantes informes con respecto á situación de mantemento da depuradora nos últimos anos. Tamén aparecen deficiencias e cuestións positivas que eles levaron a cabo e, dentro desa liña de acordo que estamos tentando buscar, estudaremos a situación para chegar a un punto de encontro.

Regularizar a titularidade dos terreos: Esa é unha situación complexa porque saben vostedes que hai unha sentenza dun convenio do ano 91 que non asinamos nós. Parece que os temas da depuradora son única e exclusivamente competencia do Partido Popular pero non. Hai un acordo da depuradora e hai que dar os nomes aínda que non me gusta pero era o responsable a Sra. Villarino polo departamento de Vías e Obras, convenio do 5 de novembro do ano 91 en que se fala da compra deses terreos. Logo hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia onde se nos dí que hai que aplicar ese convenio, un convenio de terreos que se "entende" que poden ser de dominio público. Esa sentenza obríganos a mercar uns terreos que ó parecer están na franxa correspondente a dominio público.

Eses terreos cómpranse no Goberno do Partido Popular, chégase a un acordo cos veciños, págaselles 3.000 ptas./m2 como xa constaba nun acordo anterior

co que estamos falando de 180 millóns das antigas pesetas. A sentenza tamén nos dí que hai que pagar os intereses máis unha ampliación duns terreos que non estaban. Con isto a operación vaise a 400 millóns das antigas pesetas. Nese intervalo de tempo hai unha decisión que tamén toma a Sra. Villarino coa tarifa da auga, da que eu non quixen falar ó Sr. Guerra esta mañá porque eran temas distintos e para non lealo, pero o Concello de Vigo está a perder 200 millóns de pesetas de ingresos das tarifas de auga porque a Sra. Villarino, para que un ano non se lle subira a tarifa de auga ós veciños, pasou de 10 ptas./m² a 5 ptas./m². Busquen ese acordo porque foron vostedes quen o tomaron e con iso contesto un pouco ó Pleno anterior.

Pero hai decisións que tamén se tomaron anteriormente que agora repercuten neses servizos e tarifas. Por non subir os impostos nun ano pasouse de 10 ptas./m² que era o canon que pagaba a concesionaria a 5 ptas. Iso significa que nos últimos anos aproximadamente se deixaron de ingresar uns 200 millóns de pesetas por ano.

É certo que o Concello de Vigo a día de hoxe ten uns terreos que en teoría debería ser nosos. Neste plano que teño a depuradora ocupa toda esta zona e a franxa amarela son os novos terreos. Por iso se tomou unha decisión e por iso, cando foi o Pleno da depuradora, se fixo unha proposta de non ampliación da depuradora na súa situación actual. Xa dixemos que, ó mellor a proposta dalgún grupo ou dalgunha institución, se pretenda facer a nova depuradora de Vigo nestes terreos. Si é certo que o Concello de Vigo non ten só 72.000 m²; a día de hoxe, na depuradora actual ten 150.000 m² en propiedade. Que non se leve a ninguén a engano e pretender que este sexa o lugar da situación da nova depuradora.

Como dicía a regularización deste terreos lévase tentando dende o ano 99 sen lograr acadala. Estase cos servizos xurídicos e con algunhas consultas externas para tentar levar a cabo este tema que, aínda que é unha cuestión importante, a día de hoxe é un tema menor porque só é rexistrar os terreos como titularidade do Concello e coido que ninguén negue agora mesmo que sexan de dominio público.

O punto oitavo, instar á Alcaldía-Presidencia a realizar convenios con outras administracións relativos ó programa de obras necesarias para corrixir as deficiencias da EDAR do Lagares coa temporalidade que resulte máis acaída e co financiamento preciso. Cando Augas de Galicia nos dea unha resposta estamos dispostos a sentármonos e repito que a aportar cartos do Concello de Vigo.

En canto ó noveno, negociar cos veciños afectados, coido que é público e notorio que tiveron tres días de xuntanzas nos primeiros días de setembro con todos eses veciños para falar da posibilidade dos traslados voluntarios e tamén das súas propiedades e do valor que poderían ter as súas vivendas.

A maiores o Concello de Vigo coma previsión no borrador de orzamentos deste ano que lles imos facilitar, xa ten incluídos 1.300.000 euros para necesidades e asinar un convenio coa Xunta de Galicia cando o considere oportuno.

A día de hoxe, no referente á liquidación de Emavisa que todos vostedes saben que falamos de dous millóns e medio de euros, temos a previsión que eses cartos, excepto 400.000 euros que imos meter no modificado do proxecto de Zamáns porque hai que rematar ese saneamento, o resto, aproximadamente uns 2.300.000 euros en previsión para asinar calquera convenio que se teña que establecer coa Xunta de Galicia.

Nunca na historia desta cidade o Concello de Vigo tivo nas arcas municipais cincocentos millóns das antigas pesetas para poder asinar calquera convenio e facer obras de mellora ou necesarias que esta Corporación e ese convenio nos poidan aconsellar.

Non somos sospeitosos porque poderíamos utilizar eses cartos en saneamento en barrios e parroquias. Por iso Sr. Soto, cando lle dixemos que non se preocupara naquel plan de barrios e parroquias, que para a depuradora do Lagares xa se tiña unha previsión, este é o xeito de xestionar que ten este Concello: ter previsión e posibilidades e mesmo sen ter que vir a Pleno porque é unha xeración de crédito automática, que non sería esa a cuestión porque pensamos que este tema deberíamos ter acordado nesta Corporación.

Levamos calados dende que se asinou a liquidación de Emavisa pero a alcaldesa deu orde clara e taxante de que, excepto rematar con eses 400.000 euros Zamáns o que era de xustiza, deixar dous millóns de euros aproximadamente para ter a previsión de facer un convenio coa Xunta de Galicia.

É máis, se a Xunta nos pone enriba da mesa o 75% das obras necesarias, estamos dispostos a aportar ese 25% que me parece unha cantidade razoable que toda Corporación podería estar de acordo. En aras de chegar a un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia estamos dispostos a que se a Xunta pon os 1.500.000 millóns restantes e nós 500 millóns, chegar a unha cantidade de dous mil e pico millóns das antigas pesetas para empezar mañá mesmo a facer as obras necesarias e encargar esa oficina técnica da que tamén falamos e que non está reflectida no acordo que vostede nos pasa e

hai que dotar ó Concello de Vigo dunha oficina técnica para o seguimento única e exclusivamente da depuración e o saneamento da cidade de Vigo.

É un acordo que vostede pode trasladar se quere e espero escoitar logo ós demais voceiros pero nós estamos dispostos a aportar ese 25% do 75 que tería que poñer Augas de Galicia e que, en colaboración cos técnicos municipais e con as asistencias técnicas que levamos a cabo, nos aconselle cales son as necesidades principais e tentar priorizar os investimentos que se teñan que facer na EDAR do Lagares de acordo coa Xunta de Voceiros.

Coido que máis facilidades non podemos dar, máis previsións non podemos ter, temos os cartos nas arcas municipais, temos a posibilidade de asinar o acordo automaticamente e se a Xunta de Galicia, tal coma dixo o conselleiro nunha entrevista, aínda que os cartos non estean consignado si que hai unha partida global que pode destinarse á cidade de Vigo, que o faga xa. Nos próximos días que nos mande o acordo e estamos dispostos asinalo no mesmo momento que nolo envíe.

Coido que neste tema ó goberno non nos colleron co pé cambiado senón que con previsión, co traballo feito e, sabendo que un tema moi complexo, non quixemos facer demagogia del. Sra. Porteiro, coido que o meu ton foi tranquilo e pausado pero cun transfondo importante porque non podo permitir que vostede faga unha moción, seguramente para nos dicir hoxe o que vai aportar a Xunta de Galicia e ó mellor non esperaba resposta do Goberno.

O Goberno ten o traballo ben feito neste tema e ten a previsión máis importante: que mañá, cun decreto da Alcaldía xerar crédito por un importe de dous millóns de euros e os responsables da Facenda sábeno. Eses cartos poderían ser investidos noutras cuestións pero non quixemos porque pensabamos que este tema era prioritario.

SR. SOTO FERREIRO: Parece que agora imos xogar ás adiviñas para saber o que trae a Sra. Porteiro ó Pleno da Corporación. Pois eu penso que non é o que di o Sr. Figueroa, que non vai falar de ningunha cantidade pero ó mellor trabúcome.

Paréceme que lle estaba a falar dunha intervención moito máis liñal, dunha intervención de consensos que vostede dialecticamente acaba de romper no Pleno desta Corporación. O partido Galeguista, se vostede mantén o que dixo aquí, considera que rompeu publicamente o consenso e voulle dicir por qué.

Na emenda de adición que no seu día se meteu tiña tres puntos. 1. Que as augas depuradas admitan a cualificación de Táboa 3, para poderen ser vertidas ó alveo público. 2. Que a desodorización sexa absolutamente

integral, e 3 que a Xunta de Galicia, coas axudas técnicas e financeiras do Goberno de España e da Unión Europea, asuma a responsabilidade de transformación integral da depuradora do Lagares.

Sr. Figueroa, acaba de renunciar ó consenso facendo o mesmo que dixo nunha intervención anterior: "Xa farei eu o que me pete". Se rectifica doulle a intervención rapidamente e calo eu.

SR. FIGUEROA VILA: Se vostede me di que a Xunta de Galicia vai poñer o 100%, agora mesmo, pero nós estamos dispostos a colaborar.

SR. SOTO FERREIRO: É dicir, acorden vostedes o que queiran comigo que xa acordarei eu logo o que me pete, segundo as circunstancias e sen falar con vostedes para nada. Entendido, a iso chámolle eu, que son unha persoa cabal e leal, ruptura absoluta e descarada dun consenso e polo tanto o Partido Galeguista a partir de agora considérase absolutamente fóra do tema do Lagares, non ten ningún acordo co Goberno municipal a partir de agora. Non imos facer nada novo que non estiveramos a facer, imos defender o que vostedes renuncian que é defender ó Concello de Vigo.

Sra. Porteiro, eu comprendo que a Xunta actual tense que tragar un "marrón" que non lle corresponde. Aquí parece que buscamos argumentos sempre para recorrer ás guerras púnicas, a guerra dos cen anos, dicir que unha vez non sei quen fixo non sei qué cousa e pasou do prezo público ó privado.

Non sei que pasou hai cen anos pero hai unha cousa clara, a depuradora do Lagares construíuna a Xunta de Galicia cando gobernaba o Partido Popular e hoxendía naturalmente hai que aceptar as boas e malas, hai unha Xunta que non goberna o Partido Popular e que ten que arranxar este tema, gústelle ou non. Espero que seguro que recibirá outras herdanzas melloras ca esta do goberno do Partido Popular que na miña opinión foi moi malo con Vigo.

A vostede que lle gusta facer relatorios, xa os faremos do que fixeron vostedes gobernando o Partido Popular en Galicia e en España para ver como están os grandes temas de Vigo, para ver como estaban antes de entrar vostedes no Goberno e como están cando saíu o Partido Popular do Goberno. Vaia xa preparando datos do que estou a dicir porque eu xa os teño preparados pero agora non toca, farase cando toque. Eu non xogo nin ó barullo na área que di o Sr. Toba, con razón, nin menos aínda ó "vale todo" ou de calquera xeito porque así non imos a ningures.

Quédome sorprendido porque hai unha intervención da Sra. Porteiro, expón obxectivamente temas que ó Partido Galeguista lle parecen bos, temas que

tiñamos consensuados entre todos e o Sr. concelleiro do Goberno empeza a montar un balbordo supoñendo non sei qué cousas e anunciando xa o que vai facer que é o que a el lle peta, non o que está no consenso.

Só lle podo dicir que non conten comigo. Non sei para cando, como mínimo para cando rectificuen conductas e sexan vostedes fiables non conten con nós. Así de claro. A continuación dígolles que teñan sentido común e volten ó consenso que vostede dialecticamente acaba de romper.

Naturalmente na opinión do Partido Galeguista é a Xunta de Galicia quen ten que asumir a responsabilidade de reformar a depuradora do lagares e dun xeito integral, non venda bagatelas á opinión pública dicindo que teñen 500 millóns dun lado, 300 doutro e van dar un lavado de cara porque o que vostede non di é que con 1.000 millóns só se da un lavado de cara, non se arranxa o problema da depuradora do Lagares con eses orzamentos.

Eu lembro o que dixeron os técnicos municipais e integralmente non se arranxa con esa cantidade. Melloras claro que pode haber pero se trata de arranxar a depuradora dunha vez por todas e ese foi o consenso que tentamos chegar todos os voceiros ou que me corrixan os demais. Falamos de cómo se chega resolver este problema dunha vez por todas, non poñer remendos electorais que é o que me parece que empeza anunciar vostede.

Dende logo non conte con nós, nin para remendos nin para ruptura de consenso, se o rompen vostedes entón o Partido Galeguista será libre para dicir o que lle pete e vaino facer rápido, pronto e no lugar oportuno.

SR. TOBA GIRÓN: Tanto balbordo non parece aconsellable tratándose de debater basicamente unha moción que o que fai é reiterar un acordo plenario que debemos ter fresco na memoria porque aprobamos a acta dese Pleno hoxe mesmo o que quere dicir que debemos ter fresco na memoria o acordo a case que sen necesidade do repasar, porque o acordo que temos enriba da mesa é do 27 de xullo.

Eu sinceramente coido que sería conveniente que por ningunha outra razón ninguén se movera dese acordo. Coido que foi un acordo traballado, difícil, traballámolo ata no propio Pleno pero ó final conseguimos sumármolos todos a ese acordo, tamén facendo un esforzo todos os grupos.

Malo sería romper eses acordos nesta Corporación que a Sra. Porteiro dicía tan difícil e eu diría a máis tan delicada á hora de chegar a acordos. Non vaíamos máis aló porque estamos falando de financiar qué e cánto. Non o sabemos, alomenos o noso grupo. Limos con moita atención aquel expediente, introducimos algunha modificación que nos parecía razoable e foi aceptada,

pensamos que era boa para mellorar o conxunto final pero naquel Pleno todos tiñamos dentro da cabeza unha dúbida razoable a respecto de cal é o alcance final da actuación que había que realizar na depuradora e sinceiramente alomenos nós neste momento non temos ningún dato que nos permita avaliar cuantitativamente, máis alá da definición case cualitativa daquel acordo, ata onde temos que chegar.

Dito isto reitero a posición manifestada polo noso grupo en sucesivas ocasións no sentido de que baixo o noso punto de vista debe ser a administración autonómica e Augas de Galicia quen se fagan cargo do investimento necesario para que, como ben di o acordo, a depuradora funcione con corrección e polo medio depúrense as responsabilidades a que houbera lugar como tamén di o acordo, entendendo que en todo caso debe ser a administración autonómica que foi quen aprobou o proxecto, adxudicouno e teoricamente controlou as obras, quen agora as reinicie e ademais inicie un procedemento de investigación a respecto das obras realizada.

Coido que non hai que ir máis alá se queremos avanzar cun pouco de prudencia neste tema. Sr. Figueroa, baixo o meu punto de vista vostede hoxe está realmente brillante porque, permítame a ironía, en cada intervención que ten con asuntos nos que, independentemente da oratoria de cada quen, hai xa acordos adoptados, ten razón o Sr. Soto, vostede se empeña en mandar ós acordos contra as pedras e a súa misión non debe ser esa, Sr. Figueroa, senón posturar os acordos, defendelos algunha vez e tentar xestionalos ante as outras administracións. Non vaiamos máis alá.

Se vostedes queren que avancemos un paso máis, dende logo o noso grupo está disposto a volveirse sentar as veces que faga falla para aquilatar posicionamentos desta administración, como xa fixemos.

En canto á moción imos votar a favor. Xa votamos a favor deste acordo no Pleno do 27 de xullo e non vemos motivos para non manter o noso voto, entendendo por ese voto o compromiso do noso grupo como unha vía de resolución do problema da depuradora na que parecía ou quero pensar que parece que estamos todos de acordo.

SR. PORTEIRO GARCIA: Non lle vou entrar ó xogo que vostede presenta Sr. Figueroa. Cada un no seu papel e no seu lugar. Se vostede quere anuncios da Consellería de Medio Ambiente, pídallo a ela; eu teño a información que teño e que vostede podería ter moi doadamente. A que eu teño é boa para Vigo.

Pero nin son voceira do conselleiro de Medio Ambiente, que si que é amigo persoal, a quen aprezo moitísimo e con quen falo moitísimas veces, nin son voceira da alcaldesa nin de vostede, que ten agora unha magnífica instalación só para negociar. Entón vostede me dirá se temos agora todo o tempo do mundo, para non asinar decretos nin certificados, para negociar asuntos importantes para cidade de Vigo, non sei para qué precisa da asistencia esterna desta humilde concelleira.

Quere que negocie acordos co presidente da Deputación Provincial? Que negocie algo para a depuradora? Pois estaría moi ben, vexo moi ben que dende ese despacho case compartido a Sra. Alcaldesa negocie coa Deputación para que se gaste un euro como mínimo e para empezar na depuradora do Lagares porque é algo bastante importante. E que negocie o que ten que negociar coa Xunta de Galicia, aquí todo o mundo ten a súa parte alicota de responsabilidade e a Xunta ten unha moi importante.

É verdade o que di o Sr. Soto que o actual Goberno da Xunta de Galicia vai ter que resolver unha cuestión herdada da etapa na que vostedes estaban no Goberno pero que eu saiba ninguén dixo que non o ía facer porque ninguén aínda sabe tampouco, como vostede ben di, a canto ascenden esas obras e terase que discutir.

O que si me queda claro logo da súa intervención é que os técnicos municipais non están en ningunha comisión conxunta cos da Xunta de Galicia, como dí a nosa proposta, para ver se as obras do noso informe aprobado polo Pleno son as que hai que facer. Iso quedou absolutamente claro.

Como tamén quedou claro que hai unha contradicción entre o que vostede di de que non sabe a canto ascenden as obras que hai que facer pero xa sabe a canto ascende a porcentaxe que estaría disposto a dar dende o Concello. Como tamén queda moi claro que vostede e máis o goberno que representa xa ten renunciado a facer un expediente de investigación, que é algo moi concreto.

A aportación que xa se fixo pola comisión técnica e política que viu a Pleno, non substitue en ningún caso a facer unha investigación a fondo con depuración de responsabilidades que é o que pretendía esta moción que vostedes asinaron favorablemente.

Con todo o respecto para a empresa concesionaria e para as persoas que neste momento a están dirixindo, se vostede me di que para chegar definir cal é o protocolo polo que esa concesionaria ten que administrar, manter e xestionar a depuradora de Vigo, é como di o refraneiro galego, se poñemos ó

raposo ó cuidado do galiñeiro porque a experiencia nos di que non foi exactamente ese o comportamento histórico da concesionaria.

Precisamente para evitar que iso sega a ser así, o que nós queremos é que o Concello saiba que é o que quere e que é o que lle esixe á concesionaria, non que a concesionaria lle diga ó Concello que é o que lle ten que esixir. A min tamén me gusta moito o do consenso e coido que nesta cuestión fixemos un esforzo notable, pero me parece que vostede están sempre relegando a unha segunda ou terceira instancia a solución dos problemas e neste caso coido que están tomando o camiño trabucado.

Se o estivese facendo coido que sería un erro que o dixese porque información en todas partes, pero recoñecer que vostede renuncia a que sexa o Concello quen defina en qué termos se ten que facer a explotación da EDAR e quen lle vai dicir cómo se ten que facer é que xa o está a facer agora paréceme un herro de vulto que non esperaba de vostede.

Respecto dos terreos, esta cuestión xa está moi debatida, póñanlle un calendario aproximado a esta negociación, dígnanos que de verdade vai haber algunha resolución nalgún prazo de tempo razoable e deixen de confundir á opinión pública, sobre todo ós veciños afectados, atribuíndo a outros cousas que nin dixemos nin imos dicir como que hai que ampliar a actual depuradora no sitio no que está porque iso tamén quedou moi claro no Pleno no que se debatía esta cuestión.

Vostedes están sempre rebotando a súa incapacidade e falla de responsabilidade noutros e neste caso, por se acaso para que quede claro, dígnollo unha vez máis.

Polo tanto e xa que non me propoñen acordo ningún diferente que mellore o anterior e xa que queda claro que están incumprindo o que aquí acordamos todos unanimemente, sego mantendo o acordo tal e como está e así ó presento a votación cando a Sra. Alcaldesa o estime conveniente.

SR. FIGUEROA VILA: Se a Xunta de Galicia e máis Augas de Galicia foron quen construíron a depuradora, fixeron o proxecto constructivo, adxudicaron, fixeron o seguimento desa construción e resulta que un dos temas que se acordou no Pleno do 27 de xullo, di "Remitir a totalidade dos estudos realizados e os "Documentos de conclusión" que se citan a seguir á Consellería de Medio Ambiente para o seu coñecemento e complementación ou corrección se é o caso".

Sres. corporativos, se non temos resposta da outra institución é totalmente imposible chegar a ningún acordo, ningún convenio, ningún traballo nin nada

que se lle parece. Non hai prazos, nin tempos, nin consignación, nin resposta. O Goberno comprométese que ó día seguinte de ter unha resposta da Consellería de Medio Ambiente e de Augas de Galicia se pon a traballar e marcar un calendario.

Ás veces penso que o único que queren é levar a este Goberno á esquizofrenia porque non entendemos absolutamente nada. A Xunta de Galicia péchanos toda a posibilidade de respostas. Cómo imos tomar unha decisión dun acordo que se quedou en remitir á Xunta de Galicia e que aquí se está a dicir por parte dos corporativos que a única solución é que a Xunta de Galicia aporte o 100% das obras e melloras? Cómo imos tomar unha decisión dun tema que a Xunta de Galicia ten que analizar e estudar para ver se o que lle enviamos dende o Concello de Vigo é correcto ou non? Qué investigación podemos abrir se non sabemos se a Xunta nos vai dicir se ese proxecto constructivo foi ben feito ou non?

A día de hoxe non podemos actuar. Puxemos enriba da mesa a posibilidade de colaborar coa Xunta de Galicia para que se mire que este Goberno ten unha previsión. Por suposto que nós imos respectar o acordo do 100%, ogallá a Xunta aporte o 100% e poida levar a cabo toda esta valoración.

A valoración está perfectamente clara. Hai unha valoración total de trece millóns de euros, unha de propiedades de 8.300.000 euros e unha emenda do BNG que significa unha valoración de 5.000.000 euros. O total son 28.000.000 euros, dos que 13.000.000 son prioritarios.

O tema dos realoxamentos ou tentar indemnizar ós propietarios é unha cuestión que se pode analizar dende outras perspectivas.

Logo está a proposta que fixo o BNG de que o Concello de Vigo non ten medios técnicos para avaliar se é correcta ou non, por iso se trasladou á Xunta de Galicia e a Augas de Galicia porque son os expertos, quen teñen a competencia, quen construíron a depuradora, os que teñen que facer investimentos e son os que nos teñen que axudar ó Concello de Vigo.

Nós fixemos o noso traballo e seguimos a facelo porque hai cuestións nas que a Xunta de Galicia non vai entrar, como as posibles indemnizacións ou traslado dos veciños, que este Concello non ten resolto pero si enfocado. A día de hoxe fixo a valoración de cada unha das propiedades, sabe o que piden os propietarios e sabe ou alomenos intue ata onde pode chegar a negociación. Iso si que competencia única e exclusivamente do Concello de Vigo.

Sobre o demais a Xunta de Galicia teranos que dicir se os informes que lle remitimos son os correctos ou non e a partir daí sentármonos a negociar.

Supoño que entenderán que se un Goberno se entera polo Conselleiro de Medio Ambiente que lles di ós veciños que a única posibilidade é financiar o 50% desa obra, pero o 50% de qué imos financiar?

Nós tamén temos conclusións con respecto ós temas e esta moción é para tentar poñer ó Goberno contra as cordas e demostrouse hoxe que todo o contrario, o Goberno ten os seus traballos feitos, ten unha previsión de que se se pode necesitar algunha colaboración tamén se ten a día de hoxe e sen ningún tipo de manobras de cambiar doutras partidas nin de remanentes, senón que é unha liquidación da propia empresa de augas.

Sra. Porteiro, nós nunca adxudicamos a esa empresa, nós non fixemos a adxudicación a esa concesionaria, é máis, o PP votou en contra. Se quere algún día falamos da adxudicación. Aquí parece que todos esquecemos; asumamos todos as nosas responsabilidades e non estamos a falar desta Corporación. Por suposto que se a Xunta de Galicia, do partido que fose, neste caso do noso, non fixo ese proxecto acorde co que tiña que facer, nós tamén imos reclamar todo o necesario e ademais xa o fixemos porque dende finais de 2003 vimos reivindicándoo.

Se o Conselleiro de Medio Ambiente ten unha partida nos orzamentos do ano 2007 que nolo diga e empezamos a traballar cos técnico do Concello, externos, de Augas de Galicia e tomaremos unha decisión, pero o que non se pode é tentar asfixiar a este Goberno dicindo que non estamos cumprindo coas mocións cando a moción está clara: pasa primeiro única e exclusivamente porque Augas de Galicia tome unha decisión sobre se é correcto o estudo que lle enviamos ou non.

Se Aguas de Galicia mañá dinos que o estudo non é correcto, que está todo perfectamente ou que eles consideran que hai outra alternativa, qué facemos? Cal é a decisión que tomamos dende o Concello? Porque aquí está perfectamente claro: dar conta dos informes, ter en conta as emendas dos partidos e remitir a totalidade. Logo realizar as obras necesarias que permitan a corrección dos defectos da EDAR do Lagares así como a optimización do seu funcionamento de acordo cos informes derivados do traballo da comisión técnica municipal para asegurar a capacidade de tratamento de augas residuais. Como garantía do cumprimento deste acordo determinarase a través dos servizos técnicos das administracións que colaboren no financiamento das obras da idoneidade das mesmas. Está perfectamente claro e ademais este apartado redactárono vostedes.

SR. SOTO FERREIRO: Ten razón o Sr. Toba. O Sr. Figueroa cada vez que se mete nun debate abre un xardín novo, é a súa maneira de tirar balóns fóra e seguramente fuxir do principal. Rétoo publicamente ó Sr. Figueroa a que fale da concesión de augas. Ó mellor é que hai algún erro político e non se deron de conta pero parece que agache cousas moito máis importantes coas insinuacións que fai. Empeza a ser especialista en quitar un tema que non ten que ver para nada co que estamos a debater pero os demais tamén empezamos a dicir que basta.

No seu día chegamos a un consenso que sego sen ver claro que vostedes teñan a vontade do cumprir. Dalles igual se se estraga, pasan por riba de calquera, teñen unha visión política de que o único ben posible en Vigo é o que fan vostedes o que poidan facer e o demais o desprezan.

Cando se fixo este debate a min quedábame unha cousa por ver. Témome que xa está vista, non vou entrar buscar culpabilizacións, polas razóns que queiran a súa comunicación con esta consellería non funciona. Ó mellor será que non paran de lle mandar bravatas e descalificacións polos xornais ou ó mellor é por outra cousa. Ó mellor aínda que lles mandaran loubanzas continuadas tamén sería así, non sei cal é o motivo pero obviamente non funciona.

Gobernar ás veces tendo ideas é como se resolven os problemas, nas empresas, na cousa pública e en calquera lado. Vou dicir o mesmo que lles dixen naquel Pleno: Sra. Alcaldesa nunca lle negarei a lexitimidade, porque a ten, para que como alcaldesa leve as negociacións como lle pete no nome do Concello. Naturalmente non me pida que as comparta e sobre todo o que lle teño que pedir como concelleiro e mesmo como cidadán é eficacia.

Se polas razóns que sexa non é conveniente que negocien vostedes sós, volto pedirlle e ofrecer a colaboración humilde do Partido Galeguista. Gustariame que vostede tivera a capacidade política para lle propoñer un novo tempo ó mellor, un novo tipo de relación á Consellería de Medio Ambiente que incluíra unha delegación ampla do Concello de Vigo na que estiveran por suposto técnicos municipais e políticos, que coincidirían ou non cos voceiros, pero de todos os grupos políticos para lles dicir que temos unha vontade real de confluír con eles nun acordo e por iso presentamos unha delegación capaz de chegar a un acordo. Naturalmente esa delegación tería que estar presidida pola alcaldesa de Vigo.

Ó mellor tampouco funciona isto, Sra. Alcaldesa, eu non o sei, pero gustariame verlle iniciativas políticas coma ista para tentar xogar con todas as cartas posibles que teña ó seu alcance a favor de Vigo. Se non o

fai a resposta é outra, Sr. Figueroa: é que vostedes están interesados na política da confrontación e non da resolución dos problemas. Sen explorar ningunha fórmula mellor de relación lanzan descualificacións de todos os lados.

A min non me importa dicir en público que tamén me considero amigo de don Manuel Vázquez ou Pachi Vázquez como lle chamamos os amigos; pero eu estou aquí cun deber evidente que é defender os intereses do Concello de Vigo e, polo tanto, se o Sr. Vázquez non fai o que debe facer, sexa o que sexa, vaime atopar absolutamente en fronte. Pero, coas capacidades que coñezo do Sr. Vázquez, teño dúbidas de que sentado diante de problemas e propostas serias de resoucións lles vaia voltar a cara. Ó mellor me levo unha sorpresa, xa teño levado moitas, pero de momento quédome con que vostedes non son quen de artellar nada que supere esa contínua confrontación que leva á esterilización das xestións do Concello de Vigo nas súas mans. É absolutamente lamentable.

Sr. Figueroa, non esquezo o da auga. Cando queira abra a caixa dos tronos para ver que pasou, non sexa que pasara algo que eu non sabía e xa me gustará sabelo o primeiro.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Pola miña banda aviso que é a miña última intervención diga o que diga o Sr. voceiro do Partido Popular, pola hora que é e porque coido que está todo suficientemente clarexado.

Quero deixar constancia que me preocupa que o Sr. Figueroa recoñeza que o traballo aquí aprobado da comisión non servíu e así interpreto eu o que vostede dixo, que o que diga agora a Xunta de Galicia, sexa o que sexa, é o que será porque non hai técnicos do Concello que estean contrastando o traballo feito pola nosa comisión municipal co que ten que facer a Xunta de Galicia e que ademais confunda o traballo desta comisión co que é unha investigación.

Coido que entón non entendimos nada e cando dende o noso papel de oposición tentamos chegar a un consenso para os axudar, a vostedes e a Vigo, para que isto fose adiante trabucámonos porque hoxe estamos a ser estafados na nosa boa intención. Coincido con algo que hoxe se dixo aquí: vostedes non queren resolver problemas, interésalles moito estar instalados no lamento e no victimismo e dicir que están axfisiados por esta oposición.

Por favor, Sr. Figueroa, é que vostede pasa dun extremo a outro cunha facilidade realmente sorprendente. Por qué? A súa expresión ó principio do Pleno non daba a entender iso en absoluto, van "sobrados" e se é así, por

qué non resolven? Por qué non negocian? Por qué non xestionan? E se non van por qué non aceptan un apoio? Por qué non cumpren os compromisos nos que se sustenta ese apoio?

Dende logo o noso grupo síntese estafado na posición que nos levou consensuar con vostedes a moción que da lugar a esta outra que temos hoxe enriba da mesa. Insisto en que a poñemos a votación nos seus estrictos termos.

SR. FIGUEROA VILA: Nós non somos quen presentamos a moción. A moción ten o obxectivo claro de debilitar e tentar trasladar á opinión pública que este Goberno non está a cumprir co mandato do Pleno o que é falso. Evidentemente nós non podemos tomar decisións se hai outra administración que é a interlocutora que non colabora. Cousa distinta é que evidentemente ante esta provocación non nos podemos calar.

Coido que lles preocupa moito que lles respotemos ó que nos propoñen. Isto é un debate político, a Corporación está para iso e cada quen ten as súas valoracións e opinións de partido ou persoais. Como vostedes comprenderán non nos imos calar porque consideramos que se hai un tema no que levamos traballando ben, con colaboración de todos os técnicos e de toda a Corporación é este.

Entendemos que esta moción é politicamente oportunista porque vostede sabe igual ca nós que sen a colaboración da Xunta de Galicia non podemos facer absolutamente nada.

Sr. Soto, non necesitamos interlocutores para acadar acordos. O que desexamos é que dende outras administracións se colabore, se teña un compromiso coa cidade, non con este Goberno; que o Sr. conselleiro de Medio Ambiente diga que está disposto a colaborar na EDAR do Lagares e xa verá como vai ter resposta inmediata deste Goberno e a colaboración total e absoluta. Se o Sr. conselleiro quere ter unha xuntanza mañá con todos os técnicos, eu acompañoo ós técnicos ata a Xunta para tratar este tema.

Hai que ter vontade política. Nós non presentamos esta moción, non falamos da situación da depuradora do Lagares nas últimas semanas ou meses, estamos tentando con absoluta discreción ter xuntanzas cos veciños para chegar a acordos, a alcaldese reuniuse co conselleiro de Medio Ambiente e remitíulle toda a documentación e o conselleiro dixo que a ía estudar e logo respotar. A resposta do conselleiro é a través dun colectivo veciñal dicindo que só ía aportar o 50% do investimento de Vigo e aí están os medios de comunicación que o poden ratificar.

En qué consiste ese 50%? Cáles son os investimentos que se teñen que realizar? Analizouse o estudo que lle remitimos dende aquí? Gastámonos uns cartos importantes contra remanentes deste Concello para levar a cabo unha asistencia técnica de toda a EDAR do Lagares.

Se nos están provocando non podemos calar. Ímoslles votar a moción a favor pero non sen facer debate político, este Goberno non pode calar, non lle pode dicir que ten toda a razón, que non estamos a facer absolutamente nada, que o Sr. Vázquez é un conselleiro magnífico que está comprometéndose coa cidade de Vigo. Non o podemos dicir e se lle parece mal sentímolo. Coido que o ton da intervención foi correcto, non se molestou absolutamente a ninguén pero temos que saír en defensa de temas que consideramos con obxectividade do que está a pasar na depuradora.

Que o analicen os cidadáns que para iso estamos. Estamos aquí para facer debates políticos e logo os cidadáns quitarán as súas conclusións. Nós dicímolles ós cidadán que se o Conselleiro de medio Ambiente mañá nos convoca a unha xuntanza iremos co todo o equipo de técnicos, asistencias técnicas e a alcaldesa ó fronte se fai falla, pero que nos convoque. Se non é así non podemos ter esa xuntanza. Pedímoslla por escrito, por teléfono, en entrevista ó Presidente da Xunta de Galicia. Qué queren que fagamos? Que nos poñamos de xeonllos? Aquí había un concelleiro que dicía que un vigués morto antes que de xeonllos. Temos que facer peregrinación a Santiago de xeonllos? É o único que nos falta.

Estamos a ofrecer toda a colaboración, teñen cartos, temos posibilidade de colaborar, qué máis queren?

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos visnteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola voceira do grupo municipal socialista, Sra. Porteiro García, sobre a depuración de augas residuais no termo municipal de Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

41.-(223).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE O FOMENTO DA CREACIÓN DAS ECOESCOLAS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, mediante escrito de data 20 de outubro de 2006, formula a seguinte moción:

"A educación ambiental é un reto nos nosos días para todas aquelas administracións que teñen entre os seus fins e obxectivos a mellora da calidade de vida da cidadanía.

A ecoescola é unha fórmula para a educación ambiental; concretamente, é un programa a nivel internacional para desenvolver a educación ambiental en centros infantís, de primaria e de secundaria. O seu enfoque é altamente participativo requirindo e implicando aos alumnos e alumnas, profesores, nais, pais, persoal directivo, administrativo e de servizos no desenvolvemento sostible do seu centro e indirectamente no seu municipio.

Unha ecoescola trata de crear unha cidadanía activa dentro do centro escolar, beneficiando ao propio centro e á comunidade local, por medio dun aumento da sensibilidade e concienciación ambiental que ao mesmo tempo que favorecer un entorno escolar mellor implica de forma importante á comunidade local.

Se ben a participación dos Centros Escolares no programa ecoescolas é totalmente voluntaria, as Comunidades Autónomas e os Concellos poden exercer unha labor informativa, orientativa e divulgativa para fomentar e estimular o desenvolvemento dos programas de ecoescolas nos centros educativos locais. Tamén son unha iniciativa a ter en conta cara as Axendas Locais 21.

É por isto que propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte acordo

Que as Concellerías de Medio Ambiente e Educación colaboren para fomentar e apoiar a creación e o desenvolvemento das Ecoescolas nos centros educativos da nosa cidade."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: A moción ten que ver coa educación ambiental e coa implicación das administracións, neste caso da administración municipal nela. O título quere dicir fomento da creación das ecoescolas.

Unha ecoescola é unha fórmula para a educación ambiental que se fai nos centros infantís de primaria e de secundaria para que os nenos e nenas aprendan educación ambiental. O seu enfoque é moi participativo para que forme parte do proxecto educativo. Nas ecoescolas participan os alumnos e alumnas, profesores, nais, pais, persoal directivo, administrativo e de

servizos. Tamén pode participar algunha parte da administración local, como pode ser un técnico ou técnica de Medio Ambiente ou un responsable político, segundo o caso.

O que fan todos eles é un proxecto ambiental no seu centro, coa creación dun comité ambiental no que están representados todos; un decálogo de conducta e traballan ó longo do ano en temas medioambientas como a recollida do lixo ou outros temas como a educación na escola, ruidos, etc. Tamén fan unha auditoría ambiental no centro e colaboran ó desenvolvemento sostible do noso municipio indirectamente.

A ecoescola trata de crear unha cidadanía activa e favorecer a educación para a calidade de vida de todos, máis que nada pensando no futuro. Tamén mellora o entorno escolar.

Se ben a participación de centros escolares nun proxecto internacional de ecoescolas, xa que hai ecoescolas en colexios de toda Europa, é totalmente voluntaria; as Comunidades Autónomas e os Concellos poden fomentar que se cren nos centros escolares do seu contorno cunha labor informativa fomentando que se desenvolvan estes programas nos centros.

A proposta de acordo é que tanto a concellería de Medio Ambiente como a de Educación colaboren conxuntamente para fomentar a creación e o desenvolvemento das Ecoescolas nos centros educativos da nosa cidade. Isto pódese facer por exemplo, cunha guía informativa que recolla os pasos que ten que dar un centro escolar para crear unha ecoescola e poñerse en contacto coa axencia española que o leva.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Sío Lourido, sobre o fomento e creación de ecoescolas, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

42.-(224).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN MUNICIPAL DE NOVAS TECNOLOXÍAS E SOCIEDADE DO COÑECEMENTO PARA VIGO.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, con data 20 de outubro de 2006, formula ó Pleno a seguinte moción:

"A aposta polo emprego das novas tecnoloxías da información e a relevancia da xestión do coñecemento constitúen claves vitais para o desenvolvemento de todo escenario urbano na actual sociedade do coñecemento. Estas cuestións, que teñen un claro compoñente técnico, xogan un papel moi relevante no eido económico, pero afectan tamén á realidade social e cultural dunha cidade. De feito, a sociedade do coñecemento implicou unha nova forma de vivir, aprender e traballar, que conlevou a aparición de novos dereitos para as cidadás e os cidadáns na sociedade da información. Entre outras cousas, importa que haxa unha extensión ampla das redes e tecnoloxía, que os custos non limiten en demasía os dereitos de acceso e que a poboación coñeza e saiba usar eses instrumentos tecnolóxicos. Ademais, xerouse un cambio na xestión e na administración pública.

A evolución das cidades europeas nos tempos vindeiros vai estar determinada polo seu acerto e implicación na sociedade do coñecemento e de feito son relevantes os casos de cidades que teñen convertido ás novas tecnoloxías no eixo da súa estratexia de futuro. Neste senso, importa a capacidade de priorizar, planificar e coordinar esforzos e resulta conveniente que Vigo impulse a súa faceta de "cidade do coñecemento" e se dote dun plan de actuación (integrado e actualizado) para o avance cara a sociedade do coñecemento, establecendo planificación, estratexias, programas e obxectivos sobre novas tecnoloxías na sociedade viguesa. Neste senso, un Plan Municipal constitúe un exercizo de pulo e planificación da sociedade do coñecemento e debe incorporar moitas liñas de traballo que xa se teñen aplicado ou se aplican actualmente, xunto a outras que teñen interese de cara o futuro. Así mesmo, o plan debe favorecer a participación de entidades, colectivos e axentes relacionados ou interesados na materia e debe coordinalos aproveitando as sinerxias posibles.

Moitas son as liñas de traballo incorporadas á sociedade do coñecemento e dende todas as administracións (europea, estatal, galega, local) téñense tomado medidas nesas distintas liñas. A sociedade viguesa é consciente de que, a pesar dos esforzos feitos, existe todavía un déficit con respecto ás sociedades do coñecemento máis avanzadas. É por isto que se fai conveniente un novo pulo a partir da diagnose da situación actual real, da planificación e da coordinación, integración e definición de esforzos continuos e acertados desde o ámbito público e dende o máis propio da actividade privada/civil. Isto resulta vital para a posición estratéxica da cidade, para o capital humano da cidadanía viguesa e para a dinámica económica, social e cultural de Vigo.

Resolución:

Que o goberno municipal impulse a acción pública local en materia de sociedade do coñecemento na cidade a través da elaboración participativa, divulgación e desenvolvemento dun Plan Municipal de Novas Tecnoloxías e Sociedade do Coñecemento actualizado e integrado, no que se diagnostique a situación actual, exploren distintas posibilidades e se establezan planificación e obxectivos nas distintas facetas técnicas, formativas e sociais desta materia, tanto nas cuestións administrativas e públicas que son directamente competencia do Concello, como naquelas cuestións da

sociedade civil sobre as que a acción pública poida influir positivamente a través de incentivos e planificación coordinada.”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2006, quedou enterada do contido da moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: O Grupo municipal Socialista presenta unha moción para o desenvolvemento dun plan municipal de novas tecnoloxías e sociedade do coñecemento en Vigo, como xa anunciou o Sr. Figueroa ó principio do Pleno facendo un bo limiar para que agora a xente estea aínda máis atenta para unha cuestión que pode parecer coxunturalmente pouco relevante pero que ten toda a importancia á hora de planificar o futuro e o desenvolvemento económico, social e cultura de calquera cidade nos tempos en que estamos a vivir.

Sen dúbida esta non é unha cuestión nova, os precedentes e a realidade da acción pública dende as distintas administracións é unha constante, dende a administración máis local, á autonómica, á central e á propia lexislación europea sobre a necesidade de dinamizar ás nosas sociedades nun novo contexto nun novo momento internacional que esixe de toda a atención, tamén dende as administracións locais.

Un comité internacional de expertos que ten estudado para unha rede europea de cidades a cuestión sobre a sociedade do coñecemento e a acción pública local, formula con bastante claridade unha cuestión relevante: qué pode facer o goberno local para impulsar á economía e á sociedade civil local cara unha maior intensidade de coñecemento, polo tanto cánta intensidade de coñecemento ten unha economía local e cómo se pode a partir daí establecer unha estratexia da sociedade do coñecemento que permita formar cidades do coñecemento que resistan ás novas tendencias e ós novos tempos.

Sen dúbida esta é unha liña de acción pública que tamén se ten desenvolto, con procedentes do Goberno actual e tamén de anteriores na administración pública local. Podemos referirmonos por exemplo ó plan estratéxico da cidade que fai referencia a cuestións das novas tecnoloxías e sociedade do coñecemento en aspectos como a cultura do desenvolvemento sostible, sistema productivo e necesidades de innovacións insatisfeitas, desafíos da integración económica ou cando fala de políticas de fomento das innovacións.

A acción pública ven dada tamén por unha formación de aulas multimedias, telecentros, centros de formación na nova tecnoloxía, pola participación de Vigo no proxecto de cidades dixitais, tamén a posta en marcha do proxecto Vigo dixital que tenta facer unha aposta por certas actividades tecnolóxicas nas escolas, nos hospitais e nos fogares, tamén pola instalacións electrónica; por convenios con entidades financeiras como a Xunta de Goberno Local ten aprobado recentemente.

Sen dúbida isto tamén hai que o enmarcar nunha comisión mixta que hai de acción entre distintas administracións que desenvolve a acción pública, por exemplo, na Xunta de Galicia a través da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento ou coa acción da Consellería de Innovación e Industria e dende aí a dirección xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

Nestas distintas iniciativas, como a iniciativa galega polo software libre, o proxecto en mancomún que tenta xustamente desenvolver este tipo de actividades tecnolóxicas. Todo isto é enmarcable dentro da estratexia de Lisboa, no marco da converxencia do fondo tecnolóxico do VII Programa marco I+D da Unión Europea en sen dúbida tamén co pulo dende o Ministerio de Industria que recentemente ven de sacar un informe sobre cal ten sido o efecto do programa Avanza cara á implantación das distintas cidades do Estado sobre a utilización das novas tecnoloxías.

Por iso estou expoñendo que isto ten unha actividade previa que todos coñecemos e ninguén descobre nada novo. O que si trae este Grupo municipal á mesa deste Pleno para o seu debate, é xustamente a necesidade de intensificar unha actividade de planificación e de estratexia dado que pode parecer lonxano e ás veces pouco relevante pero que acaba determinando boa parte da vida cotián de moitos cidadáns e da actividade económica en si mesma.

A cuestión non se aplica soamente a aqueles elementos que están na acción pública municipal por competencias propias, senón de forma especialmente relevante pola capacidade que ten a administración e os gobernos locais de impulsar mecanismos de cooperación coas entidades e sociedade civil para impulsar todo ese tipo de actividades en relación ás novas tecnoloxías que poidan permitir cubrir os déficits que en xeral toda a sociedade española ten e dende logo Galicia en particular.

Esa colaboración entre Universidade, empresa e administración dende o Grupo Municipal Socialista pensamos que debe ter un pulo relevante dende aquela

administración que representa á cidadanía e que é depositaria da vontade popular.

Sen tentar en ningún momento axfisiar ningún tipo de iniciativa dende a sociedade civil senón xustamente tentar pegar un pulo nela, dinamizar esa liña de actuación, permitir que o Concello estea ó fronte impulsando esta liña, pensamos que é posible facer un esforzo que nas súas distintas facetas económica, social e cultural permita fortalecer a situación dese capital intelectual, tecnolóxico e empresarial da cidade de Vigo, que nos próximos anos ten que ser unha cidade cada vez máis do coñecemento, que pode recibir distintos pulos dende distintos lugares e que dende este Concello pode tentar impulsarse.

Polo tanto ese plan de actuación que é unha concreción dos obxectivos do plan estratéxico da cidade, que sen dúbida recolle outra liña de acción, por exemplo de implementación dos aspectos tecnolóxicos, da capacidade de acceso ás distintas redes e implica tamén outras tarefas como a posibilidade de formación ou de acceder ós prezos máis reducidos, no que a administración local e penso que a Concellería de Participación Cidadá desenvolven distintos programas nesa liña de acción, poidan dar un pulo nesa liña.

Xunto a isto está a cuestión da administración electrónica na que Vigo está avanzando dun xeito forte e a partir daí queda posiblemente a máis complexa pero tamén a máis relevante que é a capacidade que dende as autoridades locais e dende o Concello sexan quen de impulsar, coordinar, facer unha diagnose, unha planificación e unha estratexia que impulsando os esforzos da sociedade civil e dos axentes económicos relevantes, dos investigadores que en Vigo desenvolven este tipo de cuestións, e hai unha facultade xustamente de Telecomunicacións, dende o aporte das outras administracións, algunhas entidades locais ben coñecidas na súa función nisto e tamén outras de carácter autonómico nacional, poida facerse este impulso que en definitiva esixe dun plan de acción con diagnóstico, estratexia e obxectivos.

A seguir o Sr. Caballero Míguez procede a ler o texto da parte resolutiva da súa moción.

En definitiva unha moción para tentar impulsar, dinamizar, apoiar e coordinar todas as acción referentes ás novas tecnoloxías e en concreto á

súa vinculación co capital humano e coa formación de novas xeracións de vigueses.

SRA. IGLESIAS BUENO: Agradezo a súa moción e anuncio que o noso grupo vai votar a favor porque é esta a liña na que estamos a traballar e xa temos un borrador dese plan estratéxico. Ademais hai un convenio asinado coas Consellerías de Innovación e de Presidencia a través da Fundación ProVigo para o desenvolvemento deste plan de Novas Tecnoloxías e Sociedade da Información.

Tamén estamos traballando coa Xunta de Galicia e hai dúas semanas que estiveron comigo e cun técnico de Participación Cidadá precisamente para lles axudar e colaborar no desenvolvemento dese plan estratéxico da Xunta de Galicia.

Estamos a traballar en tres piares básicos. Uno dos nosos obxectivos é a administración e puxemos en marcha a carpeta cidadá, da que xa o meu compañeiro deu bastantes datos, e estamos a ofrecer trámites e servizos que ata o de agora non se permitían facer dende a casa. Estamos a mellorar a nosa páxina web que en dous anos consecutivos foi, xunto con Barcelona, a mellor páxina de administración de España.

En canto á sinatura dixital, do que tamén se falou neste Pleno, quero facer un clarexamento: a alcaldesa xa pode asinar dixitalmente dende hai tempo. O que vai tardar dúas semanas e que estamos facendo é o axuste da xestión de expedientes deste Concello coa sinatura dixital, pero todos os concelleiros que teñan sinatura dixital neste intre poden xa utilizala.

Outra das xestións que estamos a facer é a migración do software utilizado normalmente de casas comerciais ó software libre e isto non é ningunha parvada porque ó mellor unha licenza de software cústanos o mesmo cun ordenador, o que nos vai permitir aforrar bastante.

A outra liña de traballo foi a posta en marcha de novas infraestruturas que estamos centrando naquelas zonas onde é máis difícil ter acceso a internet. Cando chegamos unicamente había tres telecentros nas parroquias e agora mesmo, en dous anos e medio temos once e esperamos chegar ós quince no ano 2007.

Todo isto é importante se queremos rematar coa brecha dixital entre cidadáns que teñen un fácil acceso a internet e ás novas tecnoloxías e outros que non.

Outro dos proxectos que tamen van neste sentido é o Biodixital de cidades dixitais, como ben dixo o Sr. Caballero, que está localizado na planta once

e que en breve inauguraremos; está dotado dunha sala de video-conferencia e dunha aula de novas tecnoloxías.

Outro dos nosos piares é a información, porque de nada vale que poñamos infraestructuras se logo as persoas non saben utilizalas. Estamos facendo un grande esforzo en formación, tanto dende a área de participación cidadá como de servizos sociais e xa pasaron polos nosos cursos de formación máis de tres mil persoas que tomaron contacto coas novas tecnoloxías.

Reitérolle o meu agradecemento pola presentación desta moción que nos anima a continuar nesta liña.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: En primeiro lugar para manifestar o noso apoio e en segundo lugar para non crerme o país das maravillas de Vigo que acaban de anunciar. A páxina web de Vigo leva anos sendo das máis visitadas, non é que sexa un descubrimento deste Goberno, e pódolle afirmar que cando houbo que tomar decisións políticas difíciles para dotar a esta cidade das infraestructuras que titula a moción, porque a moción ten dúas parte moi claras, unha é novas tecnoloxías e outra sociedade da información, pois entón eran paus seguidos dende esas bancadas.

Lembreilles que no ano 2004 había uns convenios, hai pouco fixen unhas preguntas á señora presidenta sobre "R" e pódolles manifestar porque o padezo e coma min moitos veciños desta cidade, é que toda esa parte tecnolóxica importantísima non se queda dentro desta casa, quédase como vostede dixo nas parroquias e nas parroquias o ADSL non o conecta telefónica, están esperando ó ano 2010. É dicir, son catro anos perdidos os que esta cidade ten neste momento por moitos cursiños que se lle dean á xente.

O problema é que non se seguiu o ritmo por iso ese recordatorio de 2004-2006 deste concelleiro que lles fala porque abraiaba ver como outras cidade que empezaron logo van ó ritmo. Efectivamente hai algunhas cousas que se poden facer telematicamente, pero diso á que a cidade de Vigo sexa punteira estamos moi lonxe e Vigo ten a obriga de ser a primeira en todo e algúns cremos niso.

Por iso cando nos correspondeu tomar decisións tomámolas, con as críticas de seu: tiñamos a cidade levantada, etc. pero era necesario. Por se non o lembran "R", que alomenos a Sra. Alcaldesa me dixo que coñecía aquel convenio, no último apartado dicía "...instalación de rede corporativa gratuita, conexión con redes telemáticas de todos os centros do Concello", Concello, IMD, Zoo, Escola de Artes e Oficios, Parque Central, Xardíns,

Bibliotecas, piscinas e ximnasios, Coto Grande, Casa da Xuventude, asociacións de veciños que algunhas teñen aínda que non todas. Existen seis demarcacións para ese apartado.

Logo di "...Acceso grauito a internet para todos os colexios", primaria, ESO, bacherelato, cando menos na rede pública, doce demarcacións. Cesiões de canles de televisión, lembraránse cando falamos que "R" ten a obriga de nos dar un canle de fibra óptica máis avanzado, o máis avanzado que hai tecnolóxicamente, para o Concello de carácter educativo e de interese público. Dezaioito demarcacións. Posible convenio coa Universidade de Vigo que andamos niso. Posible convenio coas Pimes, tamen seguimos niso pero xa son catro anos.

Alégreme moitísimo que no último apartado do seu mandato vaian facer todo iso pero rápido porque senón seguro que para o próximo goberno seguro que temos que voltar falar do mesmo.

Por certo, a nosa felicitación porque sega a haber xente que pensa, que ten iniciativas da sociedade do coñecemento.

(No momento da votación estaban ausentes os señores Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Caballero Míguez, para o desenvolvemento dun plan municipal de novas tecnoloxías e sociedade do coñecemento para Vigo, co texto que figura nos antecedentes deste acordo.

43.--(225).-- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A VIOLENZA DE XÉNERO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de outubro, a voceira do Grupo municipal Socialista, Sra. Porteiro García, formula a seguinte moción:

"Logo da insuficiente xustificación presentada polo Goberno Municipal sobre o cumprimento do acordo tomado por este Pleno en outubro de 2004,

propoñemos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que dende o Consello Municipal da Muller e para o seu cumprimento polas Concellerías correspondentes:

1.- Se cre un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei Integral contra a Violencia de Xénero e se faga unha campaña de difusión para dalos a coñecer exahustivamente a todos os colectivos afectados, en primeiro termo, ás súas destinatarias finais, deseguido, e a toda a poboación finalmente.

2.- Que o mesmo grupo ou outro que tamén se cre dentro do Consello Municipal da Muller, estude, co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da lei terá para o Concello de Vigo e que o incorpore ao Plano Municipal contra a Violencia de Xénero, que será presentado antes de fin de ano para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

3.- Que o propio Consello Municipal da Muller asuma entre as súas funcións o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asuma o devandito Plano, do que fará un informe anual así mesmo perante o Pleno da Corporación.

4.- Que se traballe rápida e seriamente nunha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero e que non se disperse ou confunda por outras actividades da propia Concellería da Muller como o chamado "MES DA IGUALDADE" anunciado para novembro, mes internacional contra a violencia de xénero."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de outubro, quedou enterada do contido da anterior moción:

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Brevemente porque o debate xa o fixemos no Pleno da semana pasada e como parecía que había unha discrepancia no sentido da moción que se aprobou en outubro de 2004, ou alomenos falla de coñecemento por parte da concelleira responsable dado que aludía a ela en termos que non se recollían na moción, traemos o acordo de que se cre un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos na Lei integral contra a violencia de xénero, que se faga unha campaña de difusión para os dar coñecer exhaustivamente a todos os colectivos afectados en primeiro termo, ás súas destinatarias finais de seguido e a toda a poboación finalmente.

Que o mesmo grupo de traballo ou outro que tamén se poida crear dentro do Consello Municipal da Muller estude co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da lei terá para o Concello de Vigo e que o incorpore ó Plan Municipal contra violencia

de xénero que será presentado antes de fin de ano para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

Que o propio Consello Municipal da Muller asuma entre as súas funcións o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asuma o devandito Plano do que así mesmo fará un informe anual ante o Pleno da Corporación.

Hai un cambio no cuarto punto: que se traballe rápida e seriamente nunha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero e que non se disperse ou confunda por outras actividades da propia Concellería da Muller como o chamado "Mes da Igualdade" anunciado para novembro, mes internacional contra a violencia de xénero. Moitas gracias.

SRA. MOLARES PÉREZ: Teño que intervir de novo aínda que o debate xa se xerou no Pleno do pasado luns e todo o mundo chamoume pesada pola miña intervención, tentarei ser breve pero sigo pensando que os termos nos que se presenta esta moción como ben dicía a Sra. Porteiro é exactamente o mesmo que se formulou por don Ventura Pérez Mariño o 13 de outubro e presentado e debatido no Pleno de 25 de outubro de 2004.

Naquel momento se acababa de aprobar no Parlamento a Lei integral, iniciativa do Partido Socialista, e polo tanto o obxectivo claro desa moción nese momento concreto era poñer en coñecemento de toda a cidadanía por parte do Partido Socialista a aprobación desa Lei no Parlamento o día 7 de outubro.

Propoñían efectivamente unha serie de grupos de traballo pero precisamente neses intres levabamos meses traballando no novo Plan de violencia aprobado precisamente en novembro de 2004. Polo tanto, como levabamos meses traballando nese Plan de violencia 2004-2007, no que por suposto, para abordar calquera plan aínda que sexa de ámbito municipal, por parte deste grupo municipal e de todos os que participaron na elaboración dese plan se tiveron en conta todos os cambios normativos e por suposto os que estaban nese momento no Parlamento como era a Lei integral.

Polo tanto o traballo que era paralelo á elaboración do Plan de violencia 2004-2007 contemplaba os cambios da Lei integral, no que participaron todas as asociacións, xuristas e por suposto tamén os grupos políticos que quixeron participar nese acto. De feito, a raíz desa moción do 25 de outubro, o que se tentou foi precisamente organizar unha xornada, o 18 de novembro, na que participaron todos os grupos e practicamente se dedicou a mañá a analizar a Lei integral de violencia.

Houbo grupos, como o Bloque Nacionalista Galego que participou nesas xornadas con Carme Adán, hoxe Secretaria de Igualdade, quen participou por suposto na elaboración do Plan.

O Partido Socialista daquela non participou nesa xornada logo de solicitar ese grupo de traballo e tampouco a concelleira, Sra. Porteiro, que sei que está desbordada polo seu traballo ou así o din os medios de comunicación esta semana e sobre todo dende que se integrou como membro do Consello de Europa nas distintas comisións. Antes tamén debía estar desbordada porque nun tema tan importante como a violencia, non participar nas xornadas nin trasladar esa convocatoria a calquera outro membro do seu grupo.

Tamén nesas xornadas houbo a oportunidade de que dende os distintos grupos políticos, das distintas asociacións se enviara con tempo ese plan que nese intre de outubro a novembro, o tres de novembro se lles enviou a todos os grupos políticos, a todas as asociacións o borrador do plan que coidamos que incorporaba todas as medidas que a nova Lei integral puña de manifesto e que un par de meses máis tarde se publicou no BOE, pero houbo un tempo, do 3 ó 18 de novembro para que todos os grupos, aínda que non estiveran na última reunión, enviaran as súas matizacións.

De todos os xeitos eu, como coido que nun tema de violencia todos temos que poñer da nosa parte e ademais no seu día, no debate que houbo por parte do Sr. Pérez Mariño, tanto as aportacións que fixemos eu, como concelleira daquela, como tamén as que fixo dona Olaia Fernández que nestes momentos está no Parlamento, o Sr. Pérez Mariño non tivo inconveniente en introducir esas modificacións para que se aprobara un tema tan importante e que houbera un consenso nun ámbito tan importante como é o da violencia.

Polo tanto o Grupo Popular vai aprobar esta moción se se mantén nestes termos aínda que reitero que está cumprida porque se non o estivera á hora de facer ese grupo de traballo, á hora de abordar un novo plan, que non incorporáramos as medidas normativas de ámbito estatal sería totalmente ridículo e a día de hoxe, cun estudo realizado dos puntos que toca a Lei integral incorporados ó plan, pódese ver en cada unha das áreas, de sensibilización, de integración, etc., en cada un dos apartados en qué ámbitos concretos está incorporado o noso plan de violencia.

Imos votar a favor pero si me gustaría pedirlle á Sra. Porteiro que para que realmente esta moción sirva de algo, porque se logo de dous anos de vixencia da Lei integral e aprobado con posterioridade o noso propio plan de violencia, se non tiveramos incorporado isto nos terían que dar un

suspenso non só ó goberno, senón a toda a Corporación posto que todos tivemos a oportunidade de introducir nese Plan os aspectos da Lei.

Neste momento coido que non entrou no Parlamento Galego pero si que está en borrador e estamos colaborando tamén coa Vicepresidencia, estase elaborando un anteproxecto da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero do que eu dispoño, e maxino que todos vostedes, dun borrador do mes de xuño que aínda está na fase de entrar no Parlamento galego. Eu si que lle pediría, para que sirva de algo realmente esta moción, se a todos nos preocupa o tema da violencia, que se incorpore, que se deixe o tema tal e como está nos puntos 1 e 2 a Lei integral, pero que se adecue o noso Plan de violencia á nova Lei de integración que se está facendo no ámbito autonómico para que poidamos incorporar algunha medida, O borrador coido que vai na liña de traballo que temos presentada no propio plan de violencia municipal pero que algunha novidade que se introduza no debate do Parlamento, se incorpore a este Plan de violencia e o asumamos na Corporación. Realmente iso si podería servir para algo, xa o poderíamos facer porque o propio plan de violencia contempla que sexa un documento vivo, que se integren aquelas propostas que ó longo da súa vixencia teñan unha finalidade positiva de cara a acadar ese resultado final que é mellorar a situación das mulleres que sofren violencia e tratar de erradicala e que non se produza.

Pero aprobar a moción tal e como está, xa fixen a análise de qué actuacións son do Plan de violencia e coido que se incorporaron todas pero todos os grupos, todas as asociacións tiveron a oportunidade de introduci-lo neste propio Plan. Se se introduce a nova Lei galega si que hai unha oportunidade de que aportemos algo novo a ese Plan pero con esta coido que non.

Vostede presenta a moción, vostede ten a capacidade para dicir se incorpora esas dúas matizacións nos puntos 1 e 2. Se o mantén como está tamén o imos votar e non temos inconveniente en facer outro grupo de traballo para ver se nos quedou algo atrás pero ten que haber unha coherencia das actuacións porque non se pode aprobar un Plan de violencia sen ter en conta a Lei integral e nese sentido non se constituíu un grupo de traballo con nomes e apelidos pero estabamos todos os membros do Consello Municipal da Muller nesa tarefa concreta.

Polo tanto moitas gracias e espero que si acepte esa incorporación da Lei galega.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Claro, Sra. Molares, cómo non lle imos aceptar a súa emenda que efectivamente nos parece oportuna porque diante da tramitación no Parlamento Galego dunha lei galega contra a violencia de xénero interesa moitísimo que dende o Concello de Vigo se faga un seguimento exhaustivo e se aporte todo o que se poida aportar.

Pero vostede acaba de confirmar que xamais se creou un grupo de estudo como tal, me acaba de dicir que en 15 días se improvisaron unhas xornadas para facer o traballo que se pide nesta moción e eu téñoa que crer porque non a teño a vostede por unha persoa que falle á verdade, pero me recoñecerá que resulta cando menos estraño. En todo caso, se vostede tiña pensado facer iso, por qué aprobou esta moción e non a emendou? Por qué non puxo de verdade o que vostede era quen de facer e quería facer? Vostede aceptou o 25 de outubro a moción nos termos en que está cando sabe que sobre estas cuestións sempre se aceptan as emendas, non hai problema.

Logo eu entendo que vostede se xustifique, non quero abrir debate, non a quero molestar en absoluto, dígollo de verdade. Entendo que está facendo un traballo e que está chegando onde pode chegar e paréceme moi ben que vostede agora nos propoña mesmo traballar máis para incorporar a cuestión da lei galega que por suposto si incorporaremos, pero non me negará que xamais se fixo o informe anual ante a Corporación que a moción prevé e non me negará que o Consello Municipal da Muller non foi modificado no sentido en que esta moción pretendía.

En canto ó cuarto punto, non sei cal é a súa opinión porque realmente si varía respecto da moción presentada hai dous anos.

Polo tanto saiba que como sempre apoiaremos as iniciativas da Concellería que veñan ó Pleno e sobre as que poidamos falar que melloren o traballo da mesma e que non se sinta vostede perseguida no plano individual, isto é unha cuestión de crítica política e seguramente tanto o Consello municipal da muller, como calquera dos que estamos aquí podemos cometer erros ou acertos, pero vostede está no goberno e ten que dar conta dunha xestión.

Saiba que esa é a intención desta moción, a intención do Pleno que lle solicitamos a semana pasada porque finalmente non se dera nunca conta ante o Pleno da Corporación do informe anual que nós pediamos nesta moción e que se se cumprira non teríamos presentado de novo os acordos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Reiterar que eu naquel momento xa fixera unha intervención na mesma liña de hoxe dicindo que se estaba a traballar nun plan de igualdade, que non improvisamos ese grupo de traballo; improvisamos

a xornada antes da aprobación para que precisamente tiveramos un foro máis amplo onde falar da Lei integral, pero por suposto que non improvisamos o traballo para elaborar un plan de violencia municipal porque traballamos durante moitos meses atrás, alomenos seis meses estivemos traballando para abordar ese plan de violencia na idea de tratar de que todos os grupos, todas as asociacións aportaran algo. Primeiro fíxose unha avaliación da normativa do plan anterior para despois ampliar todos os coñecementos para ter un bo plan.

Nesa liña que eu entendo que si estaba cumprido e non foi unha improvisación, creo que agora si hai un texto normativo novo no que se está traballando e que todos os grupos políticos maxino que van debater pronto no Parlamento. Mesmo a Concellería da Muller tamén tivo a posibilidade de aportar ideas a ese borrador e por tanto, se se incorporan eses dous aspectos nos puntos 1 e 2, o 4 fala dunha campaña que xa está neste momento no departamento de Patrimonio e Contratación para a súa contratación, por tanto coido que a podemos aprobar e que sexa máis ca un punto de enfrontamento entre os grupos, un punto positivo para seguir traballando polos dereitos da muller.

Non o tomo como unha crítica persoal pero si que cando se traballou un tema e realmente se sabe que se tentou dar cumprimento a unha moción, alomenos hai que clarificar neste Pleno que si se consideraba que se lle dera cumprimento a esa moción do mes de outubro encaixándoa dentro do que era a liña de traballo para non demorar a aprobación do Plan de violencia 2004-2007.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non me lembrei do dicir antes, a Lei contra a violencia de xénero non se aprobou en outubro do ano 2004, cando nós trouxemos esta moción aquí non estaba aprobada a Lei, pasara a trámite polo Senado e aprobouse en decembro de 2004. Dígoo porque vostede facía unha alusión evidentemente descalificativa nese sentido e quero aclarar que o que nós estabamos intentando era que houbo un tempo suficiente para poder estudar un texto que se estaba tramitando.

SRA. MOLARES PÉREZ: Só aclarar que pola miña parte non houbo intención descalificatoria. Quizais me expresei mal ó falaren da aprobación no Congreso e non no Senado. A publicación do texto normativo foi o 29 de decembro. Si que tivemos en conta ese texto lexislativo porque xa estaba aprobado polo Congreso.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Molares Pérez, durante o curso do debate:

Que no acordo se teña en conta a Lei autonómica contra a Violencia de Xénero actualmente en tramitación.

Vótase a moción da concelleira Sra. Porteiro García xuntamente coa emenda formulada pola Sra. Molares Pérez.

(Están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Soto Ferreiro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Se cre un grupo de traballo para o estudo polo miúdo dos aspectos recollidos nas Leis estatal e autonómica contra a Violencia de Xénero e se faga unha campaña de difusión para dalos a coñecer exaustivamente a todos os colectivos afectados, en primeiro termo, ás súas destinatarias finais, deseguido, e a toda a poboación finalmente.

Segundo.- Que o mesmo grupo ou outro que tamén se cre dentro do Consello Municipal da Muller, estude, co asesoramento dos equipos técnicos municipais que sexan precisos, as implicacións que a aplicación da lei estatal ten para o Concello de Vigo e que tamen se incorporen ao Plano Municipal contra a Violencia de Xénero as previsións da Lei Galega para a prevención e tratamento integral da Violencia de Xénero que neste intre atópase en trámite parlamentario.

Terceiro.- Que o propio Consello Municipal da Muller asuma entre as súas funcións o papel de vixía e garante do cumprimento dos compromisos que asuma o devandito Plano, do que fará un informe anual así mesmo perante o Pleno da Corporación.

Cuarto.- Que se traballe rápida e seriamente nunha campaña de sensibilización contra a violencia de xénero e que non se disperse ou confunda por outras actividades da propia Concellería da Muller como o chamado "MES DA IGUALDADE" anunciado para novembro, mes internacional contra a violencia de xénero.

URXENTES:

A.- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DE RENUNCIA Ó CARGO DE CONCELLEIRA DE D^a MARÍA XOSEFA PORTEIRO GARCÍA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

ANTECEDENTES.- Examinado o escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de outubro de 2006, polo que a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona M^a Xosefa Porteiro García renuncia ó seu cargo de concelleira dende esa mesma data, ó abeiro do sinalado nos arts. 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 7.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrucción do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución da Sra. Concelleira citada conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida é D. Abel Fermín Losada Álvarez, candidato número 11 da lista electoral presentada polo Partido Socialista Obrero Español ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

A PRESIDENCIA: Dase conta do escrito de renuncia ó cargo da concelleira D^a María Xosé Porteiro, presentado hoxe mesmo no Rexistro, manifestando o agradecemento pola dedicación a esta cidade.

(Están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase

S.Ordinaria 30.10.06

a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

44.-(226).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO SR. SOTO FERREIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO GALEGUISTA, RELATIVO ÓS GASTOS DE PROPAGANDA DA AUTORIDADE PORTUARIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de dta 30 de outubro, o Sr. Soto Ferreiro formula a seguinte moción:

"A Autoridade Portuaria, dende que chegou á súa presidencia D. Abel Caballero, ven gastando inxentes cantidades de diñeiros en propaganda. Diñeiros que saen dos impostos que pagamos todos e que, na nosa opinión, non serven para axudar nin ó Porto nin a Vigo en ningún sentido.

A Sra. Alcaldesa representa ó noso Concello no órgano máximo de dirección da Autoridade Portuaria e ven gardando sepulcral silencio sobre este asunto, polo que lle fago a pregunta seguinte:

¿Canto ten gasto en propaganda a Autoridade Portuaria dende que chegou a presidir a mesa o Sr. Caballero?

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VAZQUEZ: Antes de nada manifestar o meu agradecemento á Sra. Porteiro por estes corenta e un meses que compartimos aquí, desexólle o mellor na súa nova andadura e foi un pracer tela entre nos.

Logo disto quería facer unha pregunta en ausencia do voceiro, Sr. Soto quen se tivo que ausentar.

O Sr. Alonso Vázquez procede a ler o texto da pregunta que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Será respostada unha vez que eu lle faga a pregunta.

* PREGUNTA DO SR. COTOBADA TOMBO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, REFERIDA Ó ESTADO DE CONSERVACIÓN DO PAVILLÓN DO BERBÉS.

INTERVENCIÓN DO SR. COTOBADA TOMBO: Durante o verán estiveronse facendo obras de remodelación e mellora da praza que está enriba do Pavillón do Berbés. Como consecuencia das chuvias que se produciron alá polo día 15 de agosto, aproximadamente, déronse unha serie de inundacións nas instalacións deportivas deste pavillón que afectaron ademais a parte do mobiliario da conserxería no andar de enriba, ós ordenadores, ós cadros eléctricos, a pistas de squasch, á sala de pesas no ximnasio e á pista polideportiva que está sendo remendada e parcheada constantemente debido ás goteiras que aínda se siguen a producir.

Por todo isto fago as seguintes preguntas:

- Cal é a avaliación das deficiencias e dos danos ocasionados?
- Quen se fará cargo destes gastos?
- Cando teñen pensado rematar as obras que estaban previstas para finais de verán.
- Cando se poden iniciar as competicións deportivas e os adestramentos nestas pistas

* PREGUNTA DO CONCELEIRO SR. COTOBADA TOMBO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A UN CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA CURSO DE AXUDANTES DE COCIÑA DENTRO DO PROXECTO ACTÍVATE.

SR. COTOBADA TOMBO: Esta pregunta ten que ver cun contrato de asistencia técnica para a realización dun curso de axudantes de cociña dentro do proxecto ACTÍVATE. Este contrato acordouse mediante resolución do 15 de xuño deste mesmo ano pola concelleira-delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

Este contrato de asistencia técnica faise cun centro privado de hostalería habendo coma hai un centro público. Seica no expediente figura que se tiveron unha serie de charlas co equipo directivo do Instituto Manuel Antonio que é o que ten os ciclos formativos de hostalería pero que non se chegou a ningún acordo.

As miñas preguntas son as seguintes:

- Fíxose algunha xestión coa Consellería e Delegación de Educación para que isto fora posible nun centro público?

- A duración temporal que se marca neste expediente é de 160 horas, máis 80 horas optativas que significan o 50% do total, qué significa "optativas"?
- Solicito ademais a relación nominal e os criterios de selección dos 15 alumnos ou alumnas que van desfrutar deste curso e o mesmo sobre o profesorado que o vai impartir: nomes, apelidos e titulación.
- Finalmente, qué tipo de titulación van obter os alumnos e alumnas que fagan este curso de 160 horas que lles permita a súa incorporación en boas circunstancias ó mundo laboral?

A PRESIDENCIA: Moitas gracias. Respostaráselle por escrito.

- * PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA, SRA. MARTÍNS VILANOVA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Ó CENSO DE MICROTAPONIMIA.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: O noso grupo tamén se quere sumar ós desexos de sorte para a Sra. Porteiro na súa nova andaina.

Teño unha pregunta, xa non digo nada sobre a exposición de motivos porque é sobre unha moción que se aprobou no seu momento na que se dicía que se realizaran as xestións necesarias para que se rematara no prazo máis breve posible o censo de microtoponimia.

Solicito que se me conteste cómo está isto, qué xestións se realizaron, se está rematado ou non.

- * ROGO DA CONCELLEIRA, SRA. MARTÍNS VILANOVA, RELATIVA Ó NOMEAMENTO DE BARRIOS OU PARROQUIAS CO TOPÓNIMO CASTELÁN.

SRA. MARTÍNEZ VILANOVA: Un rogo no sentido de que de xeito reiterado chegan ós nosos oídos palabras como "Corujo" ou "Sayanes". Que a Alcaldesa lles facilite ós concelleiros que o precisen unha relación dos nomes correctos para que non se utilicen herdanzas do franquismo.

- * PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RELATIVAS A DIFERENTES TEMAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de outubro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula ase seguintes preguntas:

"En nome e representación do Grupo municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos plenos se teñen tomado por unanimidade, por isto sigo anunciándolle que en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis. Moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios. Nesta ocasión formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan coantestadas no próximo Pleno ordinario do mes de outubro do ano que andamos.

1.- Qué medidas tomou, ou cando as pensa tomar, para o cumprimento da moción aprobada en Pleno para dar sinal de cable "R" ós veciños de Vigo?

2.- Ten vostede intención de mellorar a seguridade vial do contorno do Colexio Público do Chouzo e da zona da Seara?

3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas do contorno da Estación de Autobuses, avda. de Madrid-Martínez Garrido-Gregorio Espino?

4.- Vostede coñece que no Concello existe a cesión polo Ministerio de Fomento dende o 22 de xuño do uso dos terreos do falso túnel da AP-9 de Candeán, o que permite xa adecentar e limpar toda a zona?

5ª.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos de inicio das obras solicitadas e dotadas de orzamentos da ponte do Pontillón?

6.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do lastro da rúa Valladolid-Sagunto, no centro do Calvario?

* ROGO DO CONCELLEIRO SR. CABALLERO MÍGUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO Ó FALECIMENTO DO JESUITA VIGUÉS DON MANUEL MAQUIEIRA.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Aproveito este momento de rogos para facer unha sinxela mención. No pasado mes de abril no Centro Social Caixanova fíxose unha exposición para recadar fondos para un proxecto dunha ONG, en concreto das tarefas que en Guatemala, en Ponte Belice, facía o xesuíta vigués Manolo Maquieira que durante máis de 20 anos elixiu ese camiño de solidariedade, estando alí formando nun contorno de conflitos, de mortes, de violencia xeralizada, ás novas xeracións de centroamericanos.

Cando saíamos dalí algúns dos presentes comentabamos que realmente ese era un exemplo dalguén que era Vigués Distinguido. O certo é que o pasado 8

deste mes finou o xesuita vigués Manolo Maquieira e non habera tempo xa de que a cidade de Vigo lle poida recoñecer o seu compromiso e as súas tarefas de disposición a ese mundo menos desenvolvemento.

Sinxelamente quería aproveitar esta oportunidade do Pleno para que quedase constancia na acta dalguen que elixiu ese camiño de permitir unha formación á xuventude e á mocidade nun contorno no que as "Maras", bandas xuvenís e violentas, poñen mortes, violencia, violacións e todo o peor que temos na sociedade.

Unha mención dende aquí cara á súa persoa como un Vigués Distinguido non recoñecido a tempo pola Corporación pero si penso que polo sentir de boa parte da cidade e posiblemente destes corporativos.

A PRESIDENCIA: Engadímonos.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e trinta e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.